

2015

INFORME XERAL DE ACTIVIDADE

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

XUNTA DE GALICIA

2015

INFORME XERAL DE ACTIVIDADE

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

XUNTA DE GALICIA
Presidencia
Santiago de Compostela
2016

2015



Os textos desta obra distribúense baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento - Compartir Igual, CC-by-sa 4.0

Vostede pode ler a licenza completa en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

As imaxes e ilustracións incluídas nesta obra son propiedade dos seus respectivos autores e inclúense só a título ilustrativo.

As marcas, logotipos e signos distintivos de calquera clase, relacionados coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia que figuran na obra, son propiedade da Xunta de Galicia e distribúense de forma particular segundo as especificacións propias establecidas pola normativa existente ao efecto:

<http://www.xunta.es/identidade-corporativa/introducion>

Autor

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)
Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia
Monte Gaiás s/n
15781 Santiago de Compostela

Edita

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Deseño e maquetación

WINDSOCK www.windsock.es

1. INTRODUCCIÓN 5

2. AMTEGA: A APOSTA POR UN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN TIC 6

No presente informe respectouse a numeración contida no contrato plurianual de xestión da Amtega, aprobado polo Consello da Xunta con data 27 de marzo de 2013

3. PRINCIPAIS LOGROS 2015 12

3.1. Principais actuacións 14

3.2. Mecanismos de eficiencia e aforro 25

4. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS DO ANO 2015 27

Obxectivo 1: Administración intelixente 28

- 1.1.- Modernización da Administración (administración electrónica) 28
- 1.2.- Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos e desenvolvemento de servizos para o empregado público 40
- 1.3.- Información xeográfica e urbanismo 43
- 1.4.- Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial 44
- 1.5.- Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental 46
- 1.6.- Desenvolvemento das TIC na Administración de xustiza en Galicia: Plan e-Xustiza 47
- 1.7.- Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar 54
- 1.8.- Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación 56
- 1.9.- Modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica no sistema educativo 57

Obxectivo 2: Administración eficiente 59

- 2.1.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura 59
- 2.3.- Interoperabilidade e homoxeneización de plataformas tecnolóxicas 65
- 2.4.- Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC 66
- 2.5.- Mellora da calidade dos servizos prestados 67
- 2.6.- Instauración de políticas de seguridade da información 69
- 2.7.- Impulso ao software libre 70

Obxectivo 3: Cidadanía dixital 74

- 3.1.- Transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, proxecto Abalar 74
- 3.3.-3.4.- Rede CeMIT e Voluntariado dixital (Plan de inclusión dixital) 76
- 3.5.- Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural 80
- 3.6.- Impulso á ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC 83
- 3.7.- Ordenación e impulso da presenza da Administración pública en Internet 85

Obxectivo 4: Transforma TIC 97

- 4.1.- Impulso do hipersector TIC 97

Obxectivo 5: Económico - IT 99

- 5.2.- Centro Público Demostrador TIC 99
- 5.3.- Smart Turismo 103
- 5.4.- Modernización do transporte público en Galicia 105
- 5.5.- Potenciar a xestión electrónica no sector agrogandeiro 106
- 5.6.- Impulsar a xestión integral dos recursos forestais 108
- 5.7.- Potenciar a plataforma de xestión de servizos para o sector da pesca e do mar 109

Obxectivo 6: InfraTeleCom 110

- 6.1.- Plan de banda larga 110
- 6.2.- Potenciación de Retegal como operador de vangarda 114
- 6.3.- Modernización das redes do sector público autonómico 115
- 6.4.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia 117

Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación 118

- 7.2.- Coordinación coas axendas dixitais locais e apoio ás alianzas estratéxicas 118
- 7.3.- Colaboración e acción coas entidades locais: 120
- 7.5.- Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia 123

5. INSTRUMENTOS DE COLABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO NORMATIVO 125

Convenios e acordos con departamentos da Administración pública galega 126

Convenios con outras Administracións e entidades públicas ou público-privadas 128

Convenios con federacións, asociacións e colexios profesionais 128

Encomendas 129

Desenvolvemento normativo 129

1

Introdución

O artigo 10 dos Estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobados polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, establece a obriga de someter á aprobación do Consello Reitor, nas datas que estableza a normativa aplicable, o informe xeral de actividade relativo ás funcións da Axencia e ao grao de cumprimento dos seus obxectivos durante o anterior exercicio.

Con este obxectivo, a presente memoria expón a actividade desenvolta durante o anterior exercicio e os principais logros acadados, así como o grao de cumprimento tanto do plan de acción 2015 como do contrato plurianual de xestión.

2

Amtega: a aposta por un modelo integral de xestión TIC

Durante 2015 a Axencia continuou avanzando nos obxectivos de mellora da eficiencia e redución do gasto tecnolóxico mediante unha xestión integrada das TIC baseada na centralización de compras e na aplicación de economías de escala.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) configúrase como axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia destinada a converterse na entidade única de xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións de carácter público a nivel autonómico.

A súa creación supuxo un xiro na orientación das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia, promovendo o desenvolvemento dunha **estratexia tecnolóxica única para Galicia**, aliñada coas directrices que establece o plan “Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador”, e **potenciando as sinerxías** entre os diferentes departamentos que a conforman. Neste contexto, **a Xunta de Galicia converteuse na primeira comunidade autónoma en establecer un modelo de xestión integral das TIC**.

Os obxectivos básicos aos que debe dar cumprimento a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia acadaranse mediante a prosecución dos seguintes obxectivos específicos:

1
Favorecer a prestación dun modelo de servizos flexible e o principio de responsabilización pola xestión

2
Optimizar o rendemento da entidade, demostrando que a austeridade non está rifada coa eficacia e a responsabilización por obxectivos

3
Promover a participación e colaboración do ámbito privado, tanto empresarial como de entidades que dan soporte á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico

4
Asegurar a posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliñar esforzos de todo o Goberno e a Administración da Comunidade Autónoma

Coa creación da Amtega logrouse unha **maior eficiencia na xestión** e unha **redución do gasto** ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de diferentes consellerías e entidades públicas baixo unha mesma dirección, reducindo e simplificando a estrutura da área tecnolóxica da Administración autonómica.

Contrato de xestión

O contrato de xestión establece o marco de relacións entre a Amtega e a Xunta de Galicia e sinala os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución dos obxectivos fixados.

A través do contrato de xestión regúlase a actividade da Amtega establecendo as diferentes actividades para o cumprimento da súa misión, o enfoque para a realización destas, e asignando os recursos económicos e humanos necesarios para acometelas.

Misión

A misión da Axencia é **servir de instrumento estratéxico e executivo para impulsar a modernización da Administración pública e contribuír ao desenvolvemento social e económico de Galicia**. Para avanzar cara a estes obxectivos, a Amtega traballará na definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico, sempre desde unha perspectiva de eficiencia e austeridade.

Visión

Converterse nun referente de boa xestión no ámbito das TIC, asumindo o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica que establece o uso intensivo da tecnoloxía para a modernización das administracións públicas, a sustentabilidade e mellora dos servizos públicos, o incremento da competitividade dos sectores produtivos e a redución da fenda dixital da Comunidade.

Obxectivos

A Axencia articula o seu modelo de actuación ao redor da consecución de 7 obxectivos estratéxicos aliñados coa Axenda Dixital de Galicia:

- 1. Administración intelixente:** chegar ao cidadán e á empresa servizos públicos dixitais avanzados que permitan mellorar a súa calidade de vida.
- 2. Administración eficiente:** aumentar a eficiencia e mellora na prestación de servizos dixitais fomentando a penetración das TIC e facilitando o acceso a elas.
- 3. Cidadanía dixital:** dotar a cidadanía de capacidades e recursos TIC para facilitar o acceso á Sociedade da Información.
- 4. Transforma TIC:** Fomento do sector TIC como impulsor do emprego e da competitividade do tecido produtivo de Galicia.
- 5. Economic-IT:** integrar o uso das novas tecnoloxías no tecido produtivo de Galicia para conseguir aumentar a súa competitividade.
- 6. Infratelecom:** implantar unha rede de infraestruturas moderna e avanzada que garanta a integración de Galicia na Sociedade da Información.
- 7. Medidas instrumentais de eficiencia e cooperación:** construír un modelo de xestión áxil e eficiente que simplifique as estruturas organizativas e que permita manter políticas de austeridade que deriven nunha redución de custo e nunha optimización de esforzos.

Funcións

De conformidade co establecido no Decreto 252/2011 polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, as principais **funcións e competencias da Amtega** resúmense nas seguintes:

- Dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de TIC.
- Impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outros órganos do sector público autonómico en todo o referente ás TIC, e á súa aplicación para a modernización, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- Elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.
- Definición dos estándares e directrices tecnolóxicas aos que deberían axustarse todos os órganos da Xunta de Galicia e o sector público autonómico.
- Promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- Deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa.
- Xestión e coordinación de instrumentos e actuacións de órganos con competencias TIC.
- Fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de TIC.
- Deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.
- Planificación e proposta da normativa en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- Impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.
- Definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e os servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.
- Dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- Planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- Fomento da innovación no ámbito das TIC en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- Participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Xunta de Galicia, en materia das TIC.
- E todas as demais que se deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

Beneficios para a cidadanía e as empresas

Mediante o desenvolvemento de novas políticas no ámbito da Sociedade da Información e as TIC preténdese converter Galicia nunha rexión con identidade propia, cohesionada social e territorialmente.

Estas políticas contribuirán, igualmente, á creación de emprego e ao crecemento económico sustentable mediante a creación dun novo modelo produtivo que:

1. Fomente e posibilite o traballo en rede.
2. Permita o acceso ao coñecemento, á participación activa de todos os axentes implicados na sociedade do coñecemento e á proxección da cultura galega no mundo.
3. Mellore a calidade de vida dos cidadáns e garanta a súa autonomía persoal universalizando a cultura dixital.

Entre os principais beneficios para a cidadanía e as empresas merecen destacarse os seguintes:

Maior proximidade ao cidadán e ás empresas dos servizos públicos dixitais avanzados

Facilitar á cidadanía o acceso á Sociedade da Información

Mellora da competitividade do tecido produtivo de Galicia mediante a incorporación de novas tecnoloxías

Simplificación de trámites e estruturas organizativas da Administración

Aumento da eficiencia na prestación de servizos dixitais fomentando as TIC e o acceso a estas

Impulsar o emprego e o tecido produtivo de Galicia mediante o fomento do sector TIC

Desenvolvemento dunha nova rede de infraestruturas moderna e avanzada


Redución de custos e optimización de esforzos

Órganos de goberno

A estrutura funcional da Amtega componse de catro áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta de Galicia baixo un **esquema de goberno composto pola Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección da Axencia** (órgano de goberno e executivo). Estes órganos están compostos polas seguintes personalidades:

PRESIDENCIA		
Alberto Núñez Feijoo		
CONSELLO REITOR		
Amtega	Nome	Cargo
Presidente	Alberto Núñez Feijoo	Presidente da Xunta de Galicia
Vicepresidente 1º	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vicepresidente 2ª	Valeriano Martínez García	Conselleiro de Facenda
Membro nato	Nome	Cargo
Amtega	María del Mar Pereira Álvarez	Directora da Amtega, que desempeña unha vogalía
Vogaís	Nome	Cargo
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 1º	Beatriz Cuiña Barja	Secretaría xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 2º	Juan José Martín Álvarez	Director xeral de Xustiza
Consellería de Facenda	Valeriano Martínez García	Conselleiro de Facenda
Vogal suplente 1º	M.ª Socorro Martín Hierro	Secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda
Vogal suplente 2º	Mauro Fernández Dabouza	Director xeral do CIXTEC
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Beatriz Mato Otero	Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Vogal suplente 1º	Mª Jesús Lorenzana Somoza	Secretaría xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Vogal suplente 2º	Mª Aránzazu Portabales Santomé	Vicesecretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Consellería de Infraestruturas e Vivenda	Ethel Mª Vázquez Mourelle	Conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Vogal suplente 1º	Joaquín Macho Canales	Secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda
Vogal suplente 2º	José Antonio Domínguez Varela	Vicesecretario xeral da C. de Infraestruturas e Vivenda
Consellería de Economía, Emprego e Industria	Francisco José Conde López	Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
Vogal suplente 1º	Borja Vereá Fraiz	Secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria
Vogal suplente 2º	Manuel Antonio Varela Rey	Director da Axencia Galega de Innovación
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Román Rodríguez González	Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 1º	Jesús Oitavén Barcala	Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 2º	Manuel Corredoira López	Director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
Consellería de Sanidade	Jesús Vázquez Almuíña	Conselleiro de Sanidade
Vogal suplente 1º	Josefina Monteagudo Romero	Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade
Vogal suplente 2º	Benigno Rosón Calvo	Subdirector xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información
Consellería de Política Social	José Manuel Rey Varela	Conselleiro de Política Social
Vogal suplente 1º	Francisco Javier Abad Pardo	Secretario xeral técnico da Consellería de Política Social
Vogal suplente 2º	Camilo Ríos Gestal	Vicesecretario xeral da Consellería de Política Social
Consellería do Medio Rural	Ángeles Vázquez Mejuto	Conselleira do Medio Rural
Vogal suplente 1º	Mª Carmen Bouso Montero	Secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural
Consellería do Mar	Rosa María Quintana Carballo	Conselleira do Mar
Vogal suplente 1º	Mª Isabel Concheiro Rodríguez-Segade	Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar
Vogal suplente 2º	Carlos Gómez Martínez	Vicesecretario xeral da Consellería do Mar
Secretaría Xeral da Presidencia	Manuel Galdo Pérez	Secretario xeral da Presidencia
DIRECCIÓN DA AXENCIA		
María del Mar Pereira Álvarez		

Estrutura organizativa da Axencia



Principais logros 2015

Neste exercicio aprobouse a Axenda Dixital de Galicia 2020 que mobilizará 1.500 millóns de euros para articular un modelo de crecemento vinculado á economía dixital. Avanzouse na consolidación da Administración electrónica coa entrada en funcionamento do Arquivo Electrónico administrativo, o arranque da dixitalización dos rexistros do sistema Chave365.

Aprobouse o Plan Senda 2020 para avanzar na modernización da Xustiza e co obxectivo principal de implantar de xeito efectivo o expediente xudicial electrónico en Galicia. O Plan Abalar duplicou o seu alcance beneficiando a 120.000 alumnos. Puxéronse en marcha novas medidas para integrar as TIC en áreas chave para a Comunidade a través do Plan Trabe para modernizar os servizos de Benestar, do Sistema de axuda a explotación no sector do transporte, ou do Plan Smart Turismo para incrementar a competitividade do sector. No ámbito das infraestruturas aprobouse o Plan de banda larga 2020 para posibilitar o acceso de todos os galegos a redes ultrarápidas e entrou en funcionamento a Rede Dixital de Emerxencias de Galicia. O Centro de Emprendemento Galicia Open Future, catalizador do talento TIC galego, celebrou a súa segunda convocatoria e impulsáronse as primeiras actuacións do Programa Transformativ.

No presente apartado expóñense os principais resultados acadados en cada un dos ámbitos de actuación da Amtega xunto cos principais aforros económicos conseguidos. Durante o presente exercicio avanzouse na consolidación das medidas previstas e aprobouse o novo plan de acción **Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte 2020**. A posta en marcha do arquivo electrónico administrativo supón un fito fundamental para acadar unha administración plenamente dixital. Acadáronse 1,8 millóns de consultas a través do nodo de interoperabilidade, con acceso a máis de 35 certificados. Consolidouse a transformación dixital da educación a través do Proxecto Abalar, que coas actuacións levadas a cabo beneficia a máis de 120.000 alumnos, e que supuxo a implantación dun **ensino completamente dixital** para máis de 6.000 alumnos de 104 centros.

Aprobouse o **II Plan de sistemas TIC para a administración de Xustiza: Senda 2020**, que se centrará na posta en marcha efectiva da administración xudicial electrónica, no expediente xudicial electrónico e na especialización nos sistemas de atención a cidadanía e a vítima.

Iniciouse a posta en funcionamento dun novo **Sistema para modernizar o transporte de viaxeiros** por estrada, que no seu proceso de selección empregou mecanismos de colaboración público-privada, e ao que se adheriron máis de 50 empresas do sector do transporte. Púxose en marcha o Plan Trabe co deseño, a construción e a regulación normativa da

Historial Social Única. Puxéronse en marcha sistemas integrais de xestión de ámbitos tan relevantes como o Medio Ambiente, o sector forestal ou a Política Agraria.

Incrementouse o número de beneficiarios da formación dixital gratuita nun 30 %, e traballouse na definición do Plan de Inclusión Dixital, cuxo obxectivo é acadar a plena alfabetización e capacitación dixital da poboación. Ademais, dende este ano, a Rede CeMIT facilita á cidadanía a obtención da certificación galega en competencias dixitalas en ofimática, mediante un mecanismo normalizado de certificación que dende a súa posta en marcha obtiveron 255 persoas.

Aprobouse o **Plan de Banda Larga 2020** para **asegurar o despregamento e adopción das novas redes de telecomunicacións ultrarrápidas** que constituirán as arterias da economía do futuro.

No 2015 todos os organismos do sector público autonómico vinculados ás emerxencias integráronse na nova Rede de Emerxencias Dixital de Galicia, que está aberta tamén aos concellos e entidades públicas da Comunidade.

En 2015 lanzouse a segunda convocatoria de **Galicia Open Future**, un centro de emprendemento TIC que ata o 2016 ofrecerá os seus recursos e ferramentas para o desenvolvemento de proxectos empresariais innovadores.

3.1. Principais actuacións



Modernización das administracións públicas



Impulso da Administración electrónica na Administración pública

Neste eido cómpre resaltar dous fitos que enmarcan as actuacións desenvolvidas:

- A aprobación do **“Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020”**, aprobado no Consello da Xunta celebrado o 19 de marzo de 2015. Este plan establece as liñas estratéxicas a abordar, durante o período 2015-2020, no eido do desenvolvemento da Administración electrónica e da xestión dixital no funcionamento da Administración pública galega.
- A finalización da execución do proxecto **“Arquivo dixital, conservación do patrimonio e eliminación de papel nas relacións administrativas”** (0607_ARPAD_1_E), da 3ª convocatoria do programa POCTEP. No marco deste proxecto aborouse, entre outras cuestións, a construción do **Arquivo dixital integrado**, que comprende tanto o eido do arquivo electrónico administrativo como o eido do arquivo electrónico patrimonial. Este arquivo electrónico é unha peza fundamental para acadar unha xestión electrónica efectiva na Administración pública galega.

De xeito máis detallado, cómpre destacar que a sede electrónica incrementou os procedementos accesibles electronicamente, **ata acadar os 1.074**, o que permitiu que se duplicase o uso deste servizo por parte de cidadáns e empresas. No 2015 os cidadáns realizaron máis de **62.000 presentacións na sede electrónica**.

A posta en marcha en setembro do 2015 do sistema Chave365 facilitoulles aos cidadáns o uso da sede electrónica eliminando barreiras tecnolóxicas. En decembro do 2015 estaban xa dados de alta **656 usuarios no sistema**.

O **nodo de interoperabilidade PasaXe!**, que dispón de máis de 35 servizos de intermediación, ademais de intermediación de datos coa Administración xeral do Estado, ofrece tamén certificados emitidos pola Xunta de Galicia, coma o de Discapacidade e o de Familia numerosa. No ano 2015 PasaXe! rexistrou máis de 1,8 millóns de consultas.

A implantación do **arquivo electrónico administrativo** no marco do Arquivo dixital integrado de Galicia permite a xestión de expedientes administrativos completamente electrónicos, e pon a Xunta de Galicia na mellor disposición para o cumprimento da nova normativa de procedemento administrativo, establecendo o marco e as ferramentas axeitadas para o tratamento de documentos electrónicos. 42 procedementos no ámbito industrial son xestionados de xeito completamente electrónico.

No ámbito interno continuouse co despregamento do **proxecto Kronos de identidade dixital corporativa**, alcanzando os 14.000 profesionais acreditados con sinatura **electrónica de empregado público**.

Mellorouse a funcionalidade do sistema de sinatura dixital, acadando no servizo corporativo de **portasinaturas** máis de 500.000 documentos asinados electronicamente.

A implantación de **tramitadores corporativos** integrados co arquivo electrónico administrativo permite avanzar na tramitación electrónica integral.

Avanzouse na tramitación electrónica integral dos **procedementos do eido de industria, comercio e turismo**.



Catálogo de portais e presenza en Internet. Patrimonio na Rede

Neste ámbito é de salientar a publicación do Decreto 74/2015, do 13 de maio, polo que se regula a organización da presenza en Internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio de nivel superior .gal (DOG nº 94), e elaboración dun plan de migración de dominios. Ao fin de 2015 xa 44 dominios quedaron no contexto .gal

En canto á evolución do sistema de soporte ao DOG, destaca a integración co Taboleiro Edictal Único, que entrou en vigor o 1 de xuño de 2015, dentro das previsións contidas na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Desenvolvemento do novo portal de consumo (consumo.xunta.gal).

E no eido da difusión e promoción da lingua galega a publicación do dicionario DIGALEGO, con 65.000 termos.

É especialmente salientable a construción **do arquivo electrónico patrimonial**, dentro do mencionado proxecto ARPAD, o cal establece un sistema de descrición arquivística para os arquivos dependentes da Xunta de Galicia. Trátase dun sistema de preservación; é fundamentalmente un sistema de recolección de fondos patrimoniais e difusión cara á cidadanía, o que inicia o camiño para acadar unha canle única de difusión do patrimonio cultural, que será a nova orientación de Galiciana. Estará á disposición da cidadanía en 2016.



Xestión do posto de traballo e atención aos usuarios

O Centro de Atención aos Usuarios da Administración pública recolleu no seu conxunto no ano 2015 **máis de 130.000 incidencias ou peticións**. Neste exercicio consolidouse o CAU periférico como vía de atención a centros de prestación de servizos da Administración situados fóra dos edificios administrativos principais, como a rede de centros de benestar, a rede de bibliotecas, os centros da comunidade galega no exterior, o persoal administrativo dos concellos de Galicia no ámbito do proxecto Eido Local ou o soporte técnico especializado ao 012.

Executouse o Plan de acción de xestión sostible de posto de traballo, que supuxo a posta en marcha da rede de videoconferencia, a renovación de máis de **7.100 postos de traballo dixitais** que aseguran os medios axeitados para a prestación efectiva dos servizos públicos dixitais nos diversos ámbitos de actuación da Administración pública galega, a consolidación dos sistemas corporativos de xestión e monitorización de posto de traballo, ou a posta en marcha dun novo sistema de help-desk baseado na ferramenta de código libre OTRS.





Modernización da Administración de Xustiza

Destaca neste eido a posta en marcha de procesos **de dotación de medios** coa renovación de sistemas de impresión mediante a modalidade de arrendamento e a extensión do sistema de gravación de vistas con sinatura dixital, acadando as 134 salas de sedes xudiciais.

En canto aos **sistemas de información de soporte ao procedemento xudicial**, destaca en 2015 a implantación masiva do sistema de comunicacións electrónicas LEXNET para a presentación telemática de demandas ou escritos de trámite por parte dos profesionais, en especial procuradores, avogados e graduados sociais. En conxunto **realizáronse máis de 4,95 millóns de comunicacións**.

É importante destacar a posta en marcha das principais liñas de actuación para a construción da Administración electrónica xudicial, no marco do convenio asinado entre o Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, para o desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza. Como resultado da execución deste convenio, resultaron os seguintes:

- Desenvolvemento do Repositorio unificado xudicial, visor do expediente xudicial, e sede electrónica da Administración de Xustiza.
- Sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción.
- Deseño do arquivo electrónico xudicial e Unidade de dixitalización e catalogación.



Proxectos en execución

No 2015 desenvolvéronse diferentes proxectos dos que xa se iniciou a posta en marcha ou se fará nos inicios do 2016.

- Desenvolvemento do **sistema de xestión bibliotecaria** da rede de bibliotecas públicas de Galicia e espazo en Internet da Rede de Bibliotecas. Desenvolvemento da renovación da presenza na web da rede de bibliotecas de Galicia.
- Posta en marcha do sistema RITGA para a xestión do repositorio de recursos turísticos de Galicia. Desenvolvemento do Turespazo como extranet para os hostaleiros do sector; sistema para o **rexistro e inspección de recursos turísticos**, así como a plataforma SmartCamiño (incluíndo novo portal do Xacobeo e app para os peregrinos).





Áreas tecnolóxicas sectoriais

No 2015 adicouse un grande esforzo ao desenvolvemento de novos sistemas de información en distintos ámbitos sectoriais. Estes desenvolvementos, xunto co mantemento e evolución dos sistemas de información existentes, e a consolidación dos proxectos estratéxicos concentraron a actividade principal da área.

Cabe destacar os seguintes proxectos debido á súa relevancia:



Introdución dun sistema de axuda á explotación da mobilidade no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia

No ámbito do transporte, no ano 2015, adxudicouse o proxecto do **Sistema de axuda á explotación da mobilidade de Galicia**, que permitirá por á **disposición da cidadanía toda a información** sobre o transporte de viaxeiros por estrada de Galicia, **fomentar o seu uso** e implementar mecanismos como o transporte á demanda. Con este proxecto trátase de modernizar o sector mediante ferramentas tecnolóxicas que melloren a xestión e eficiencia, e que permitan coñecer as necesidades da mobilidade dos viaxeiros en Galicia.

Durante o ano 2015 procedeuse tamén ao despregamento da plataforma software no Centro de proceso de datos integral da Xunta de Galicia, e iniciouse no mes de decembro a pilotaxe da solución cunha empresa.



Introdución das TIC na contorna educativa

No ámbito educativo dotáronse cun kit de aula dixital (portátil, encerado dixital, proxector e altosfalantes) **2.950 aulas de 680 centros** (todas as aulas de centros públicos entre 5º de primaria e 1º de ESO), e **dotación adicional doutras 1.000 unidades** para as aulas de 1º e 2º de bacharelato e aulas específicas. Tamén se dotou con puntos de conexión á rede **2.750 aulas de 475 centros, completando a dixitalización de todas as aulas públicas entre 5º de ed. primaria e bacharelato.**

Consolidouse a iniciativa de **educación dixital E-DIXGAL**, enmarcada dentro do propio Proxecto Abalar, e que supón a implantación dun **ensino completamente dixital para máis de 6.000 alumnos de 5º e 6º de primaria, e de 1º da ESO en 104 centros**, conectados á plataforma de contidos dixitais da Xunta. Esta contorna virtual de aprendizaxe (EVA/LMS) ofrece contidos curriculares dixitais e gratuítos, co conseguinte aforro para as familias e a Administración, e accesibles tamén sen necesidade de conectividade.

abalarMobil, a plataforma de comunicación entre os docentes e as familias, **experimentou un forte crecemento con 236 centros educativos** empregándoa como canle de comunicación entre as **65.000 familias con 88.000 estudantes e 10.200 docentes.**

Dentro do esforzo por mellorar a conectividade dos centros educativos neste 2015 **pasouse dunha velocidade media de 26,6 a 58 Mbps**, con **370 centros con velocidade de 100 ou 200 Mbps.**

A posta en marcha dun novo sistema de xestión do fondo de libros de texto permitiu que os centros repartisen **226.689 libros de texto a 49.802 solicitantes.**





Servizos Sociais

No ámbito dos servizos sociais destacan **as actuacións de desenvolvemento do Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica** dos Servizos Sociais de Galicia.

Neste 2015 realizáronse actuacións de **mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento** dos centros de benestar, especialmente de residencias de maiores e de persoas con discapacidade, así como **das estruturas de soporte e atención** aos centros, destacando a renovación practicamente total do equipamento do posto de traballo (>1.200 equipos).

Ademais, executáronse varias actuacións estratéxicas tidas en conta no Plan:

- Desenvolvemento da **Historia Social Única (HSU)**: creouse a infraestrutura técnica software necesaria para xestionar a HSU, implementouse o modelo conceptual do sistema, conectado con Tarxeta sanitaria e desenvolvéronse os mecanismos de consolidación da información de varios dos ámbitos afectados (dependencia, discapacidade, inclusión), xunto coa creación da primeira versión do frontal de acceso á mesma, estando en disposición de abordar en 2016 o plan de implantación desta primeira versión do sistema. Elaborouse a regulación normativa necesaria a través dun decreto que está en fase de tramitación.
- Desenvolvemento e posta en marcha do **sistema de información de xestión integral de menores**: esta actuación supuxo unha mellora significativa en canto á adecuación dos sistemas de información ás necesidades de xestión nos eidos de protección de menores, xustiza penal e adopcións, redundando nunha mellora da calidade da atención especialmente por parte dos equipos de menores da Consellería de Política Social.
- Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación de xestión do **proceso de admisión a Escolas Infantís e do programa de Cheque Infantil**: a posta en marcha dun sistema de información común para as dúas redes de escolas infantís que dependen da Xunta de Galicia, é dicir, das redes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Servizos Sociais, facilitou a aplicación de criterios homoxéneos de xestión e de atención da demanda, mellorando significativamente a coordinación entre as ambas redes e a eficiencia dos procesos de admisión.



Emprego

No ámbito do emprego a actuación máis relevante é o afianzamento da **app Mobem** (Mobilidade de Emprego), que permite realizar dende o móbil accións coma a renovación da demanda de emprego, a consulta de actividades de formación ou a xestión das citas de formación e orientación e a axenda do desempregado.

Mobem foi **descargada por preto de 13.000 cidadáns** que realizaron máis de **132.500 accesos**. No seu conxunto os servizos electrónicos foron utilizados por máis de **236.000 cidadáns**. Estas solucións supuxeron ao longo de 2014 **un aforro aos usuarios de preto de 550.000€**.





Evolución dos sistemas de información do ámbito agropecuario

No ámbito agropecuario, neste ano evolucionáronse os sistemas de información que constitúen o núcleo dos sistemas de xestión do sector agrogandeiro, como o **sistema integrado de xestión e control de axudas**, que xestiona na actualidade máis de 8,26 millóns de animais e máis de 735.000 movementos de reses; a **oficina agraria virtual**, canle de xestión electrónica dos procedementos neste ámbito, a través da cal se realizaron 773.000 peticións de servizos, entre os que se poden mencionar 438.000 altas por nacemento, 165.000 movementos de reses, 96.900 guías de veterinarios autorizados ou 29.000 duplicados de identificación (o 92 % mediante canle telemática e telefónica), destacando tamén a implementación de 14 novas funcionalidades ou melloras nos servizos prestados; o **sistema de xestión da solicitude de axuda única da PAC**, que tramitou máis de 35.000 solicitudes de axudas do sector primario, que deron lugar a expedientes que implicaron 1,4 millóns de recintos; así como controis de superficie en campo de máis de 122.000 recintos mediante o uso de tecnoloxías e dispositivos en mobilidade; o **sistema de xestión electrónica dos Laboratorios de Sanidade e Producción Animal**, que xestionou o 75 % do total tramitado polo laboratorio (incluíndo a xestión electrónica do 100 % das mostras das Asociacións de Defensa Sanitaria Galega – ADSG) ou a posta en marcha dun Sistema de Intelixencia de Negocio (BIGAN) no eido da ganadería.

Evolución dos sistemas de información do ámbito forestal e de incendios

No ámbito forestal evolucionáronse sistemas relevantes de apoio á xestión, como son o de **xestión de axudas do ámbito forestal** ou o de **comunicación electrónica de cortas de madeira privadas**. Mediante este último, comunicación de cortas privadas de madeira, tramitáronse 14.165 solicitudes neste ano. Traballouse activamente nun sistema que dea soporte á presentación e administración do Plan de Ordenación e Xestión Forestal, paradigma da mellora nos próximos anos na política e ordenamento forestal de Galicia, cunha primeira versión xa en funcionamento.

Tamén se puxo en marcha o **Rexistro de Empresas Forestais (RESFOR)**, que permite a comunicación telemática das altas e actualizacións neste Rexistro, integrado co Rexistro Industrial de Galicia.

No eido da prevención e extinción de incendios, préstase soporte ao dispositivo de extinción, con máis de 4.300 peticións

e actuacións de servizo atendidas. Os sistemas de información ad hoc dan soporte ao Plan de Defensa de Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), que permite a xestión en tempo real de máis de 5.700 recursos humanos, 30 medios aéreos e 370 medios terrestres (motobombas, vehículos...)

Así mesmo, de xeito telemático aténdense as **peticións de queimas de restollos**, das que se expediron 106.000 autorizacións a través da plataforma web, supoñendo máis da terceira parte do total tramitado. Este sistema complementase cun sistema automatizado de voz (IVR).

Cómpre salientar, ademais, os primeiros pasos para o emprego polo persoal de incendios da nova rede dixital de emerxencias de Galicia (TETRA).

Evolución dos sistemas de información do ámbito do mar

No ámbito do mar a evolución centrouse na **plataforma tecnolóxica da pesca (PTP)**, sistema que dá soporte no proceso de trazabilidade dos produtos do mar e na que se rexistraron máis de 3,4 millóns de notas de primeira venda de pesca fresca; así como na instalación de **24 novos terminais TICPESC**, o que eleva a 56 o número destes terminais actualmente operativos nas lonxas e portos de Galicia, e nos que en 2015 se tramitaron 48.720 documentos do sector (transporte, orixe, rexistro e alternancia de artes). Nestes terminais puxéronse en marcha dous pilotos en Bueu e Portonovo de integración automatizada de sistemas de pesada nos TICPESC.

O portal pescadegalicia.gal superou por primeira vez as 100.000 visitas (máis de 3,5 millóns de páxinas vistas). O portal deondesenon.xunta.es segue sendo a referencia da extensión de produtos de pesca desta marca; tamén se puxeron en marcha **apps nos mercados virtuais de difusión de distintas campañas de produtos do mar**.

No ámbito dos sistemas de xestión de titulacións pesqueiras o 2015 alumeou a posta en marcha da primeira fase do **Sistema integral de xestión das ensinanzas náutico-pesqueiras**.

A lonxa de Fisterra acubilla un novidoso **piloto de comercialización e poxa en liña**, actualmente en fase de avaliación de posible extensión a novos portos.



Novos sistemas de información

Especialmente relevante neste 2015 foi o esforzo realizado na modernización tecnolóxica de distintos ámbitos funcionais sectoriais a través do inicio do desenvolvemento de sistemas de información que permitan tanto unha comunicación máis sinxela entre os cidadáns e a Administración, como unha prestación máis eficiente dos servizos que a Administración proporciona nestes ámbitos:

- Plataforma galega de información ambiental (GAIA)
- Historia Social Única (HSU)
- Sistema de Información Integral de Menores
- Sistema de xestión do proceso de admisión de Escolas Infantís / programa de Cheque Infantil
- Sistema de información de xestión do rexistro de cooperativas
- Sistema de información para a apertura de centros de traballo
- Sistema de información de xestión do centro de novas tecnoloxías
- Sistema de información de xestión do ISSGA
- Sistema de xestión centralizada da admisión a ensinanza regradas (infantil, primaria e secundaria)
- Sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións
- Sistema de xestión do fondo de libros de texto en centros educativos
- Sistema de xestión das necesidades específicas de atención educativa
- Sistema de xestión da recollida de datos de convivencia en centros educativos
- Rexistro público de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi
- Sistema de información de xestión da extinción de incendios forestais
- Sistema de presentación e administración dos plans de ordenación e xestión forestal
- Sistema integrado de xestión das ensinanza e titulacións náuticas
- Sistema de xestión de indicadores do PDR 2015_2010
- Ferramenta de controis de campo
- Sistema de xestión contable do organismo pagador (SICOP)
- Sistema de xestión de pragas de sanidade e vitalidade forestal (SAVFOR)
- Portal de difusión e motor intelixente de guiado das axudas do novo PDR 2015_2020
- Sistema de información de apoio na xestión da concentración parcelaria (INFOCOP)



Sociedade Dixital

Neste exercicio destaca a aprobación e posta en marcha da **Axenda Dixital de Galicia 2020**, para impulsar un modelo de crecemento vinculado á economía dixital que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento. A nova estratexia tecnolóxica galega contou para a súa elaboración coa participación de representantes das principais empresas da Comunidade, do sector TIC, das institucións públicas e da sociedade civil.

Puxéronse en marcha as primeiras actuacións derivadas do Programa TransformaTIC, a estratexia única da Xunta e os axentes do sector TIC para mellorar o resultado efectivo sobre o desenvolvemento do sector en Galicia. Así, en 2015 asinouuse o **Convenio de Colaboración entre a Amtega e o Igape** para a coordinación de **actuacións de impulso á empresa dixital e industria 4.0**.

No marco do desenvolvemento do **Pacto dixital de Galicia** entre a Xunta de Galicia e o sector TIC para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia acadouse a consolidación do centro de emprendemento **“Galicia Open Future”**, e publicouse o **estudo sobre os factores influentes na elección de estudos tecnolóxicos** en Galicia.

Doutra banda, o **Centro Demostrador TIC** (CDTIC) consolidase como punto de encontro entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas doutros sectores produtivos, incorporando servizos novos coma un sistema virtual para probar aplicacións na nube ou retransmisións durante a descarga das actividades (streaming). Durante o ano 2015 o CDTIC acolleu preto de **100 actividades**. O CDTIC achegou **máis de 80 solucións tecnolóxicas de máis de 70 provedores**.

Ademais, co apoio do proxecto **STAMAR**, en 2015 o CDTIC consolidouse como un centro transnacional demostrador das capacidades e tecnoloxías aplicables ás empresas, permitindo mellorar a competitividade e a capacidade de innovación das pemes do sector marítimo e favorecendo a transferencia, especialmente con aquelas solucións tecnolóxicas que faciliten o desenvolvemento sostible co medio natural.

Ao abeiro do **Plan de Software Libre 2015** realizáronse arredor de **100 actuacións**, avanzando na difusión e fomento da utilización de tecnoloxías e ferramentas baseadas no software libre, dirixidas á cidadanía e ao sector empresarial. Ademais impartíronse máis de **31.000 horas** de formación en software libre a máis de **39.500 persoas**.

No ámbito da **ciudadanía dixital** leváronse a cabo numerosas iniciativas de inclusión dixital a través do programa de

Voluntariado dixital (18.000 persoas beneficiadas coa colaboración de máis de 460 persoas voluntarias) e a **Rede CeMIT** (98 aulas con presenza en 92 concellos, con máis de 52.700 usuarios).

A través da continuidade destes proxectos consolidados a Amtega centra os esforzos en camiñar cara a un modelo **universal e global**, apoiando os concellos sen aula CeMIT mediante a colaboración das persoas voluntarias, e os que contan con Aula CeMIT, dotando a 61 deles cunha subvención, recollida no **convenio de colaboración** entre a Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais a Fegamp para a realización de actividades de alfabetización e capacitación dixital. Ademais, a Rede continúa realizando a formación e avaliación dos contidos formativos do Plan formativo ofimático de Galicia, para a obtención da **certificación galega de competencias dixitais en ofimática**, emitindo 1.052 dende a súa posta en marcha en 2014.

No referente á cobertura de Internet, en 2015 rematou a última actuación do Plan de Banda Larga 2010 de extensión de Internet de cando menos 2 Mbps no ámbito rural de Galicia, coa posta en servizo dos novos emprazamentos construídos de tecnoloxía 3G.

Por outra banda, tendo en conta a rápida evolución das tecnoloxías, o crecemento exponencial do tráfico de banda larga e o aumento da demanda de servizos dixitais, o 1 de outubro de 2015 aprobouse en Consello de Xunta o **Plan de Banda Larga 2020**.

Trátase da estratexia do Goberno galego que se presenta como a folia de ruta a seguir para continuar evolucionando ata acadar os obxectivos establecidos pola Unión Europea no referente á extensión de redes de banda larga ultrarrápida: cobertura de banda larga de polo menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulso á contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100 Mbps.

Así mesmo, púxose en marcha o segundo desenvolvemento normativo previsto na Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia. Trátase do **Decreto** que regula a **incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da administración xeral** e o sector público autonómico de Galicia, permitindo así ofrecer uns servizos dixitais de calidade coas máximas garantías de seguridade e dispoñibilidade.



Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións



Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Durante o 2015 continuouse o proceso de consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica da Xunta co traslado de CPDs ao novo Centro de Procesos de Datos Integral (CPDi) e a consolidación de sistemas e plataformas, conseguindo **migrar o 60,42 % dos CPDs incluídos no proxecto**.

Finalizáronse tamén importantes actuacións destinadas á **Mellora da redundancia e capacidade no CPDi**, co fin de garantir a dispoñibilidade dos servizos críticos que se prestan (historia clínica electrónica, receita electrónica, servizos de administración electrónica, portais corporativos, Diario Oficial de Galicia...):

- Púxose en funcionamento un novo arrefriador, en paralelo co xa existente, para dotar de redundancia o sistema de climatización do CPDi, asegurando a dispoñibilidade dos servizos aloxados a plena carga ante a caída total dun dos arrefriadores.
- Substituíuse o grupo electrógeno existente por outro de maior potencia que sexa capaz de garantir a subministración eléctrica ao CPDi funcionando a plena carga ante caídas da rede eléctrica.
- Púxose en marcha a redundancia dos sistemas de control de alarmas do CPDi.
- Acondicionouse un espazo para a situación dos armarios ignífugos onde se almacenan as copias de seguridade.

A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada en anos anteriores permitiu manter a redución de entre un 25 % e un 30 % do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software.



Mellora de calidade dos servizos prestados

Consolidouse a liña de traballo para mellorar o **control da calidade** da documentación técnica xerada e o software desenvolvido na Amtega.

Leváronse a cabo **revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega**, especialmente da arquitectura técnica, **tramitándose 139 proxectos** en 2015.

É de destacar que **o volume de revisións incrementouse exponencialmente**, pasando de 119 etapas revisadas en 2014 polo procedemento de auditoría a **1.029 etapas**.

Tamén se incrementaron considerablemente as **revisións das publicacións de aplicacións**, sendo máis de **4.000** durante o ano 2015.



Instauración de políticas de seguridade da información

No ámbito da seguridade realizáronse tarefas de xestión e **supervisión da seguridade corporativa** da Xunta de Galicia e seguimento do **cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal**.

En materia de seguridade e cibervixilancia executáronse os concursos licitados o ano anterior para a dotación de equipamento de seguridade de rede que permitirá unha robusta protección fronte a ataques externos (antiDDoS, WAF, Correlación de logs, Firewalls de nova xeración).

Cómpre destacar tamén que durante o 2015 **realizáronse 355 tests de vulnerabilidades** en aplicacións para eliminar o risco de ataques.

En xuño aprobouse no Consello da Xunta de Galicia o **plan director de Seguridade TIC 2015-2020**.

Durante este ano **aproboouse a Política de Seguridade da Xunta de Galicia**, tanto pola Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico como polo Consello da Xunta (publicada no DOG en xullo).

Tamén aprobou a Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico a **organización de roles e responsabilidades en materia de seguridade da información** na Xunta de Galicia.

É de salientar, así mesmo, a **Mellora da xestión e monitorización de seguridade** do equipamento de seguridade de rede por parte dun grupo dedicado especificamente a ese labor.



Modernización das redes do sector público autonómico

A finais de 2015 asinou-se un convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación e a entidade pública empresarial Red.es para instalar **conexións de 100 megas en 839 centros educativos** ao longo de 2016 e 2017, e dotar estes centros dun acceso a wifi por cada 60 alumnos.

Durante 2015 continuaron a mellorarse as conexións dos distintos centros á rede corporativa, pasando dunha velocidade media **en 2014 de 39,73 Mbps** a unha velocidade media de **79,98 Mbps a finais de 2015**.

En decembro de 2014 formalizouse o novo contrato de telecomunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia, que ten como alcance o servizo de telecomunicacións de datos, telefonía fixa e telefonía móbil dos usuarios e centros da Xunta de Galicia, así como doutros centros aos que a Xunta de Galicia lles proporciona servizo.

Os servizos do novo contrato entraron en funcionamento en marzo de 2015, destacando as seguintes melloras:

- Duplicouse a velocidade media de acceso dos centros conectados á rede corporativa.
- Reducíronse en máis dun 60 % os custos de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % en telefonía fixa.
- Integráronse no novo contrato as redes de datos do CIXTEC e da CRTVG, eliminando duplicidades, cos seguintes aforros.
- Ampliouse a 10 Gbps a capacidade do acceso a Internet da rede corporativa.

As melloras máis destacables no 2015 no que se refire aos accesos de datos constitúen as seguintes fitas:

- **547 sedes melloraron a súa conexión** pasando a dispor de tecnoloxía Cablemodem a **200 Mbps** (235 centros educativos, 8 sedes xudiciais e outros centros) e outras 3 sedes pasaron a dispor de tecnoloxía Cablemodem a 100 Mbps.
- **656 sedes viron mellorado o seu acceso** á RCXG na súa conexión ADSL / VDSL (87 pasaron a estar cubertas por VDSL 30 Mbps, 55 con VDSL 25 Mbps, 385 con ADSL/VDSL 20 Mbps, 18 con VDSL 15 Mbps, 1 con VDSL 10 Mbps, e 110 con ADSL 8 ou 4 Mbps).

Durante o 2015 continuouse, así mesmo, o despregamento de cableame estruturado para a rede corporativa da Xunta de Galicia, realizándose importantes melloras na cableaxe de diferentes edificios administrativos, xulgados, centros de servizos sociais, bibliotecas, museos, e outros.

Renovouse a infraestrutura das redes wifi da Xunta de Galicia, mellorando a velocidade e funcionalidades da plataforma anterior e aumentando a cobertura en edificios administrativos.

Continuouse coa implantación, en 300 armarios de comunicacións dos xulgados e edificios administrativos, dun **sistema de control de acceso para incrementar a seguridade física dos equipos de comunicacións**. Este sistema permite establecer unha comunicación de voz e vídeo co centro de xestión de rede e a apertura do armario, tras unha identificación válida da persoa que pretende acceder ao seu interior, deixando rexistro desta acción.

Tamén se dotou dunha rede de comunicacións de backup GigabitEthernet entre os edificios da Xunta de Galicia que trasladaron os seus CPDs ao CPDI.



Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

Durante o 2015 realizáronse as probas de funcionamento e púxose en servizo a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

Esta rede integra nun mesmo sistema todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

No 2015 encomendouse a Retegal a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e adheríronse á rede a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Ademais, amosaron o seu interese formal en adherirse á Rede de emerxencias varios Consorcios para o Servizo contra Incendios e Salvamento e 26 concellos, entre eles Vigo, Ourense, A Estrada, Redondela, Carballo, Fene, etc.

Tamén durante o 2015 levouse a cabo a licitación e formalización de diversos contratos derivados do acordo marco de terminais tramitado en 2014, sendo o número total de terminais adquiridos a finais de 2015 polos distintos organismos da Xunta de Galicia a través destes contratos derivados de 5.316 terminais.

O número total de terminais dados de alta na Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia a 31 de decembro de 2015 é de 2.664 terminais.



3.2. Mecanismos de eficiencia e aforro

A Axencia foi capaz de consolidar importantes aforros e xerar eficiencias na xestión dos servizos e infraestrutura tecnolóxica. Estes aforros proveñen principalmente de:



Consolidación de contratos de infraestrutura e hardware

Redución de máis dun 25 % dos custos de mantemento e adquisición de sistemas e infraestruturas (1,2 millóns de aforro en 2015)

Mediante a agrupación de pedidos, o incremento do volume de compra e a optimización da xestión grazas á:

- Consolidación e homoxeneización de infraestruturas tecnolóxicas e de soporte.
- Evitación de duplicidades no gasto.
- Xeración de economías de escala por volume de pedido.



Consolidación de contratos de servizos

Aforro do 60,4 % en telefonía fixa, o que supuxo un aforro de 1,8 millóns de euros ao ano

Centralizando desde o ano 2011 o pagamento por consellerías dos centros que tiñan contrato co operador.

Aforro a partir de 2015 de 12 millóns de euros en 3 anos en servizos de telecomunicacións

Grazas á adxudicación do novo concurso de telecomunicacións a finais do 2014, onde se consolidan múltiples contratos de telecomunicación, e grazas ás economías de escala estase a reducir en máis dun 60 % os custos de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % adicional en telefonía fixa.



Consolidación de contratos de software

De forma xeral mantense nun 30 % o custo de adquisición e mantemento de licenzas acadado en anos anteriores. Especificamente merecen mención os seguintes logros:

Aforro dun 50 % en licenzas de software de servidor, backoffice e escritorio de produtos de Microsoft cunha redución media anual de 1,7 millóns de euros con respecto ao 2010, e unha redución media anual de 0,4 millóns de euros con respecto a 2012

Mediante un contrato corporativo asinado en decembro de 2013 que dá cobertura a diferentes produtos do fabricante de software (software de servidor, backoffice e escritorio).

Empregando economías de escala e apostando polo software libre, substituindo de forma progresiva a suite de ofimática por LibreOffice (software libre).

Aforro dun 35 % en ferramentas de xestión de bases de datos e servidores de aplicacións, o que supón unha redución de 1 millón de euros a 4 anos con respecto a 2012

Asinando en 2012 un novo contrato corporativo de licenzas de BBDD e a unificación de contratos.

Aforro estimado en 2015 de 1,7 millóns de euros de mantemento e soporte en software baseado en software libre

Mantendo as iniciativas de impulso ao uso de software libre iniciadas con anterioridade.

Aforros de ata un 50 % na ferramenta de virtualización

Grazas á migración da ferramenta de virtualización a unha plataforma baseada en software libre (Red Hat).



Optimización da estrutura e economías de escala

Aforro estimado de 37 millóns de euros en 10 anos na Rede Dixital de Emerxencias de Galicia

Desenvolvemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, maximizando o uso das infraestruturas existentes no canto do uso de redes comerciais.

A solución inclúe aplicacións e funcionalidades estendidas, tanto de voz como de datos, entre as que destaca o servizo TEDS (a máis moderna de España), que permite a transmisión de datos en redes de emerxencia a alta velocidade.

Mediante a súa consolidación nun CPD conseguiuase un incremento adicional do aforro.

Redución dun 20 % no consumo enerxético

- Mediante o peche de corredores de aire, logrando un aforro enerxético de entre o **10 e o 12 %**.
- Incrementando en 5 graos a temperatura do CPD, grazas a que as novas máquinas están preparadas para traballar a pleno rendemento a temperaturas de ata 27° centígrados.
- Free Cooling, o que supón un aforro de entre o **7 % e o 15 %** na factura enerxética.



4

Programa de actuacións do ano 2015

A Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada o 30 de abril de 2015, impulsará un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas ás áreas de desenvolvemento.

A Amtega é o organismo encargado da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das TIC e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. No contexto dos seus obxectivos estratéxicos, as actuacións e actividades realizadas pola Amtega están enteiramente relacionadas co desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e a integración das TIC en todos os ámbitos da sociedade.

En concreto, como unha das súas principais funcións, a Axencia ten encomendada a definición e impulso da Axenda Dixital de Galicia, que se constitúe como principal instrumento da Xunta de Galicia para dar resposta á súa estratexia global no ámbito das novas tecnoloxías.

Neste contexto, unha vez rematado o período de vixencia de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, no ano 2015 Galicia atopábase nun momento de transformación das políticas tecnolóxicas.

Así, tomando como base os logros tecnolóxicos acadados nos últimos anos, os cambios económico-sociais e as novas tendencias tecnolóxicas xorde a Axenda Dixital de Galicia 2020.

A través do impulso da Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada no Consello da Xunta o 30 de abril de 2015, a Amtega procurará converter o escenario dixital que nos rodea no motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, solidaria e inclusiva, e á transparencia e participación cidadá.

Ademais, a Amtega tamén é a encargada da posta en marcha de gran parte dos programas e iniciativas integrados na ADG 2020.

A continuación, preséntanse todos os proxectos e programas postos en marcha pola Axencia ao longo do ano 2015, organizados segundo os obxectivos estratéxicos que figuran no contrato plurianual de xestión.





Obxectivo 1: Administración intelixente



1.1.- Modernización da Administración (administración electrónica)

Ao longo de 2015 impulsáronse os proxectos estratéxicos para a transformación e simplificación da actividade administrativa e da relación cos cidadáns mediante unha serie de actuacións de consolidación e evolución dos sistemas existentes:

- A **sede electrónica** incorporou o **sistema Chave365** para facilitarlles aos cidadáns o uso da canle electrónica sen barreiras tecnolóxicas, e incrementou o número de procedementos que se poden iniciar electronicamente ata máis de mil.
- Revisáronse máis de 1.000 procedementos, ou novas convocatorias de procedementos, para a súa simplificación e xestión electrónica, reducindo o número de documentos solicitados a cidadáns e empresas, e permitindo substituír a achega de documentación polas consultas entre administracións.
- Acadáronse os 35 certificados dispoñibles no **nodo de interoperabilidade PasaXe!**, incluíndo os dous primeiros certificados da Xunta de Galicia no nodo interoperabilidade PasaXe! que se poñen tamén á disposición da AGE e das restantes comunidades autónomas do Estado, a través da plataforma de intermediación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Inicio do proceso de dixitalización da documentación de entrada en dúas oficinas de rexistro e adquisición do equipamento necesario para a implantación paulatina do proceso de dixitalización no resto das oficinas do Sistema único de rexistro.
- Evolución da guía de procedementos e servizos para a unificación da información obtida polas distintas unidades participantes na tramitación electrónica dos procedementos e dos documentos nunha única ferramenta: o inventario de información administrativa.
- Posta en marcha da **notificación electrónica** a avogados e procuradores no marco da xestión do procedemento de xestión de asistencia xurídica gratuíta.

- Posta en marcha do **arquivo electrónico administrativo** xestionando os documentos electrónicos xerados desde os distintos sistemas de tramitación nun arquivo unificado.

Por último, durante o 2015 asináronse os primeiros acordos entre a Amtega e as unidades responsables dos datos para permitir a posta en marcha dos servizos de interoperabilidade ofrecidos pola Xunta de Galicia. Estes acordos recollen as obrigas e responsabilidades de cada parte na prestación do servizo.

No eido da difusión e divulgación das iniciativas e proxectos desenvolvidos, continuouse coa aposta pola intranet como punto central de difusión e comunicación, ampliando a oferta de contidos de cada proxecto e incluíndo vídeos e outro material divulgativo especificamente deseñado para ofrecer a todos os empregados públicos a información axeitada para o coñecemento e uso dos sistemas.

1.1.1.- Evolución da sede electrónica da Xunta de Galicia

Co obxecto de mellorar a usabilidade, servizos e fomento do uso dos servizos electrónicos, leváronse a cabo catro liñas de traballo especialmente salientables no marco da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).

- Posta en marcha do **sistema Chave365** que permite o acceso e a sinatura sen necesidade de certificados electrónicos.

No mes de setembro de 2015 púxose en funcionamento o sistema Chave365 que lles permite aos cidadáns acceder aos servizos electrónicos de xeito sinxelo, eliminando barreiras tecnolóxicas.

O cidadán pode solicitar o uso do sistema de claves concertadas Chave365 desde a sede electrónica da Xunta de Galicia ou nas oficinas de rexistro habilitadas para ese efecto. A finais de 2015 hai xa unha oficina habilitada en cada unha das principais cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol.


O sistema Chave365 é un servizo transversal que permitirá progresivamente aos cidadáns acceder a todos os

servizos electrónicos da Xunta de Galicia cunha identificación común. O proxecto ePaciente do Sistema Galego de Saúde está tamén a utilizar Chave365 como sistema de identificación para os pacientes que participan no proxecto.

En decembro do 2015 estaban xa dados de alta 656 usuarios no sistema, e o 1,85 % das presentacións electrónicas en sede utilizaban este sistema de identificación e sinatura.


- Ampliación dos tipos de **certificados electrónicos admitidos**. En cumprimento do establecido pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, modificando á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos “As Administracións públicas deberán admitir todos os certificados recoñecidos incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación” (TSL) establecidos en España, publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Energía y Turismo.” No 2015 realizáronse as adaptacións da sede electrónica da Xunta de Galicia para permitir aos cidadáns o uso de calquera destes certificados.
- No eido do desenvolvemento de novos servizos, levouse a cabo en 2015 o desenvolvemento tecnolóxico do sistema de **autoservizo de certificados** emitidos pola sede. En concreto, os certificados de familia numerosa e discapacidade. A posta á disposición da cidadanía farase en 2016, tras a publicación da resolución do inicio da prestación do servizo.
- **292 novos procedementos** dispoñen da posibilidade de presentación en sede electrónica, e habilitouse tamén nas novas convocatorias de procedementos que xa dispoñían dela. A finais de 2015, **1.074 procedementos** poden iniciarse electronicamente, o que supón o **70,84 %** dos procedementos da guía de procedementos e servizos. Así, conséguese consolidar a sede electrónica como canle de acceso de referencia aos servizos públicos dixitais.
- O impulso na oferta de servizos tivo tamén a súa contrapartida no lado da demanda. Ao longo de 2015 **iniciáronse un total de 62.808 expedientes** de forma electrónica mediante esta canle, o que supón máis do dobre dos iniciados no 2014.

Evolución dos procedementos con presentación en sede



- O impulso na oferta de servizos tivo tamén a súa contrapartida no lado da demanda. Ao longo de 2015 iniciáronse un total de 62.808 expedientes de forma electrónica mediante esta canle, o que supón máis do dobre dos iniciados no 2014.

Evolución presentacións na sede electrónica



1.1.2.- Sistema único de rexistro

En 2015 abóndouse un proceso de **optimización, mellora e validación do proceso de dixitalización en oficinas de rexistro**. Para iso abórdáronse procesos de dixitalización de documentación en dúas oficinas de rexistro co obxecto de contrastar o correcto funcionamento das ferramentas e dos procedementos de traballo necesarios para levar a cabo a eliminación do papel.

A conversión de documentación en papel en documentación electrónica supón un importante cambio no fluxo dos documentos que ata o de agora se viñan trasladando en papel desde a oficina de rexistro onde se producía a entrada ata as unidades xestoras destinatarias, pasando en moitas ocasións por oficinas de rexistro intermedias.

No novo contexto de dixitalización da documentación recibida, os documentos pasan a estar dispoñibles para as unidades destinatarias de xeito inmediato.

En 2015 abóndouse:

- No marco do proxecto ARPAD, abóndouse a integración do Sistema único de rexistro co Arquivo electrónico administrativo, como punto de arquivo único dos expedientes, que estarán dispoñibles para as unidades xestoras dos procedementos e para o resto de unidades que interveñan na tramitación destes.

- Desenvolveuse a ferramenta para permitirles ás unidades destinatarias o manexo da documentación electrónica, que lles permita consultar os documentos recibidos, xestionalos e clasificalos. Esta ferramenta implantárase paulatinamente a partir do segundo trimestre de 2016. Así mesmo, os documentos xerados nunha unidade administrativa que se dirixan a outra unidade poderán facelo de xeito integramente electrónico.

A finais de 2015, forman parte do **Sistema único de rexistro**:

- » 173 oficinas de rexistro da Xunta.
- » 342 oficinas concertadas (Portelo).
- » 17 rexistros operativos internos.
- » 1 rexistro electrónico.

O indicador de uso en canto a rexistros de entrada é o seguinte:

	2013	2014	2015
TOTAL MOVEMENTOS ENTRADA	2.068.286	2.029.302	1.914.716
REXISTROS PRESENCIAIS	1.227.723	1.153.060	1.179.323
REXISTRO ELECTRÓNICO	840.563	876.242	735.393
% DE ENTRADAS ELECTRÓNICAS EN RELACIÓN CO TOTAL	41 %	43 %	38 %



1.1.3.- Habilitación de procedimientos administrativos

- Revisouse un total de 935 procedementos, e **emitíronse 368 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos** (o 100 % dos solicitados), tal e como dispón a Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos. Destaca a inclusión na sede electrónica de máis de 200 procedementos de prazo aberto das extintas Consellerías de Medio Rural e Mar, de Traballo e Benestar e de Economía e Industria:
 - » Orde do 22 de abril de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar
 - » Orde do 31 de xullo de 2015 pola que se adaptan e se incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Traballo e Benestar
 - » Orde do 22 de outubro de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Economía, Emprego e Industria
- No proceso de revisión das ditas normas púxose especial foco en impulsar a interoperabilidade e reducir as cargas administrativas dos cidadáns mediante a eliminación de documentos ou posibilidade de substitución dos mesmos por consultas de interoperabilidade en PasaXe!.

1.1.4.- Sistemas de tramitación de procedementos

- En 2015 impulsouse a validación do **sistema de tramitación corporativo W@nda**. Nel tramitáronse 6.636 expedientes correspondentes principalmente aos procedementos de **prestación por fillo menor a cargo e de certificación galega en competencias dixitais**.

Xunto con esta primeira validación, abordouse unha nova fase de desenvolvemento que permitirá en 2016 acadar un importante incremento no uso:

- » Partindo da arquitectura orixinal (W@nda inclúese na liña de reutilización de sistemas de outras administracións, sendo orixinario da Junta de Andalucía) abordouse o **aliñamento coa arquitectura corporativa da Xunta de Galicia**.
 - » Finalizouse a integración do sistema con elementos fundamentais para completar a tramitación electrónica extremo a extremo: sede electrónica, carpeta do cidadán, portasinaturas, PasaXe!, arquivo electrónico administrativo.
 - » No marco da **integración co arquivo electrónico administrativo** desenvóléronse 26 procedementos deseñados para permitir a tramitación electrónica integral dos procedementos xerando expedientes completamente electrónicos. Estes procedementos empezarán a tramitarse electronicamente ao longo do 2016. Na dixitalización destes procedementos establecéronse modelos xenéricos que permiten a homoxeneización dos fluxos de tramitación de procedementos de tipoloxías similares e facilitan a incorporación de novos procedementos á plataforma.
- Ademais dos labores de instalación e adaptación do novo sistema de tramitación de procedementos, en 2015 realizáronse os correspondentes labores de soporte e mantemento continuado aos sistemas dispoñibles actualmente, entre os que destacan SXPA e as 70 aplicacións complementarias. Así como a análise de **transición dende SXPA aos novos sistemas de tramitación electrónica corporativa**. Elaborouse un inventario exhaustivo dos procedementos que actualmente xestiona a plataforma co obxecto de deseñar o modelo de transición axeitado para cada procedemento.
 - Neste ámbito inclúese tamén o **sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notific@**. Incorporouse a opción de notificación electrónica en 77 procedementos a través do sistema Notific@, destacando a notificación electrónica a avogados e procuradores no marco da xestión do procedemento de asistencia xurídica gratuíta. No 2015 realizáronse 4.184 notificacións electrónicas.


1.1.5.- Sinatura dixital

En 2015 incrementouse o uso da sinatura electrónica, acadando **567.356**.

Así mesmo, fomentouse o uso da **sala de sinaturas**, para a sinatura múltiple con entidades ou persoas alleas á Administración pública autonómica (convenios, contratos...). Asináronse na sala de sinaturas 582 documentos.

É de destacar o incremento dos sistemas de xestión ou tramitación que se integran coa plataforma de sinatura dixital.

Documentos asinados



Indícase a continuación a relación de sistemas integrados coa plataforma de sinatura dixital.


Número de documentos asinados por aplicación



1.1.6.- Nodo de interoperabilidade PasaXe!

O Nodo de interoperabilidade PasaXe! constitúese como unha plataforma tecnolóxica e organizativa de intercambio de datos e documentos entre diferentes administracións públicas (estatal, autonómica, local), orientado a facer efectivo o dereito do cidadán de non achegar datos e documentos que obren xa en poder de calquera Administración pública e mellorar a eficiencia na xestión administrativa.

PasaXe! púxose en marcha en 2014, pero en 2015 incrementouse de xeito notable o seu uso, pasando de 189.608 consultas en 2014 ata acadar máis de 1,8 millóns en 2015.



O **catálogo de servizos de interoperabilidade** estaba composto, a finais de 2015, por 35 servizos de interoperabilidade, tanto da Administración xeral do Estado como da Administración pública autonómica de Galicia, que se indican a continuación.


CEDENTE	SERVIZO
DIRECCIÓN XERAL DA POLICÍA (DXP)	Consulta de datos de identidade
	Verificación de datos de identidade de persoas físicas (soamente para integración con aplicacións)
INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA (INE)	Consulta de datos de residencia
	Consulta de datos de residencia con data de última variación padroal
	Verificación de residencia de ámbito (soamente para integración con aplicacións)
DIRECCIÓN XERAL DE CATASTRO	Datos catastrais
	Consulta de bens inmobles
	Certificación de titularidade
	Obtención de descritiva e gráfica de inmobles
TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (TXSS)	Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
	Alta na Seguridade Social a data concreta
INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL	Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade
SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL	Situación actual de desemprego
	Importes de prestación de desemprego percibidos na data actual
	Importes de prestación de desemprego percibidos nun período
	Estar inscrito como demandante de emprego na data actual
	Estar inscrito como demandante de emprego nunha data concreta
MINISTERIO DE XUSTIZA	Consulta de defunción
	Consulta de matrimonio
	Consulta de nacemento
AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT)	Certificado da renda (IRPF)
	Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a solicitude de axudas e subvencións
	Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
	Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a obtención de licenzas de transporte
	Certificado de domicilio fiscal
	Imposto de actividades económicas (IAE)
	Validación de NIF de persoas xurídicas
	Nivel de renda
	Título de familia numerosa autonómico
	Certificado de discapacidade
MINISTERIO DE EDUCACIÓN	Verificación de títulos oficiais universitarios
	Verificación de títulos oficiais non universitarios
IMSERO	Consulta de grao e nivel de dependencia
AXENCIA TRIBUTARIA NAVARRA	Consulta de datos sobre Imposto de actividades económicas de Navarra
MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras
MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E COOPERACIÓN	Consulta de sinaturas para a legalización diplomática de documentos públicos estranxeiros

Cómpre salientar que, desde xullo de 2015, **a Xunta de Galicia ofrece ao resto de Administracións públicas**, ademais de ás propias unidades da Administración autonómica, a información sobre os certificados de discapacidade e os títulos de familia numerosa, sempre que o requiran no marco da tramitación dun expediente da súa competencia e coas garantías de seguridade necesarias.

En 2015 realizáronse **1.846.514 consultas nos servizos de interoperabilidade**. O 91 % delas realizáronse mediante consultas automatizadas dende sistemas de tramitación, e o 9 % restante ao portal de consulta de PasaXe!.

Estas consultas **permitiron mellorar a xestión**: axilizar a tramitación de expedientes, mellorar os tempos de xestión, incrementar a eficacia administrativa e previr a fraude.

Consultas nos servizos de interoperabilidade



Dende o ámbito dos procedementos e sistemas consumidores de servizo, destacan os 3 seguintes:

PROCEDEMENTO	Nº DE CONSULTAS AUTOMATIZADAS
BS210A - Recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia	731.466
ED330F - Axudas para a adquisición de material escolar	409.793
ED330D - Fondo solidario de libros de texto	356.172

E os 3 servizos máis consumidos:

SERVIZO	Nº DE CONSULTAS
Certificado de defunción	693.160
Certificado da renda	530.205
Consulta de datos de identidade	474.852

PasaXe! é unha ferramenta á disposición das entidades locais galegas. En 2015 realizouse unha experiencia piloto de uso na Deputación da Coruña e dous concellos da provincia: Abegondo e A Laracha.

1.1.7.- Esquema nacional de interoperabilidade. Inventario de información administrativa

Abordouse o deseño e inicio de execución da posta en marcha do **Inventario de información administrativa (IIA)**. O IIA xestionará a información sobre procedementos administrativos e servizos que presta a Xunta de Galicia de forma clasificada e estruturada, con indicación do seu nivel de información. Así mesmo, o inventario manterá unha relación actualizada de órganos administrativos e oficinas de rexistro e atención ao cidadán, e as súas relacións entre eles, conforme aos termos que establece o ENI. En concreto:

- Está **integrado co Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas (DIR3)** da Administración xeral do Estado para manter de éxito corresponsable a información de unidades orgánicas, oficinas de Rexistro e unidades de xestión económica orzamentarias. O Directorio utilízase como fonte común de información para moitas aplicacións; entre os usos máis destacados están:
 - » o intercambio de información de facturas entre os puntos xerais de entrada de facturas da Administración xeral do Estado e a Administración autonómica
 - » o intercambio de asentos rexistrais
 - » o envío de anuncios ao taboleiro de edictos do BOE
- A información do directorio ten unha gran relevancia no correcto funcionamento dos sistemas de Administración electrónica, polo que a actualización da información do directorio esixe dunha análise coidadosa e rigurosa para garantir o intercambio de información entre Administracións. Durante 2015 a Amtega encargouse de actualizar a información do directorio, manténdoo permanentemente actualizado, e incorporando todos os cambios derivados dos cambios de estrutura orgánica que tiveron lugar na Administración autonómica.

- Na actualidade están rexistradas no IIA 2.364 unidades, das que as 923 que son de interese para outras administracións públicas ou entidades se comunicaron tamén ao Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas (DIR3).

	IIA	DIR3
Unidades orgánicas	1.555	237
Oficinas de Información e Rexistro	197	74
Unidades de Xestión Económico Orzamentaria	612	612
TOTAL	2.364	923

- Estará **integrado co Inventario de información administrativo nacional**, denominado Sistema de información administrativa (SIA), co obxectivo de facilitar a interoperabilidade e dar cumprimento ao disposto no artigo 9 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.
- Será o único **punto onde se manterá a relación de procedementos e tipos de documentos**, e é onde se incorporarán os resultados do **proceso de análise documental**. No 2015 entrou en funcionamento o sistema coa carga da información de 200 procedementos e do resultado da análise documental destes, permitindo a posta en marcha do Arquivo electrónico administrativo e unificando por primeira vez a visión da xestión documental do Arquivo de Galicia coa visión das unidades tramitadoras dos procedementos. **O IIA é unha peza fundamental na implantación efectiva do Arquivo electrónico administrativo.**

1.1.8.- Arquivo electrónico administrativo

No 2015 desenvolveuse o **Arquivo electrónico administrativo** no marco do proxecto da creación do Arquivo dixital integrado de Galicia, e en estreita colaboración coa S.X. de Arquivos. A construción e posta en marcha deste sistema resolve unha necesidade fundamental para a consolidación da tramitación e xestión electrónica na Administración pública galega, xa que se establece como o **sistema único e integrador da xestión dos documentos e expedientes electrónicos**. O Arquivo electrónico administrativo integra as necesidades da xestión administrativa e da xestión arquivística. Está configurado polos seguintes elementos salientables:

- Sistema de almacenamento e xestión de documentos baseado no xestor documental Alfresco.
- Servizos de integración cos sistemas de xestión ou tramitación que serán as principais orixes dos documentos.
- Sistema para a revisión do Arquivo electrónico administrativo, dende o ámbito arquivístico. Coa finalidade de garantir a correcta aplicación dos criterios documentais e metadatos.
- Sistema para a incorporación de documentos dixitalizados ao Arquivo incorporando todos os elementos para garantir que as copias electrónicas dos documentos en papel teñen a mesma validez xurídica e todas as características precisas para a súa xestión e conservación ao longo do tempo.

Este desenvolvemento acompáñase da definición dunha metodoloxía para a definición de series documentais e a súa aplicación á tramitación administrativa, de xeito tal que sexa transparente para o xestor do procedemento.

Para a posta en marcha realizouse:

- A análise das series documentais xeradas en máis de 200 procedementos administrativos para permitir a súa incorporación ordenada ao Arquivo electrónico administrativo.
- Adaptación dos seguintes sistemas corporativos para almacenar no Arquivo electrónico administrativo a documentación electrónica que manexan:
 - » A sede electrónica
 - » O tramitador W@nda
 - » O Rexistro único empresarial
 - » O portasinaturas electrónico
 - » O Sistema único de rexistro

1.1.9.- Aliñamento coas iniciativas do MINHAP

A Conferencia Sectorial da Administración Pública é o órgano para o impulso de actuacións e proxectos comúns cuxo obxecto sexa a cooperación e a mellora da calidade na prestación de servizos públicos entre a Administración xeral do Estado e as Administracións das comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

O **Comité Sectorial de Administración Electrónica** (CSAE-CCAA) é un órgano técnico dependente da Conferencia Sectorial de Administración Pública para a cooperación da Administración xeral do Estado, das Administracións das comunidades autónomas e das entidades que integran a Administración local en materia de administración electrónica. Dentro do Comité Sectorial establécense grupos de traballo técnicos para compartir experiencias e boas prácticas e para a realización de proxectos en colaboración.

A Amtega forma parte do CSAE-CCAA e participa nos grupos de traballo técnicos, en particular ten representación nos seguintes grupos relacionados coa implantación da Administración electrónica:

- Identidade dixital
- Interoperabilidade
- Documento, Expediente e Arquivos electrónicos
- Observatorios

Neste marco de colaboración a Amtega vén desenvolvendo distintas actuacións para o aliñamento dos proxectos da Administración autonómica coas iniciativas do MINHAP, avanzando na necesaria **coordinación entre Administracións públicas para o desenvolvemento da Administración electrónica**.

Durante o 2015 deuse continuidade á integración da plataforma PasaXe! coa plataforma de intermediación do Ministerio, integrouse de xeito efectivo o Inventario de Información Administrativa de Galicia co Directorio de Unidades Orgánicas e Oficinas, DIR3 e avanzouse na integración do Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia co Sistema de interconexión de rexistros (SIR) do MINHAP ata acadar o 80 % no avance dos traballos de certificación.

1.1.10.- Cadro de mando

No 2015 púxose en marcha unha liña de actuación orientada a avanzar nos **sistemas de análise corporativa**, que de xeito homoxéneo permitan avanzar na xestión analítica de información da Administración pública coa finalidade de mellorar a información dispoñible para a toma de decisións, e facilitar a avaliación das políticas públicas. Dun xeito técnica e metodoloxicamente ordenado.

Para a posta en marcha desta infraestrutura e liña de traballo abordáronse as seguintes actuacións:

- Posta en marcha da **infraestrutura tecnolóxica** e desenvolvemento dos procedementos de traballo: Modelo analítico, procesos de ETL.
- Construción do **portal de acceso á información**. Permite o acceso a:
 - » Cadros de mando con información agregada dos indicadores ou desagregada en distintas dimensións, que permiten analizar o estado da situación nos distintos ámbitos e a súa evolución ao longo do tempo.
 - » Informes predefinidos con maior nivel de detalle
 - » Unha ferramenta de análise libre para obter informes específicos para usuarios avanzados.
- Construción das primeiras versións de **3 cadros de mando corporativos** de diferentes temáticas:
 - » Cadro de mando de Administración electrónica
 - » Cadro de mando de Asistencia xurídica gratuíta
 - » Cadro de mando de xestión de persoal e control horario.

3 cadros de mando con máis de 80 indicadores coa información de máis de 10 fontes diferentes de información.

Ao longo de 2016 abordárase a difusión desta iniciativa e a ampliación dos ámbitos de análise.

1.1.11.- Sistemas de soporte á actividade institucional

Durante o 2015 continuouse co mantemento e evolución de diversos sistemas de soporte á actividade institucional:

- Xestión documental das Comisións de Secretarios e Consello da Xunta.
- Relacións parlamentarias, no que se establece unha taxonomía de clasificación das iniciativas.
- Publicación de convenios.

1.1.12.- Sistemas para a xestión interna da Administración pública

Durante o 2015 continuouse co mantemento e evolución de diversos sistemas para a xestión interna da Administración pública:

- Sistema de xestión de gabinetes.
- Parque móbil.
- Xestión de habilitados.

1.1.13.- Sistemas para os ámbitos da Presidencia e Vicepresidencia

Durante o 2015 continuouse co mantemento e evolución de diversos sistemas de ámbito sectorial. Destacan os seguintes:

- Sistema de xestión para a tramitación dos procedementos de rexistro e autorización das actividades de **xogo e apostas deportivas**, no que se aborda durante o 2015 a adaptación continuada de diversos aspectos segundo o Decreto 147/2013 e outra normativa de aplicación.
- Sistemas de información para a xestión da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia:
 - » Mantemento do sistema de **seguimento de procedementos consultivos**.
 - » Finalización e inicio da implantación da migración tecnolóxica e funcional do **sistema de seguimento de preitos**.
- Sistema de xestión da AGASP.
- Sistemas da S.X. de Emigración. Mantemento da plataforma GaliciaAberta.com e posta en marcha do sistema para a xestión do **Rexistro de galeguidade**.
- Sistema de xestión de **riscos laborais**.

1.1.14.- Medidas instrumentais

Para a posta en marcha dunha Administración intelixente é necesario establecer un conxunto de medidas instrumentais que permitan definir e implantar as liñas de actuación para a modernización da nosa Administración.

A continuación resúmese o avance realizado no 2015 nestas medidas instrumentais.

- Presentación do II Plan de Modernización: O **Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020**.

No 2015 aprobouse o Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, en adiante PAGD, enmarcado na Axenda Dixital de Galicia 2020. Ten como obxectivos: garantir a consolidación dos avances acadados no plan anterior; impulsar o uso da Administración electrónica polos cidadáns; materializar en accións específicas os principios e estratexias dos contextos europeos e estatais; e desenvolver os desafíos propostos na Axenda Dixital para Galicia e impulsar as estratexias do goberno galego. O PAGD estrutúrase en 11 eixes de actuación:

- a. Tramitación electrónica integral
- b. Administración na rede. Catálogo de portais
- c. Empregados/as do sector público no contexto dixital
- d. Administracións públicas cohesionadas
- e. Administración do cidadán
- f. Administración na rede. Goberno aberto
- g. Goberno da información e xeración de coñecemento
- h. Reutilización de datos públicos. Catálogo de datos abertos
- i. Gobernanza tecnolóxica. Usabilidade e calidade
- j. Coordinación e base normativa
- k. Adaptación ao cambio e estímulo da demanda

- No marco da **Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico**, realizouse a coordinación da Subcomisión de interoperabilidade e Administración electrónica, e da Subcomisión de presenza en Internet e goberno aberto.

1.1.15.- Plan de formación en tecnoloxías da información e comunicacións para persoal da Xunta de Galicia

Executouse un plan de formación no ámbito TIC para o ano 2015, tanto nunha perspectiva xeral cara aos diferentes colectivos da Administración autonómica de Galicia, coma de xeito específico ao propio persoal informático da Administración. Esta actividade coordinouse e executouse en estreita colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e grazas a diferentes convenios de colaboración, contando coa colaboración doutras entidades con competencias en materia de formación.

- No ámbito da formación para implantación de novos sistemas de **administración electrónica** ofrecéronse un total de 130 horas de formación repartidas en 5 accións formativas, en temáticas coma uso das ferramentas transversais de Administración electrónica na Xunta de Galicia, ou sobre o arquivo electrónico e o expediente electrónico.
- No ámbito da **seguridade dos sistemas de información** ofrecéronse 350 horas de formación repartidas en 14 accións formativas, abordando temáticas coma a seguridade informática básica, a protección de datos de carácter persoal ou as implicacións derivadas do Esquema nacional de seguridade.
- Xa no ámbito da **formación específica TIC** desenvolveéronse un total de 170 horas de formación repartidas en 5 accións formativas, abordando temáticas de carácter técnico coma a administración remota do posto de traballo corporativo, Plataformas SOA (arquitectura orientada a servizos) na Xunta de Galicia, ou cursos de boas prácticas baseadas en ITIL.
- Curso de **administración electrónica e arquivo electrónico administrativo**, curso superior de 114 horas de formación enmarcada dentro do proxecto “Arquivo dixital, conservación do patrimonio e eliminación de papel nas relacións administrativas” (0607_ARPAD_1_E), da 3ª convocatoria do programa POCTEP.

No ámbito de competencias en materia de **ofimática**, orientadas á posterior obtención do Certificado en Competencias Dixitais CODIX, ofrecéronse 2.304 horas de formación repartidas en 92 accións formativas. Cabe destacar a progresiva e maioritaria orientación desta formación cara a ferramentas baseadas en software libre. Adicionalmente, e acompañando a posta en marcha en diferentes unidades dos sistema de tramitación electrónica, **xestionáronse 84 horas de formación** vinculadas a implantación de sistemas de tramitación electrónica (Aires, W@nda, PasaXe!, Chave365...).

Respecto á emisión posterior de certificados en Competencias Dixitais CODIX, cómpre destacar no 2015 a incorporación deste procedemento á sede electrónica da Xunta de Galicia, posibilitando así a tramitación integramente electrónica da solicitude e emisión desta certificación, así como a súa xestión interna a través da ferramenta W@nda. Neste sentido tramitáronse xa no 2015 un total de **631 certificacións CODIX a través deste novo sistema**, axilizando os trámites e reducindo sensiblemente os prazos de emisión do CODIX.

1.1.16.- Ademais...

Licitouse o **servizo de acreditación dixital**. Como resultado do proceso de contratación pública produciuse un cambio no provedor de servizos de acreditación dixital. Para abordar este cambio estableceuse un plan de traballo que incluíu a adaptación dos procesos de acreditación dixital e mais a coordinación coa totalidade das entidades usuarias deste contrato: Xunta de Galicia, Administración pública autonómica e entidades locais galegas.



1.2.- Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos e desenvolvemento de servizos para o empregado público

Con este obxectivo preténdese alcanzar un sistema integrado para a xestión dos recursos humanos e o desenvolvemento de servizos para o empregado público.

A unificación da xestión dos recursos humanos nun único sistema ofrece vantaxes claras como a posibilidade de obter unha visión global e unificada dos empregados, mellorar e homoxeneizar os procesos de xestión facilitando a súa aplicación, simplificar os fluxos de información entre as distintas unidades responsables da xestión de persoal, incrementar a transparencia e reutilizar os desenvolvementos tecnolóxicos. Esta xestión unificada supón tamén un incremento da complexidade dos sistemas que teñen que ter en conta as particularidades de cada colectivo, as distintas regulacións que lle son de aplicación e as casuísticas específicas das múltiples tipoloxías de traballador.

O sistema integrado para a xestión dos recursos humanos está formado por un conxunto de ferramentas que se articulan ao redor dun conxunto común de información. Estas ferramentas están orientadas a distintos grupos de usuarios:

- Usuarios da Dirección Xeral de Función Pública
- Usuarios das unidades responsables da xestión de persoal nas consellerías e organismos
- Responsables de unidades administrativas: subdirectores, xefes de servizo...
- Empregados públicos

1.2.1.- Sistema de xestión de recursos humanos

Durante 2015 realizáronse os labores precisos para a adaptación e evolución continuada do sistema de xestión de recursos humanos, dando resposta ás demandas da Dirección Xeral da Función Pública, dos servizos e unidades de persoal das Consellerías e organismos, e dos empregados públicos. Realizáronse actuacións de mantemento e evolución continuada nos distintos compoñentes que conforman o sistema integrado de xestión de recursos humanos da Xunta de Galicia: Sistema de xestión de RRHH; Portal do empregado público; Acreditación dixital; Control horario. Salientamos os seguintes aspectos:

- **Flexibilidade e teletraballo:** No relativo a este tema destacan os seguintes aspectos:
 - » Modificación do procedemento de xestión de solicitudes de flexibilidade e teletraballo para permitir recoller toda a información precisa do estado da tramitación.
 - » Creación de informes específicos sobre o estado da implantación efectiva da flexibilidade e o teletraballo.
 - » Análise preliminar dos requisitos do módulo de xestión de teletraballo para facilitar as tarefas de supervisión e control por obxectivos establecidos na normativa.
- **Tramitación das solicitudes de permisos, licenzas e vacacións:** En 2015 abordouse:
 - » Implantación da xestión electrónica integral das solicitudes de permisos, licenzas e vacacións na extinta Consellería de Economía e Industria e na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
 - » Adaptación do sistema para permitir a configuración de distintos fluxos de autorización segundo a tipoloxía de permiso e a unidade administrativa na que se implante.

No 2015 tramitáronse polo procedemento electrónico 9.987 solicitudes.

CONSELLERÍA	TOTAL 2015
FACENDA	847
ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	1.331
MEDIO RURAL	2
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN	4.682
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	3.025
TOTAL	9.887

Entre os **beneficios acadados** con este procedemento destacan a eliminación do papel, a simplificación da tramitación e a trazabilidade da situación da solicitude, así como a integración directa no sistema de xestión de recursos humanos permitindo dispor da xestión automatizada dos cadros de ausencias.

Sistema de seguimento de persoal para os responsables de unidades (Morfeo): O módulo Morfeo permite a consulta dos cadros de ausencias, a autorización de permisos, licenzas e vacacións e o acceso aos informes de control horario. Deste xeito os xefes de servizo, subdirectores ou outros responsables dos distintos departamentos dispoñen dunha ferramenta que facilita as súas tarefas relacionadas coa xestión do persoal da súa unidade.

Morfeo estase a utilizar actualmente na Amtega, na Dirección Xeral de Función Pública, na Consellería de Sanidade, na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e nas unidades que antes tiñan dependencia da extinta Consellería de Economía e Industria.

Durante o 2015 implantouse Morfeo conxuntamente coa tramitación electrónica de solicitudes de permisos, licenzas e vacacións, aínda que a maioría de utilidades do sistema pódense utilizar de xeito independente.

- **Listas de contratación:** Realizouse a análise do impacto das modificacións previstas na normativa das listas de contratación temporal e das adaptacións que deben levarse a cabo nos distintos sistemas.
- **Consolidación e mellora da calidade da información:** A unificación no sistema integrado de xestión de recursos humanos de múltiples procesos e trámites e de distintos colectivos permite ademais consolidar a información dos distintos sistemas e mellorar a calidade desta. No 2015 analizáronse distintos aspectos precisos para avanzar neste eido.

1.2.2.- Expediente dixital do empregado público

No marco do deseño do **expediente dixital do empregado público**, e en liña coa actividade 1.1.8.- Arquivo electrónico administrativo, analizáronse as series documentais relacionadas con 67 procedementos de xestión de persoal funcionario.

O obxecto desta análise é a integración futura dos expedientes dos empregados públicos no Arquivo electrónico administrativo.

A análise abórdase dende a perspectiva de integración nun único modelo do persoal dependente da DX de Función Pública e o do persoal do ámbito da Dirección Xeral de Xustiza.

1.2.3.- Acreditación do empregado público

Durante 2015 emítese 1.581 novas tarxetas de acreditación dixital do empregado público. A situación a decembro de 2015 era a seguinte:

ÁMBITO	Nº PERSOAL ACREDITADO	% SOBRE O TOTAL
ADMINISTRACIÓN XERAL	11.247	66,73
ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	2.860	100,00
TOTAL	14.107	71,55

Debe terse en conta que na previsión relativa á administración xeral da Xunta de Galicia non se inclúe persoal docente e de institucións sanitarias, estimando unha cifra global de 16.245 empregados públicos.

- **Renovación de certificados dixitais:** Os certificados dixitais de emprego público teñen unha vixencia de 3 anos, polo que en 2014 puxéronse en marcha os procedementos de renovación dos certificados. A Amtega dispón de 5 Puntos de Acreditación Dixital (PAD) nas Delegacións Territoriais e nos Servizos centrais para a renovación dos certificados.

Debe garantirse o mantemento continuado e renovación da acreditación dixital dos máis de 14.000 traballadores acreditados. Durante 2015 renováronse máis de 4.500 certificados.

1.2.4.- Fichaxe en posto de traballo

Continúa a implantación do sistema de fichaxe nos distintos centros administrativos.

- Implantación do sistema de fichaxe en posto de traballo nas **localizacións administrativas dos ámbitos urbanos**: Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas que os traballadores están xestionados no sistema único de xestión de recursos humanos.
- No 2015 abordouse, en colaboración coa Consellería de Política Social, unha **experiencia piloto nun centro de benestar para a recollida de fichaxes de persoal en postos non administrativos**. Para levar a cabo este piloto foi preciso realizar adaptacións no sistema de fichaxe para adaptalo á casuística específica destes centros. Así, adaptouse o sistema para o seu uso en pantallas táctiles, e para a recollida de fichaxes en quendas de noite. O obxecto deste piloto é validar se permite a confección do informe de pagamentos por nocturnidade.





1.3.- Información xeográfica e urbanismo

A información xeográfica móstrase cada vez máis relevante en todos os procesos de planificación e xestión da Administración pública. Este programa está orientado a dar o soporte tecnolóxico ao proceso de coordinación da información xeográfica da Xunta de Galicia durante todo o seu ciclo de vida, dende a produción ata a promoción e reutilización da información por parte doutros sectores.

O tratamento desta información require de tecnoloxías específicas tanto para o tratamento como para o almacenamento e a difusión desta información, facéndoa accesible para os cidadáns.

1.3.1.- Sistema de información xeográfica (SIX) corporativo

Definición e implantación da arquitectura SIX corporativa: Xunto co Instituto de Estudos do Territorio (IET), coordínase a implantación, consolidación e difusión do sistema corporativo de información xeográfica.

- Durante 2015 consolidouse a infraestrutura corporativa mellorando a dispoñibilidade e a accesibilidade da información e os tempos de resposta.
- Abordouse a migración tecnolóxica dos servizos de información xeográfica á versión ArcGis 10.3. e ao novo dominio ideg.xunta.gal, no que actualmente hai 61 servizos.
- Mantemento do espazo da intranet da “plataforma SIX corporativa”, para a difusión do proxecto, dos procedementos e guías de traballo.

1.3.2.- Portal de difusión de cartografía e servizos

O portal mapas.xunta.es concibiuse como punto de entrada único aos distintos recursos de información xeográfica dispoñibles.

Durante 2015 dotouse o portal dunha interface mellorada para as descargas de información, que unido a unha reorganización da información realizada polo Instituto de Estudos do Territorio permite aos cidadáns obter información e reutilizala.

A Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG) integra todos os datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público, os cales están dispoñibles mediante este xeoportal.





1.4.- Impulso da relación telemática co sector empresarial, comercial e industrial

O sector empresarial, comercial e industrial é un dos ámbitos obxectivo para a consolidación da administración electrónica na súa relación coa Administración pública, no relativo á tramitación de axudas, a aplicación da directiva de servizos ou a consolidación dos rexistros creados no ámbito de competencia da Administración pública. O obxectivo deste programa é a simplificación dos procedementos administrativos vinculados á actividade empresarial e industrial para a redución das cargas administrativas en relación coa Xunta de Galicia e a extensión da sede electrónica cara a un modelo de portelo único empresarial que facilite ás empresas a relación coa Administración pública.

De xeito específico deben salientarse os seguintes ámbitos:

1.4.1.- Sistema de información de rexistros industriais e comerciais

Durante o 2015 abordouse a converxencia do sistema do rexistro galego de comercio e rexistro industrial nun sistema único, **Rexistro único empresarial (RUE)**, que constitúe o xerme dun sistema único de información de rexistros das empresas de actividade industrial, empresarial e comercial que operan na Comunidade Autónoma de Galicia.

O sistema de información permite a xestión de diferentes rexistros mediante unha base de datos común e actualizada, así coma a inscrición nun só trámite no rexistro empresarial e no sectorial correspondente.

Entre as actuacións do 2015 pódense destacar:

- **Incorporación de datos de sistemas de tramitación herdados.** Finalizouse o proceso de migración da información desde os sistemas SERIE, XIRA, SRI, RESFOR ao novo sistema, consolidando a información existente.
- **Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión.** Adaptación do formulario de presentación para a carga automatizada de datos desde a aplicación de xestión utilizada polos instaladores.
- **Incorporación de ferramentas de tramitación interna.** Incorporáronse no sistema de tramitación os 42 procedementos de Industria e Medio Rural, o que permite unha tramitación integral dos procedementos, destacando a posibilidade de revisión da documentación achegada polos cidadáns, a xeración de documentos a partir de modelos normalizados, a sinatura electrónica de

documentos a través do portasinaturas e a configuración dos asinantes dende a aplicación. Toda a documentación xerada polo sistema intégrase no Arquivo electrónico administrativo para a xestión dos expedientes electrónicos xerados. Igualmente inclúe 6 procedementos do rexistro de comercio.

- **Módulo de xestión de taxas integrado coa sede electrónica e a pasarela de pagamentos do CIXTEC.** Desenvolvemento do módulo de xestión de taxas, que permite ampliar as posibilidades ao realizar os pagamentos, incluíndo o pagamento sen necesidade de dispoñer de certificado electrónico. Este módulo permite ademais ás unidades xestoras responsables dos procedementos configurar e realizar o seguimento dos pagamentos: anular un pagamento, definir tipos de pagamento por procedemento, definir fórmulas de pagamento, etc.
- **Formación interna.** Formación ao persoal da Consellería no uso do sistema, tanto en Santiago como nas xefaturas territoriais.
- **Formación e divulgación ao sector.** Sesión formativa ás asociacións do sector sobre o funcionamento da aplicación co sistema de claves concertadas e o sistema de pagamento de taxas sen certificado dixital.

Ademais, para dar unha resposta eficaz ao colectivo de usuarios durante todo o ano mantívose un grupo especializado e dedicado ao soporte dos usuarios no uso da canle electrónica, integrado no CAU periférico.

1.4.2.- Sistemas para a xestión e relación co consumidor

Finalizouse o desenvolvemento do **portal de consumo**, espazo web do Instituto Galego de Consumo. Publicarase baixo o dominio <http://consumo.xunta.gal>

Ten como obxectivo mellorar a información e comunicación co consumidor, facendo especial fincapé na información relativa ás reclamacións do consumidor.

A data de presentación pública será en 2016.



1.4.3.- Ecosistema da presenza en Internet

Evolución da presenza da Consellería en Internet. Creación do espazo **Doing Business**, plataforma de colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a redución das cargas administrativas ás empresas. <http://ceei.xunta.gal/doingbusiness>



1.4.4.- Ademais...

- No marco do proxecto do tramitador corporativo W@ndA desenvóléronse na ferramenta as adaptacións necesarias para a xestión de **15 procedementos da Consellería de Economía e Industria**, que se porán en marcha en 2016. Isto permitirá que a tramitación destes procedementos quede recollida nun contexto de **tramitación electrónica extremo a extremo**, por estaren integrados na sede electrónica o rexistro electrónico, a plataforma de interoperabilidade, o arquivo electrónico administrativo e o portasinaturas electrónico.
- No marco do establecido na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos, a Amtega participou, xunto coa D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa, na valoración funcional e tecnolóxica das normas e na elaboración de formularios de 97 procedementos da extinta Consellería de Economía e Industria ao longo do ano. Como resultado disto publicouse a Orde do 22 de outubro de 2015 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Economía, Emprego e Industria. É de destacar a **incorporación de 51 procedementos á sede electrónica** que previamente non tiñan a posibilidade de presentación electrónica.



1.5.- Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental

1.5.1.- Mantemento e evolución dos sistemas de información de residuos de Galicia

No mes de outubro o **sistema de información de residuos de Galicia (SIRGA)** deixou de empregarse como ferramenta para a xestión de traslados de residuos, sendo substituído polo módulo eResiduos da plataforma GAIA.

1.5.2.- Mantemento e evolución do sistema de información ambiental

Nos sistemas de información ambiental que permiten a xestión de procedementos nos ámbitos da coordinación e avaliación ambiental, é necesario que estes sistemas se atopen operativos e adaptados aos requisitos legais e procedementais, polo que se realizaron as adaptacións necesarias no **Sistema de autodiagnóstico ambiental de residuos (AAR)** para a convocatoria 2015, no **Rexistro GAlego De Emisións (REGADE)** e no **Sistema de inspección ambiental**.

1.5.3.- Mantemento e evolución do sistema de información de calidade do aire e Meteogalicia

Realizouse o mantemento da **aplicación móbil de Meteogalicia**, que acadou 120.000 descargas e que está dispoñible para dispositivos iOS, Android, Windows Phone e Blackberry.

1.5.4.- Desenvolvemento da plataforma galega de información ambiental (GAIA)

No ano 2015 púxose en marcha a plataforma galega de información ambiental (GAIA), concretamente os módulos de eEmpresas e eResiduos.

O módulo eEmpresas implantouse no mes de marzo e permite a xestión de empresas con obrigas en materia medioambiental e dos seus centros de traballo, instalacións, representantes legais, etc. Este módulo dispón de información relativa a 64.000 empresas e 80.000 centros de traballo.

No mes de outubro púxose en marcha o módulo eResiduos, que substitúe a aplicación SIRGA. Este módulo permite a tramitación telemática das notificacións e traslados de residuos. No ano 2015 realizáronse con eResiduos 32.000 traslados de residuos perigosos e 27.000 traslados de non perigosos.

O módulo eTramitación que permite a iniciación telemática dos procedementos de comunicación e autorización atópase pendente de publicar no contorno de produción.





1.6.- Desenvolvemento das TIC na Administración de xustiza en Galicia: Plan e-Xustiza

Este plan busca promover o uso das TIC na tramitación xudicial. As actuacións aquí indicadas englábanse no Plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia.

Durante o 2015 as seguintes cuestións enmarcaron as liñas de actuación desenvolvidas:

- A entrada en vigor da “Ley 42/2015, de 5 de outubro, de reforma de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil”, que establece a obrigatoriedade de comunicación electrónica cos operadores xurídicos.
- A continuidade na execución do convenio asinado entre o Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, de colaboración para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de **servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza**.

1.6.1.- Sistemas de xestión procesual

Durante o ano 2015 mantívose a actualización continuada e de xeito aliñado co Ministerio de Justicia ou co Consejo del Poder Judicial dos sistemas troncais da Administración de Xustiza.

- Destacan en 2015 as actuacións no **sistema de xestión procesual Minerva**, no que se actualizaron **4 versións** para a adecuación continuada á lexislación vixente, e renovación da infraestrutura de base tecnolóxica.
- Continuouse co aliñamento continuado do **sistema de xestión da fiscalía, Fortuny**, no que é de salientar a preparación da migración tecnolóxica que se desenvolveu no sistema.
- Neste eido cómpre destacar tamén que, coa finalidade de mellorar a calidade da información procesual, dende 2012 véñse levando a cabo unha actividade continuada de colaboración cos órganos xudiciais nos procesos masivos de regularización de asuntos en Minerva. No ano 2015 regularizáronse un total de 189.976 asuntos e, desde a posta en marcha da medida, un total de 625.504.

1.6.2.- Evolución dos sistemas para a xestión

Nos restantes ámbitos vinculados coa Administración de Xustiza desenvolvéronse actuacións de mantemento nos sistemas do Imelga, asistencia xurídica gratuíta, xestión de persoal, etc. Destacan os seguintes aspectos:

- No caso do **Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)**:
 - » De forma coordinada coa Consellería de Sanidade, habilitouse o acceso seguro do persoal forense do IMELGA ao sistema de historia clínica.
 - » No sistema de xestión, SIMELGA, abordáronse melloras relativas ao módulo de informes clínicos de valoración de lesións, na xestión da cargas de traballo e no módulo de estatísticas da aplicación.
- No caso da **asistencia xurídica gratuíta (AXG)**, púxose en marcha a integración co sistema de notificacións electrónicas Notific@. Realizáronse **máis de 4.000 notificacións electrónicas**.

1.6.3.- Medios en posto de traballo

Os equipos vinculados a posto de traballo xestionados no eido da Administración de Xustiza en Galicia **acadan os 3.822 ordenadores persoais e 896 impresoras de rede**, non incluíndose nesta cifra as impresoras persoais.

- Dentro do proceso de renovación continuada de equipamento, durante o ano 2015 adquiríronse **102 novos portátiles e 290 ordenadores de sobremesa** que serán destinados ás oficinas de rexistro e reparto e aos perfís que comecen a utilizar as novas solucións desenvolvidas no marco do plan durante o primeiro trimestre do 2016, e 10 equipos Mini-PCs xa mencionados, destinados á visualización do expediente xudicial electrónico na sala de vistas por parte da fiscalía da provincia de Pontevedra.
- Por outra banda iniciouse o **proceso de renovación da maqueta base dos postos de traballo da Administración de Xustiza en Galicia**, condicionada polas aplicacións de xestión utilizadas.
- En 2015 o Ministerio de Justicia informa de que deixa de dar **servizo de correo electrónico** ao persoal funcionario da Administración de Xustiza nas comunidades coa xestión de medios transferidas. Abórdase a posta en marcha dunha plataforma de correo electrónico para a Administración de Xustiza en Galicia, **@xustiza.gal**,

baseada en SWL, que entra a funcionar en xaneiro de 2016. Creáronse **3.467** contas de correo.


- Continuou en funcionamento o **modelo de arrendamento de impresión**, que permite unha máis eficiente xestión neste eido. En cada órgano xudicial hai polo menos un equipo nesta modalidade de xestión.
- En canto aos **sistemas de videoconferencia** durante 2015, subministráronse **7 novos equipos** destinados a Lalín, Marín, Padrón, os novos xulgados de Ourense (dous), Santiago e os Xulgados da Coruña que, sumados aos 55 equipos fixos e móbiles xa dispoñibles, permiten contar con este servizo nas fiscalías e nas salas de vista de todos os partidos xudiciais con 3 ou máis órganos e na maior parte dos de 2 órganos. Na Administración de Xustiza en Galicia leváronse a cabo no último ano **máis de 4.400 videoconferencias**.

1.6.4.- Sistema de gravación de vistas orais. Sistema eFidelius

No marco da “Segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha de servizos dixitais no ámbito da Administración de Xustiza”, continúaase co proceso de renovación do equipamento en salas de vistas, e implantación do sistema eFidelius. A situación a finais do 2015, en canto á dotación de equipos de gravación de vistas orais, resulta do seguinte xeito:

- **140** salas dotadas con sistema **eFidelius**: 98 en cidades; 42 en vilas. Destas últimas 35 iniciarán o seu funcionamento en 2016.
- **17** salas dotadas con sistema **Arconte**: 1 en cidades; 16 en vilas.
- **19** salas dotadas con sistema **Cícero**: 19 en cidades.


Sistemas de gravación en salas de visitas



Isto supón que o 79,55 % das salas de vistas dispoñen dun sistema eFidelius.

1.6.5.- Sistema de comunicacións electrónicas. LEXNET

O ano 2015 está marcado, no eido da relación da Administración de Xustiza cos profesionais externos: avogados, procuradores e graduados sociais, polo cambio introducido pola “Ley 42/2015, de 5 de outubro, de reforma de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil”, a cal obriga a que esta relación sexa 100 % telemática a partir do 1 de xaneiro do 2016. Para acadar este obxectivo, que se concreta na posta en marcha da presentación telemática de escritos por parte dos colectivos profesionais indicados, abordáronse diversas actuacións de xeito coordinado con todos os participantes no proceso. A imaxe adxunta indica a secuencia temporal desenvolvida.



Leváronse a cabo diversas actuacións de acompañamento a este proceso:

- As **adequacións nos sistemas de información**:
 - » Actualizacións de Minerva/Lexnet.
 - » Activación das caixas de correo en Lexnet.
 - » Revisión e actualización dos censos de profesionais nos sistemas de xestión procesual.
 - » Revisión da dotación de equipamento nas oficinas de rexistro e reparto. E adecuación dos postos de traballo á xestión dos expedientes electrónicos.
 - » Publicación da “Guía para a incorporación manual de escritos presentados nas Oficinas de Rexistro”.


- A **capacitación dos usuarios**: impartíndose 151 sesións presenciais e 24 sesións remotas, o que supón unhas 4.500 horas de formación recibidas por máis de 1.500 usuarios.
- **Sesións de coordinación e difusión cos colexios profesionais** de procuradores, avogados e graduados sociais.
- **Coordinación co Ministerio de Xustiza** e outras comunidades a través da comisión de comunicacións telemáticas do CTEAJE.

En termos cuantitativos, en 2015 acadáronse un total de 4.955.305 comunicacións telemáticas, coa seguinte distribución:

TIPO DE COMUNICACIÓN	NÚMERO	%
NOTIFICACIÓNS	4.220.392	85,17
PRESENTACIÓN DE ESCRITOS DE TRÁMITE	479.081	9,67
PRESENTACIÓN DE DEMANDAS	36.087	0,73
ITINERACIÓNS	219.745	4,43
TOTAL	4.955.305	100,00

En termos de evolución interanual, o uso de LEXNET foi o seguinte:

Evolución do uso de Lexnet (número de comunicacións)




O incremento anual da utilización de Lexnet permite falar de **consolidación do sistema** no uso ordinario dos xulgados (inclúe notificacións, itineracións e presentación de escritos).



1.6.6.- Administración electrónica xudicial e arquivo xudicial electrónico

En 2015 leváronse a cabo diversos proxectos vinculados á **posta en marcha do expediente xudicial electrónico**:

- **Repositorio Unificado Xudicial**



Consolidación nun único punto da información xerada polos sistemas de xestión procesual nunha única base de datos e no xestor documental corporativo, Alfresco, base do futuro arquivo xudicial electrónico actualmente en fase de definición. O repositorio unificado xudicial recolle información de máis de **9 millóns de procedementos que se consolidan dende as diferentes instalacións** de xestión procesual. Ademais, facilita información aos distintos actores que conforman o proceso xudicial a través de diversas canles.

- O **Visor do expediente xudicial** é a solución interna para a consulta da información asociada a un procedemento xudicial polos distintos colectivos de persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia dun xeito sinxelo. A súa finalidade é **evitar a circulación de papel nos órganos xudiciais**, por estar toda ela accesible dende este único punto, así como toda a información vinculada ao procedemento xudicial.

Finalizado o desenvolvemento, ao comezo de 2016 iníciase unha experiencia piloto na provincia de Pontevedra.

- A implantación do **portasinaturas dixital** como ferramenta para asinar de forma masiva ou individual documentos pdf de xeito telemático e seguro. Implantouse na Administración de Xustiza en Galicia o portasinaturas corporativo da Xunta de Galicia, que foi adaptado para o seu uso de forma independente nesta Administración. **Durante 2015 asináronse 1.633 documentos.**
- Abordouse o desenvolvemento da **sede electrónica** xudicial segundo os requisitos da lei 11/2008. Está actualmente en tramitación a normativa que a regula e que permitirá a súa posta en marcha.
- Abordouse o desenvolvemento do **sistema de gravación de vistas eFidelius**, avanzando en melloras operativas e integración co sistema de xestión procesual.

E por último, no camiño cara ao expediente xudicial electrónico, ademais dos proxectos xa presentados, iniciáronse no ano 2015 dúas novas liñas de traballo:

- a análise e definición do modelo operativo e tecnolóxico da **unidade de dixitalización e catalogación de Galicia**, que se encargará da transformación dos expedientes ou documentos presentados orixinalmente en papel ou en formato dixital sen catalogar, en documentos en formato electrónico coas características precisas para formar parte do expediente xudicial electrónico, segundo as bases de interoperabilidade establecidas para a Administración de Xustiza polo EJS, o CTEAJE e o CGPK, con plenas garantías de fidelidade, exactitude, autenticidade e integridade.
- a análise e **definición do modelo de referencia e das directrices funcionais e técnicas que deben rexer o arquivo xudicial electrónico**, solución de almacenamento e acceso seguro aos expedientes e documentos electrónicos xudiciais desde a súa xeración e rexistro, ata o seu arquivo definitivo (preservación e custodia) e posterior expurgación, cando aplique.

1.6.7.- Sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción

O Real Decreto 937/2003, do 18 de xuño, de modernización dos arquivos xudiciais regula a organización e funcionamento dos arquivos xudiciais, así como o procedemento para levar a cabo a expurgación da documentación xudicial. Dentro deste ámbito avanzouse en dúas liñas de actuación:

- Ampliación da implantación da aplicación **Expurgo**, que permite levar a cabo o rexistro da información necesaria para dar de alta os documentos xudiciais potencialmente expurgables desde os arquivos xudiciais de xestión ou territoriais á Xunta de Expurgación, a novos órganos xudiciais pasando de 99 a 139 órganos xudiciais. Dende a súa posta en marcha, recolléronse nel 409.994 procedementos potencialmente expurgables. A seguinte táboa amosa os órganos de cada unha das sete cidades con maior volume de actividade neste rexistro:

LOCALIDADE	ÓRGANO	Nº REXISTROS
A CORUÑA	Tribunal Superior de Xustiza (Sala do Social) Nº 1	28.515
LUGO	Audiencia Provincial Sección 1 (Civil)	18.518
PONTEVEDRA	Audiencia Provincial Sección 1	24.115
VIGO	Xulgado de Instrución Nº 6	21.924
SANTIAGO	Xulgado de Primeira Instancia Nº 3	1.708
OURENSE	Audiencia Provincial Sección 1	14.394


- Desenvolvemento do **novo sistema de xestión dos arquivos físicos e dos bens incautados (pezas de convicción)**, con garantías de trazabilidade e control na súa conservación ou expurgación. O sistema recolle:
 - » No tocante aos expedientes en papel, será posible a organización e xestión dos arquivos de xestión e territoriais de inicio á fin, e o inventariado da documentación xa existente ou a xestión de transferencias.
 - » No relativo ás pezas de convicción, almacenarase relacionando co expediente xudicial de Minerva a información e localización dos efectos xudiciais relacionados con este, e será posible o inventariado e xestión de todo o ciclo de vida de ditos efectos.

Finalizado o desenvolvemento, ao comezo de 2016 iníciase unha experiencia piloto nos xulgados de Ourense.

1.6.8.- Centro de servizos aos usuarios da Administración de Xustiza. CSU

O **centro de servizos ás persoas usuarias** é a canle de atención e soporte TIC para os usuarios das sedes xudiciais, fiscalías, Imelga, xulgados de paz, e os colectivos profesionais usuarios dos sistemas de información e medios TIC da Administración de Xustiza en Galicia. Este servizo, que opera de xeito continuado (24x7) baixo un modelo definido conforme ás mellores prácticas de ITIL, atendeu no ano 2015 **máis de 31.400 solicitudes e 49.209 contactos**:

Evolución mensual (Incidentes Peticións)



1.6.9.- Medidas instrumentais

Neste ámbito inclúense:

- En 2015 aprobouse en Consello da Xunta o **“II Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2020”**, que recolle o resumo de actuacións do período 2010-2014, indicadores e orzamento executado. Baseado en 3 eixes:
 - » Administración confiable e sustentable.
 - » Administración dixital.
 - » Xustiza centrada nas persoas.
- **Participación Galicia no CTEAJE**: Galicia participa no marco do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica, do que forma parte conxuntamente co resto de CCAA con competencias transferidas, xunto co MJU, o CGPJ e a Fiscalía Xeral do Estado. Desde a súa constitución Galicia lidera o grupo de Portais da Administración de Xustiza e participa no de Fitos e Documentación e mais no de Comunicacions telemáticas, que adquiriu especial intensidade nos últimos meses aliñado coa obrigatoriedade da súa implantación derivada da lei 42/2015. Así mesmo, de xeito periódico reúnen os foros de salas de vistas e arquivística, dos que tamén é membro participante.
- Está na actualidade en tramitación o proxecto **de orde de creación da sede electrónica xudicial da Administración de Xustiza en Galicia**.



1.7.- Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar

A finalidade do programa eBenestar é a modernización da prestación de servizos sociais a través da transformación dos procesos e da carteira de servizos, facendo uso das ferramentas TIC. Este programa incide na mellora das ferramentas de traballo e dos sistemas de información que soportan tanto os procesos de xestión como os de toma de decisións, e no aumento do nivel de integración e compartición da información entre os distintos niveis asistenciais e de xestión involucrados na prestación de servizos sociais.

1.7.1.- Plan Trabe de modernización do Sistema galego de servizos sociais

As principais actuacións levadas a cabo no 2015 dentro do Plan Trabe son:

- **Desenvolvemento da historia social única (HSU):** executouse a primeira fase do proxecto de construción da historia social única a partir da información dispoñible nos distintos sistemas de información de Benestar, seguindo a liña de actuación prevista no Plan Trabe, estando en disposición de abordar en 2016 a implantación progresiva do sistema:

En 2015 creouse a infraestrutura técnica necesaria para xestionar a HSU; implementouse o modelo conceptual do sistema, conectado con Tarxeta sanitaria e abordáronse os mecanismos de consolidación da información proveniente dos sistemas de información dos ámbitos iniciais previstos, xunto coa creación da primeira versión do frontal da historia social, o cal inclúe ferramentas de axuda para a compleción dos dous modelos de informe social aprobados normativamente (informe social unificado de dependencia e discapacidade e informe social de inclusión).

Os eidos de información integrados nesta primeira fase do proxecto foron os correspondentes á dependencia, discapacidade, inclusión e servizos sociais comunitarios (sistemas de información SIGAD, PNC, RISGA, PGIS, CDI, SIUSS).

No aspecto normativo colaborouse coa Consellería de Política Social na elaboración do Decreto de creación e regulación do uso e acceso á historia social única electrónica, actualmente en fase de tramitación.

- **Adopción e potenciación de SIUSS** como ferramenta de traballo principal en servizos sociais comunitarios: Na estratexia do Plan Trabe propónse a adopción e potenciación de SIUSS como ferramenta de traballo principal en Servizos Sociais Comunitarios, a conectar cos sistemas verticais de Benestar e coa HSU en construción.

En 2015 instalouse unha versión de SIUSS (contorna de probas) no Centro de proceso de datos integral da Xunta de Galicia, modificada para a súa integración a nivel de consulta e alta de persoas con HSU.

Ademais, desenvóléronse os compoñentes do subsistema de integración de HSU necesarios para incorporar a información deste ámbito a HSU

No plano normativo firmouse en decembro o convenio co Ministerio de sanidade, servizos sociais e igualdade que ten en conta a cesión da aplicación SIUSS.

- **Desenvolvemento do Sistema de información de xestión integral de centros residenciais de maiores e dependentes:** En 2015 finalizáronse os traballos de estudo da viabilidade e análise funcional do sistema de información necesario para a xestión integral de centros da área de Benestar, e elaboráronse os pregos da licitación do proxecto de execución. Cómpre sinalar que a actuación abrangue as distintas tipoloxías de centros da área de Benestar da Consellería de Política Social, incluíndo os do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
- **Desenvolvemento e implantación dun Sistema de información integral de menores:** En 2015 desenvolveuse o sistema de información previsto. A súa implantación en novembro supuxo a renovación das principais aplicacións existentes na área de menores da Consellería de Política Social, cunha mellora significativa do grao de cobertura das necesidades de xestión das unidades implicadas. Os eidos de xestión que soporta o novo sistema de información inclúen protección de menores, xustiza penal, acollemento familiar e adopcións.
- **Desenvolvemento dunha aplicación de xestión do proceso de admisión de escolas infantís / programa de Cheque infantil:** En 2015 renovouse a aplicación de xestión de ambos os procedementos, dando cobertura tamén á rede de escolas infantís dependente do Consorcio Galego de Igualdade e Servizos Sociais. Soportáronse a través da nova ferramenta todas as convocatorias de 2016 para a totalidade das escolas de ambas as redes, tanto as ordinarias de renovación e novo ingreso, como a nova convocatoria de prazas concertadas. A implantación dun instrumento de xestión único (adaptado aos procedementos de xestión específicos

de cada rede, pero homoxéneo e sobre unha base de datos única) para ambas as redes de escolas supuxo unha mellora importante en termos de coordinación e eficiencia.

1.7.2.- Mantemento dos sistemas de información corporativos do ámbito de servizos sociais

Esta liña recolle as principais actuacións de evolución dos sistemas de información troncais do ámbito dos servizos sociais:

- Sistema de información de dependencia (SIGAD):
 - » Realizáronse evolucións e axustes na funcionalidade de cálculo da capacidade económica e cálculo do copagamento, de xeito que o sistema deu soporte ao intenso proceso de revisión masiva de expedientes abordado ao longo do ano. Completáronse as primeiras versións dos módulos de ingreso en centros e de teleasistencia. Entre a carteira de peticións atendidas, cabe salientar o novo módulo de falecidos integrado co servizo de falecidos de PasaXe!, e as adaptacións para posibilitar a tramitación das solicitudes de libre concorrencia.
- Sistema de expediente dixital de dependencia:
 - » Ampliación da dotación de escáneres específicos do proxecto.
 - » Introducíronse melloras no proceso de clasificación, en particular a clasificación automática de lotes por riba de certos limiares de confianza.
- Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais:
 - » A actividade centrouse fundamentalmente na evolución do Módulo de Inspección. Tamén se realizaron as adaptacións iniciais requiridas polo novo decreto de acreditación de centros (actualmente en tramitación).
- Sistema de información PNC/RISGA - Pensións non contributivas e rendas mínimas (RISGA):
 - » A liberación de versións estivo focalizada principalmente en RISGA, pola sobrecarga na tramitación deste procedemento, aínda que tamén se foron atendendo peticións de mellora específicas de PNC.
 - » Adaptouse RISGA ás modificacións na tramitación requiridas pola nova lei, dándosele soporte aos procesos de revisión masiva de expedientes abordados ao longo do exercicio.
- Sistema de información do PGIS - Plan galego de inclusión social:

- » Iniciouse un desenvolvemento evolutivo para a súa adaptación á Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.

- Sistema de Información do Plan concertado:
 - » Coma tarefas máis relevantes cómpre citar a revisión da integración coa información de RUEPSS e de SAF-Dependencia. Revisión e melloras técnicas na aplicación para mitigar problemas de rendemento nas fases de maior uso da aplicación por Concellos. Iniciouse a análise da integración co PBSS (Plan básico de servizos sociais).
- SGAMP - Sistema de información do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (plataforma tecnolóxica do servizo 065):
 - » Completouse o plan de evolución iniciado en 2014 tras a posta en marcha da nova plataforma adaptada ao novo escenario e modelo de prestación de servizos correspondente aos novos contratos coas entidades de transporte.
- Sistema de tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (CDI):
 - » Deuse de alta no catálogo de servizos ofrecido por PasaXe! o servizo de consulta da situación de discapacidade a nivel autonómico.
 - » Desenvolveuse unha versión específica do servizo anterior para facilitar na sede electrónica da Xunta de Galicia o autoconsumo do certificado de discapacidade (pendente de paso a produción).
 - » Modificouse a funcionalidade de integración co portasinaturas para incluír sinatura múltiple. Pilotouse a funcionalidade nun EVO.

1.7.3.- Ademais...

- Pilotaxe nunha residencia de maiores (Volta do Castro) do funcionamento do sistema de fichaxe Kronos adaptado a este tipo de centros.
- Soporte e equipamento en centros de Benestar: Especialmente relevante no 2015 foron as actuacións de mellora do equipamento e do soporte en centros:
 - » No caso do equipamento, completouse o proxecto de renovación de equipamento nos centros de Benestar en colaboración con Red.es, que supuxo a dotación de preto de 1.250 ordenadores persoais e 150 impresoras multifunción.
 - » No tocante ao soporte a usuarios consolidouse o CAU periférico coma canal de atención para centros de benestar.



1.8.- Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, coa formación e co fomento da contratación

Este programa persegue o aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e a eficacia das políticas activas de emprego.

1.8.1.- Mantemento, operativa e evolución dos sistemas corporativos de intermediación laboral e orientación laboral

Durante o 2015 cumpríronse todos os obxectivos SISPE, entregando todos os desenvolvementos en prazo para a súa posta en produción.

No 2105 realizáronse auditorías para verificar a correcta instalación dos produtos, e migrouse á solución de software libre OpenESB, o que mellora o rendemento e permite xa actualizarse e abandonar a solución JCAPS de Oracle/Sun.

Por outra parte, mellorouse a comunicación co cidadán integrando as notificacións nos dispositivos móbiles en MOBEM. A nova versión de MOBEM proporcionará información sobre as ofertas de emprego e formación. Emitíronse 10.476 notificacións de renovación realizada con éxito e 11.420 notificacións de aviso de renovación.

No tocante ao sistema de orientación laboral ao longo do 2015, desenvolveuse un novo sistema que esta previsto que entre en produción cando o responsable de orientación o autorice, abandonando as arquitecturas “tradicionais” e migrando a unha aplicación 100 % SOA, adecuándose así aos requirimentos do PAPE.

O portal de emprego segue mantendo o máximo nivel de accesibilidade, volvendo a ser no 2015, e por segundo ano consecutivo, o portal máis accesible de emprego e un dos máis accesibles do Estado.

1.8.2.- Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego

No tocante ao desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE, no 2015 avanzouse no desenvolvemento do módulo de xestión económica, que entrou en produción. Estase á espera do remate dos desenvolvementos para a posta en produción dos módulos restantes.

1.8.3.- Mantemento da dispoñibilidade das oficinas de emprego

Nas oficinas de emprego deuse continuidade ao traballo que leva a ter unha baixa taxa de avarías, tanto nos terminais (inferior ao 0,5 % anual) como nos servidores (inferior ao 2 %) e unha importante redución de consumo enerxético (30 KW hora/ano fronte aos 137 KW hora/ano dunha solución convencional).

1.8.4.- Ademais...

- Explotación e obtención dos datos mensuais e diarios da evolución do mercado laboral nos aspectos de des-emprego e evolución da contratación. Extensión dos datamarts do datawarehouse.
- Desenvolvemento do sistema de información de xestión do rexistro de cooperativas.
- Desenvolvemento do sistema de información para o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia.
- Desenvolvemento do sistema de información para a apertura de centros de traballo.
- Estudo e avaliación do sistema de información para o envío de datos de formación.



1.9.- Modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica no sistema educativo

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica e educativa dos centros educativos. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da Administración.

1.9.1.- Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de información corporativos do sistema educativo

- Adaptacións do sistema de xestión administrativa das ensinanza **XADE** á xestión académica á LOMCE con novas actas de avaliación, reválidas e integración da avaliación por competencias en Primaria. Incluíronse as certificacións para o Fondo Social Europeo.
- No ámbito de persoal, incorporouse o recoñecemento automático da formación, a xestión automática da nómina dos cargos directivos, a consolidación dos méritos dos substitutos e a adaptación do concurso de traslados para que participen docentes doutras comunidades.
- No ámbito de **universidades**, integrouse unha nova xestión de usuarios con varios roles. Engadíronse informes estatísticos e actas de cualificacións de anos anteriores para usuarios dos centros. Desenvolveuse un servizo web de alumnos convocados a matrícula na universidade. Incorporouse a xestión para a nova ensinanza de acceso “Máster”.
- Adaptación de multitude de sistemas á nova **lei orgánica de educación (LOMCE)**: DRD / DRDESPE / DRDADI / DRDRESPE / DRDORIENTA.
- No ámbito de **centros**, desenvolveuse dun novo sistema de xestión do fondo de libros de texto dos centros educativos, con preto de 50.000 solicitudes e máis de 225.000 libros entregados. Ademais, completouse un novo sistema de xestión centralizada da admisión de alumnos nas ensinanzas reguladas de Infantil, Primaria e Secundaria, cun piloto completo en 18 centros educativos entre febreiro e abril do 2015.
- Desenvolveuse un novo sistema de enquisas de **convivencia nos centros educativos** cunha participación de máis de 170.000 persoas, con tratamento estatístico da

información recollida. Creouse unha nova aplicación de xestión dos plans de convivencia en centros.

- No ámbito dos **sistemas para o inventario da dotación** dos centros, desenvóléronse nos sistemas implicados multitude de funcionalidades: **Almacén**: Estabilización da nova aplicación de xestión de almacén, desenvolvimento de melloras e novas funcionalidades detectadas durante a fase de estabilización e migración de todos os datos dende o anterior sistema. **Dotación de centros**: Implantación en centros piloto do módulo de dotación de centros de Formación Profesional e desenvolvimento dos axustes e melloras suxeridas. Implantación, nas xefaturas territoriais, dos módulos de “xestión de obras en centros” e “ficha de centro”. Recollida e desenvolvimento de melloras nos módulos de “xestión de obras en centros” e “ficha de centro”. **Inventario**: Integración do módulo de inventario de centros co catálogo mestre de dotación de centros. Implantación en centros piloto do módulo de inventario de material dos centros, actualmente soportado en Xade, e desenvolvimento dos axustes e melloras suxeridas. Revisión e posta ao día do módulo de caracterización de artigos de FP.
- No ámbito dos **portais educativos** actualizouse a Drupal 7 o portal de Educación, e incorporouse un sistema de multiidioma con tradución automática.

1.9.2.- Soporte e atención tecnolóxica aos centros educativos públicos

Os centros educativos de ensino non universitario e os usuarios de sistemas de información e tecnoloxías dos devanditos centros teñen á súa disposición servizos de atención presencial e remota en ámbitos como: soporte á implantación e uso das aplicacións e sistemas corporativos, soporte aos procesos educativos apoiados en sistemas ou tecnoloxías, mantemento de sistemas, elementos de comunicación e equipamentos corporativos, etc.

Ao longo de 2015 houbo **91.864** chamadas atendidas, **70.843** tickets de incidencias resoltas cun nivel de chamadas atendidas superior ao **95 %**.

1.9.3.- Implantación dun sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións

No 2015 púxose en produción esta ferramenta de intelixencia de negocio que permite a distintos actores a **explotación e análise dos datos estatísticos** do ámbito da Educación. En

particular, púxose en marcha o sistema, coa inclusión de novos cubos dependentes de Xade OLTP, a inclusión de informes pre-definidos solicitados pola unidade estatística, e a validación do ciclo completo de recollida de datos.

1.9.4.- Implantación dun sistema de xestión centralizada da admisión a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria)

O desenvolvemento deste sistema abordou a definición dun modelo unificado e homoxéneo de admisión de alumnos nas ensinanzas reguladas de Infantil, Primaria e Secundaria.

O novo sistema pasou por un piloto de validación en 18 centros educativos entre febreiro e abril do 2015, e foi posto en produción en novembro dese mesmo ano.

1.9.5.- Desenvolvemento dun sistema de xestión do fondo de libros de texto nos centros

Trátase do desenvolvemento e posta en funcionamento dun **sistema de xestión do fondo de libros de texto dos centros educativos**. Durante o 2015 traballouse na recollida de requisitos, análise, desenvolvemento e posta en produción completa

da aplicación, e deuse soporte á convocatoria do 2015 cunha xestión completa do ciclo de vida de asignación, entrega e devolución dos libros. O volume de xestión foi de **49.802 solicitudes tramitadas e 226.689 libros entregados**.

1.9.6.- Desenvolvemento dun sistema de xestión das necesidades específicas de atención educativa

Trátase do desenvolvemento dun sistema de información que xestione as **solicitudes de autorización especiais para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, para flexibilizacións da duración do período de escolarización.

Durante o 2015 rematouse a posta en produción completa do sistema.

1.9.7.- Desenvolvemento dun sistema de xestión da convivencia en centros educativos

Ao longo do 2015 deseñouse e implantouse un **novo sistema de xestión dos plans de convivencia en centros educativos**, e realizouse unha enquisa censal con **máis de 170.000 participantes**.





Obxectivo 2: Administración eficiente



2.1.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Este programa comprende a consolidación e centralización de infraestruturas, así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custos de mantemento e alcanzar economías de escala. Ademais, persegue a modernización e consolidación da infraestrutura de soporte e atención ás persoas usuarias (CAU) e a evolución e administración do posto de traballo.

Neste eido, no ámbito de xestión da Amtega inflúen varias circunstancias que fan necesaria a revisión continua e plans de acción neste terreo:

- A **posta en marcha de distintos plans de desenvolvemento de servizos públicos dixitais** orientados a ofrecer uns servizos públicos dixitais de calidade, dentro da estratexia dixital da Administración autonómica para un mellor funcionamento na súa relación coa cidadanía e co sector empresarial e industrial.
- O proceso de **integración da xestión dos medios TIC** nun órgano único significou aglutinar un parque de postos de traballo moi heteroxéneo, disperso e con diferentes graos de obsolescencia e adecuación ás necesidades de uso. Nese escenario abordouse un proceso xeral de homoxeneización e consolidación de infraestruturas e de procedementos, o cal permite aforrar custos de mantemento e acadar economías de escala na prestación do servizo TIC relativo. Debe adecuarse continuamente ás novas necesidades e, sobre todo, ás diferentes necesidades de persoas usuarias dos sistemas de información, que teñen un nivel de implantación cada vez máis amplo.

Antes de detallar as actividades desenvoltas ao abeiro deste programa, e respecto á planificación e estratexia corporativa no eido do posto de traballo, cabe destacar no 2015 a execución do **“Plan de acción 2015 de dotación e xestión sostible de medios no posto de traballo para a prestación dos servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas”**, plan que recolleu as iniciativas desenvoltas na Amtega no ano 2015 dirixidas a implantar o modelo de definición, dotación e xestión do posto de traballo dixital corporativo na Xunta de Galicia.

2.1.1.- Xestión unificada do posto de traballo

Co obxecto de acadar unha xestión unificada, sostible e adecuada ao desempeño da actividade, executáronse no 2015 as seguintes accións:

- **Unificación das ferramentas de xestión do posto de traballo.** Implantación efectiva da solución corporativa de xestión do posto de traballo baseada na solución Altiris Management Suite no total de equipos xestionados do ámbito administrativo, **chegando a despregar o axente Altiris nun total de 9.457 equipos.** Xeralizada a súa implantación, esta solución empregouse xa ao longo de 2015 para configurar, instalar e actualizar globalmente de xeito centralizado os postos de traballo, coma no caso da migración do paquete ofimático corporativo a LibreOffice.
- Xestionouse a **adquisición unificada das licenzas** necesarias do software de xestión do posto de traballo corporativo da Xunta de Galicia, incluíndo licenzas e actualizacións para todos os postos da solución antivirus e antispymware, xestión do inventario mediante solucións de autodescubrimento, despregamento masivo de software e aplicacións, e xestión remota dos postos.
- **Mantemento de maquetas de referencia:** documentouse e sistematizouse o proceso de definición e revisión periódica das maquetas corporativas (ata 8 maquetas diferentes), maquetas que se utilizan como punto de partida para homoxeneizar a configuración dos postos de traballo, tendo en conta as necesidades específicas de cada tipoloxía de usuario. No proceso definiuse un primeiro catálogo de software base de posto de traballo.
- **Implantación de sistemas para a compartición de documentación:** continuouse o proceso de progresiva implantación dos sistemas de compartición de documentación corporativos, facéndose efectivo o seu uso en novos ámbitos da Xunta de Galicia, destacando o esforzo que neste sentido se fixo nas unidades administrativas das cinco delegacións territoriais.

2.1.2.- Renovación do posto de traballo

Respecto da renovación de equipamento, e dentro das actuacións incluídas no **Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013**, acompañando o proceso de posta en marcha de diversos proxectos para o desenvolvemento de servizos dixitais, **subministráronse, en total, entre ordenadores e impresoras, 7.937 equipos:**

- Dotación específica de **1.145 ordenadores e 224 impresoras en rede** para postos de traballo nun total de **99 centros públicos da rede de centros de Benestar**, enmarcado no Plan Trabe (no marco do Plan e-Benestar) de dixitalización dos servizos sociais. Esta actuación execútase no marco do “Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de servizos dixitais para o benestar social de Galicia dirixidos á rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar social”, asinado o 27/12/2013.

- Dotación específica de **490 postos en aulas de formación en centros dependentes da Xunta de Galicia**, de acordo coa seguinte distribución:

AULA	Nº EQUIPOS
AULA CeMIT DE VIMIANZO	21
AULA CeMIT DE CELANOVA	13
AULA CeMIT DE CUNTIS	10
AULA CeMIT DE SANTA COMBA	20
AULA CeMIT DE PORTO DO SON	11
AULA CeMIT DE FISTERRA	12
AULA CeMIT DE AMES	14
AULA CeMIT DA ESTRADA	15
AULA CeMIT DE VERIN	12
AULA CeMIT DO BARCO	17
AULA CeMIT DE OURENSE	20
AULA CeMIT DE VALGA	13
AULAS DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTELERÍA DE GALICIA (CSHG)	85
AULAS NA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (EGAP)	26
AULAS NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)	31
CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS DE GALICIA (CNTG)	44
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DA CORUÑA	16
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DE LUGO	21
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DE OURENSE	11
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	21
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DE VIGO	21
AULA AMTEGA NA DELEGACIÓN DE FERROL	15
AULA AMTEGA EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE SAN LÁZARO (SANTIAGO)	21
TOTAL	490

- Ademais procedeuse á **renovación dun total de 5.566 postos** (ordenadores persoais fixos e portátiles) no conxunto dos centros administrativos e de prestación de servizos da Administración pública galega, dotación necesaria para asegurar a prestación efectiva de servizos públicos dixitais que cobren todos os ámbitos de actuación da Administración pública galega, presentando a seguinte distribución xeográfica:

ÁMBITO	Nº POSTOS
SERVIZOS CENTRAIS – SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.859
DELEGACIÓN DA CORUÑA	1.124
DELEGACIÓN DE LUGO	783
DELEGACIÓN DE OURENSE	485
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	559
DELEGACIÓN DE VIGO	366
CENTROS DE XUSTIZA	390
TOTAL	5.566

En termos de distribución orgánica:

EQUIPOS POR CONSELLERÍA	Nº POSTOS	%
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	351	6,31
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	600	10,78
CONSELLERÍA DE FACENDA (FUNCIÓN PÚBLICA)	16	0,29
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	897	16,12
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	274	4,92
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	734	13,19
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	992	17,82
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E MAR	1.312	23,57
ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	390	7,00
TOTAL	5.566	100

Así mesmo, executáronse compras centralizadas de subministracións de equipamento de impresión para reorientar a situación actual cara a este novo modelo nos tres edificios administrativos da Xunta de Galicia da Delegación Territorial da Coruña, Lugo e Pontevedra, así coma no edificio da EGAP en Santiago de Compostela. Nestes catro edificios procedeuse á renovación tecnolóxica mediante procedementos de adquisición centralizada dun total de **122 equipos multifunción departamentais B/N e 40 impresoras a cor en rede**, ofrecendo desta forma un mellor servizo aos grupos de traballo, eliminando en xeral nestes edificios equipos persoais monoposto, ao mesmo tempo que se reduciu a diversidade de modelos e fabricantes, simplificando a xestión e o soporte.

Dentro desta renovación inclúese a referida aos postos de oficinas de rexistro, complementando neste caso a renovación dos ordenadores coa **dotación de escáneres de sobremesa** nas oficinas nas que se está a levar a cabo a experiencia piloto de dixitalización de rexistros.

- Renovación integral do **parque de impresión das oficinas de emprego de Galicia**, que supuxo unha dotación de **350 impresoras en rede** de características específicas para este servizo.

2.1.3.- Integración na xestión corporativa de posto de traballo

- Integración na xestión corporativa dos ámbitos de Benestar:** dentro do proxecto de dotación de medios TIC nos centros de Benestar antes mencionado, non só se dotou o parque de equipamento ofimático, senón que se consolidou a integración total destes centros co modelo corporativo de posto de traballo, de xeito que pasaron a beneficiarse de todos os servizos que a Amtega proporciona nos seus postos xestionados.
- Integración na xestión corporativa dos medios TIC na rede de bibliotecas de Galicia:** executouse un plan preventivo de revisión e auditoría de situación nos centros da rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos dependentes da Xunta de Galicia, que permitiu elaborar un inventario detallado de todo o equipamento e software relativo ao posto de traballo neste eido, para a continuación proceder á renovación de todos os postos administrativos que así o requirían, e completar a súa plena integración no modelo corporativo de posto de traballo xestionado.

2.1.4.- Rede de videoconferencia

A implantación dunha rede de videoconferencia nos centros administrativos da Xunta de Galicia e outros centros dependentes busca abrir novas vías de mellora dos servizos públicos, ao xurdir a posibilidade de ofrecer o uso destas novas infraestruturas non só ao persoal da Administración, senón tamén para facilitar aos propios cidadáns a resolución de determinados trámites administrativos.

Con este obxectivo, no 2015 procedeuse a completar a instalación dunha nova **rede de videoconferencia** na Xunta de Galicia, tanto na sede central coma nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia, acción que incluíu distintas solucións de videoconferencia tanto en equipos persoais coma en equipos móbiles ou fixos en salóns de actos. O proxecto completou a dotación de 9 salóns de actos principais nas distintas

delegacións da Xunta de Galicia, 13 novos equipos de sala, e 33 equipos portátiles para usos múltiples en diversas unidades da Xunta de Galicia. A seguinte táboa amosa a distribución do equipamento:

	DLG COR/FER	DLG LUGO	DLG OUR.	DLG PONT.	DLG VIGO	SSCC	OUTROS	%
EN SALÓNS DE ACTOS	2	1	1	1	1	3		9
EN SALAS DE REUNIÓN	2	1	1	1	1	7		13
PORTÁTILES	3	2	2	2	2	11	11	33
TOTAL	7	4	4	4	4	21	11	55

2.1.5.- Reordenación e renovación dos medios para a impresión

Avanzouse na definición do modelo corporativo de dotación de medios de impresión, formalizando o procedemento de xestión operativa relacionado coa dotación e xestión deste tipo de equipamento.

Así mesmo, executáronse compras centralizadas de subministracións de equipamento de impresión para reorientar a situación actual cara a este novo modelo nos tres edificios administrativos da Xunta de Galicia da Delegación Territorial da Coruña, Lugo e Pontevedra, así coma no edificio da EGAP en Santiago de Compostela. Nestes catro edificios procedeuse á renovación tecnolóxica mediante procedementos de adquisición centralizada dun total de **122 equipos multifunción departamentais B/N e 40 impresoras a cor en rede**, ofrecendo desta forma un mellor servizo aos grupos de traballo, eliminando en xeral nestes edificios equipos persoais monoposto, ao mesmo tempo que se reduciu a diversidade de modelos e fabricantes, simplificando a xestión e o soporte.

2.1.6.- Plan de migración a software libre

En liña coa estratexia da Xunta de Galicia de evolución cara ao software libre, acordouse que o **paquete ofimático corporativo** da Xunta de Galicia é LibreOffice. Para acadar esta situación púxose en marcha o plan de migración, e a súa execución. Resultado da primeira fase de execución foi o seguinte:

- Presentouse o plan de migración en diferentes unidades administrativas de Xunta de Galicia en 9 sesións presenciais celebradas ao longo do 2015, convocando nestas presentacións aos responsables das unidades de xestión de diversas consellerías, como parte do proceso de información, concienciación e preparación das unidades ante a migración.

- **Despregouse o produto LibreOffice nun total de 7.356 postos de traballo**, acadando unha maior homoxeneidade na solución ofimática instalada nos postos de traballo corporativos.
- Iniciouse a desinstalación progresiva do produto MSOffice ata acadar a finais de 2015 un total de **1.520 postos nos que a única solución ofimática instalada é LibreOffice**.
- En colaboración coa EGAP celebráronse un total de **2.304 horas de accións formativas** dentro do plan de formación do software ofimático LibreOffice, como parte imprescindible para unha boa execución do plan de migración.

2.1.7.- Centro de atención ás persoas usuarias (CAU)

Nun contexto dunha cada vez maior presenza das TIC no desempeño da actividade, resulta cada vez máis relevante a existencia dun **servizo de atención ás persoas usuarias** suficientemente dotado. Co obxecto de cubrir calquera contacto de usuario no eido das TIC na Xunta de Galicia, a Amtega xestiona 4 servizos de prestación desta atención, diferenciados polo seu ámbito de actuación:

- **CAU central**, para a atención aos usuarios dos centros administrativos (SSCC e Delegacións provinciais).
- **CAU periférico**, para a atención a centros de prestación de servizos especializados, atención de segundo nivel á cidadanía a través do 012, outras administracións e outros ámbitos nos que a Amtega presta servizos TIC.
- **CAU de Educación**, para a atención aos centros educativos.
- **CSU de Xustiza**, para a prestación de servizos aos usuarios da Administración de Xustiza en Galicia.

Neste apartado referirémonos aos **CAU central e periférico**.

- O **CAU central** ten como ámbito de actuación básico os edificios administrativos (principalmente SSCC e Delegacións provinciais). Durante o 2015 **rexistráronse un total de 102.015 contactos**, consolidándose o crecemento acadado polo servizo no ano 2014, e mantendo os indicadores de calidade do servizo prestado:
 - » unha porcentaxe de chamadas atendidas do 98,9 %.
 - » unha porcentaxe de incidencias resoltas en menos de 24 horas do 81,3 %.


- » valoración media anual do servizo de 8,1 sobre 10, resultado dun total de 400 enquisas feitas a usuarios directos do servizo ao longo do ano.

- En 2014 creouse o **CAU periférico**, que se consolidou en 2015. Concentra a actividade ofrecida anteriormente por distintos CAU sectoriais, e actúa como punto de contacto para a xestión e resolución de incidencias e peticións das persoas usuarias dos sistemas de información e medios TIC, en ámbitos fundamentalmente non administrativos, que non quedan cubertos polo CAU central. Durante o 2015 **rexistrouse neste CAU un total de 29.523 contactos**, ofrecendo neste caso un valor anual de porcentaxe de chamadas atendidas do 87 %, e unha porcentaxe de incidencias resoltas en menos de 24 horas do 71 %. O gráfico amosa a distribución destes contactos por ámbito de servizo.

A prestación deste servizo destaca pola enorme heteroxeneidade dos perfís de usuarios atendidos, o que condiciona as características da prestación. Así, fóronse integrando progresivamente:

- » Rede de bibliotecas pública de Galicia dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas (6 bibliotecas nodais).
- » Rede de bibliotecas públicas municipais e escolares de Galicia (máis de 1.500).
- » Rede de arquivos (6) dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Arquivos.
- » Rede de museos (8) dependente da Secretaría Xeral de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio.
- » Soporte de 2º nivel ao cidadán no eido da Administración electrónica, atendendo consultas de natureza técnica derivadas polo 012.
- » Comunidades galegas no exterior, canalizadas a través da S.X. de Emigración. Fundamentalmente no uso do Rexistro de galeguidade por parte das comunidades do exterior.
- » Asociacións de profesionais no uso dos sistemas da Administración electrónica: Asociacións de sectores industriais.
- » Entidades locais, soporte e atención aos concellos de Galicia.
- » Rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de Benestar.


Contactos do CAU por ámbito de servizo



- Tendo en conta o peso ponderado de cada un dos grupos (CAU central e periférico) acadouse un valor anual de **porcentaxe de chamadas atendidas do 96,5 %, e unha porcentaxe de incidencias resoltas en menos de 24 horas do 79 %.**

O seguinte gráfico recolle **a evolución de contactos** no CAU central, CAU periférico e no seu conxunto, durante os últimos 3 anos.

Número de contactos (CAU Periférico CAU Central)



2.1.8.- Sistema de xestión de Help-Desk

Dentro das accións iniciadas no proceso xeral de homoxeneización e consolidación de servizos e de procedementos ofrecidos pola Amtega, e dado o crecemento da prestación de servizos, no ano 2015 desenvolveuse a análise, desenvolvemento, implantación, parametrización e formación no uso dunha nova **ferramenta ITSM para a xestión dos servizos TI na organización**, baseada na solución de software libre OTRS, que entre outras cousas permite:

- rexistrar e xestionar axeitadamente todas as incidencias e peticións de servizo recibidas na Amtega a través dos centros de atención ás persoas usuarias, dando soporte aos **procesos ITIL** definidos a tal efecto.
- xestionar unha **CMDB corporativa** única na que se rexistren todos os activos ou elementos de configuración, e prover un portal de autoservizo coma nova canle de atención ao usuario final.

Durante o 2015 desenvolveuse integramente o novo sistema que inclúe todas estas funcionalidades, iniciándose a finais do 2015 o uso efectivo da nova CMDB e estando previsto o inicio da actividade de *ticketing* na nova ferramenta e mais a publicación do portal web na intranet para autoprovisión de servizos TIC no primeiro trimestre de 2016.

2.1.9.- Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Durante o 2015 continuouse o proceso de consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica mediante o traslado de CPDs ao novo Centro de Procesos de Datos Integral (CPDi) da Xunta de Galicia e a consolidación de sistemas e plataformas, conseguindo migrar o 60,42 % dos CPDs incluídos no proxecto. Alcanzáronse os seguintes resultados:

	% DE CPDs TRASLADADOS
CPDs EN PROXECTO	60,42 %
CPDs INTEGRADOS EN AMTEGA	96,30 %
CPDs NON INTEGRADOS EN AMTEGA	14,29 %

Tamén finalizaron importantes actuacións destinadas á **Mellora da redundancia e capacidade no CPDi**, co fin de garantir a dispoñibilidade dos servizos críticos que se prestan (historia clínica electrónica, receita electrónica, servizos de administración electrónica, portais corporativos, Diario Oficial de Galicia...):

- Púxose en funcionamento un novo arrefriador, en paralelo co xa existente, para dotar de redundancia o sistema de

climatización do CPDi, asegurando a dispoñibilidade dos servizos aloxados a plena carga ante a caída total dun dos arrefriadores.

- Substituíuse o grupo electrógeno existente por outro de maior potencia que sexa capaz de garantir a subministración eléctrica ao CPDi funcionando a plena carga ante caídas da rede eléctrica.
- Púxose en marcha a redundancia dos sistemas de control de alarmas do CPDi.
- Acondicionouse un espazo para a situación dos armarios ignífugos onde se almacenan as copias de seguridade.

A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada en anos anteriores permitiu manter a redución de entre un 25 % e un 30 % do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software.

2.1.10.- Adquisición de librerías de disco para copias de seguridade

O obxecto desta actuación, iniciada en 2014 e finalizada en 2015, foi a adquisición de librerías de disco para garantir a realización de copias de seguridade áxiles. A adquisición incluíu equipamento consistente tanto en sistemas de almacenamento de backup en disco, como en armarios ignífugos para protexer as copias de seguridade realizadas en cintas. Adecuouse o espazo do antigo CPD de Medio Rural (actualmente integrado no CPDi) como local protexido para almacenar os armarios ignífugos e garantir que as copias de seguridade se almacenan nun edificio distinto a onde están os sistemas de información.

2.1.11.- Consolidación do mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia

Continuouse coa xestión do servizo unificado e consolidado para o mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia. Están incluídas todas as intervencións necesarias para a resolución de incidencias e avarías para garantir o bo funcionamento da infraestrutura.

O servizo de mantemento inclúe todos os elementos hardware recollidos no inventario de equipamento, así como todos os compoñentes existentes na súa configuración (discos internos ou externos, memorias, placas, controladoras, fontes de alimentación, etc.).




2.3.- Interoperabilidade e homoxeneización de plataformas tecnolóxicas

As actuacións realizadas en 2015 relacionadas co incremento e homoxeneización dos sistemas de plataforma base recóllense no obxectivo operativo “2.4 Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC”, xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.

As actuacións realizadas en 2015 relacionadas coa identificación e implantación progresiva da arquitectura corporativa recóllense no obxectivo operativo “2.5 Mellora da calidade dos servizos prestados”, xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.

As actuacións realizadas en 2015 relacionadas coa homoxeneización dos medios no posto de traballo, recóllense no obxectivo operativo “2.1. Consolidación e homoxeneización de infraestrutura”, xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.





2.4.- Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC

A finalidade deste plan é a centralización de compras de activos e de servizos TIC, a consolidación de contratos en servizos agregados de volume, e a monitoraxe económica de demandas, subministracións e medición.

Neste contexto de aforro inclúese tamén a substitución paulatina do modelo tradicional de adquisición de medios TIC por modelos de arrendamento con opción de compra.

2.4.1.- Unificación dos sistemas de xestión de posto de traballo e de contratos de prestación de servizo aos usuarios

Como xa se mencionou noutros apartados desta memoria, durante o 2015 xestionouse de xeito corporativo a adquisición de:

- Unificación da contratación de equipamento hardware para renovación do posto de traballo, mediante acordo marco.
- Unificación da contratación de licenzas en diversos elementos do catálogo de software básico de posto de traballo.
- Ferramentas de posto de traballo (antivirus, ferramenta de descubrimento, xestión remota, distribución de software).
- Ferramentas especializadas (para sistemas de información xeográfica).
- Incremento dos ámbitos de atención no CAU periférico, evitando a necesidade de xestión ou contratación de centros de atención aos usuarios especializados.
- Consolidación dun único contrato para a atención in situ aos centros da área de Santiago e comarca.

2.4.3.- Administración de sistemas

Durante o ano 2015 continuáronse as actividades de administración, operación e mantemento da infraestrutura tecnolóxica que dá servizo ás aplicacións desenvolvidas pola Amtega, incrementándose para asumir o importante aumento de sistemas de información implantados durante este ano.

2.4.4.- Soporte e mantemento de software base de servidor

Durante o ano 2015 continuouse co soporte, mantemento e actualización de todas as licenzas de software de base de servidor da Amtega, integrados en contratos corporativos, o que repercute en melloras derivadas das economías de escala.

</> 2.5.- Mellora da calidade dos servizos prestados

Con este plan trátase de normalizar e institucionalizar o modelo de desenvolvemento de aplicacións a través da definición de normativas de calidade, estándares e dunha única metodoloxía corporativa.

2.5.1.- Calidade

Realizáronse as seguintes tarefas relacionadas co fomento da normalización na Amtega:

- Dinamización e promoción do uso do portal XuntaTIC na Amtega.
- Elaboración do documento de servizos prestados a entes integrados e non integrados por parte da Amtega.
- Elaborouse o procedemento para tramitar as baixas de aplicacións na infraestrutura, garantindo as restricións legais que impón a normativa en materia de protección de datos.
- Definiuse unha guía de apoio para a xestión de proxectos de desenvolvemento e adquisición.
- Elaborouse un procedemento para a xestión das tarxetas de acceso ás instalacións da Amtega na Cidade da Cultura.
- Despregouse o sistema de xestión de calidade na Amtega, coa realización de auditorías de calidade sobre os procedementos vixentes, modelaxe de novos procesos, definición e recollida de indicadores.
- Colaboración para o mantemento da certificación ISO 9001:2008 do Centro de Xestión de Rede.
- Mantemento e evolución da carta de servizos.
- Mantemento e evolución do proceso ITIL de xestión da configuración e da CMDB da Amtega.
- Coordinación do procedemento de revisión de pregos TIC de organismos non integrados na Amtega.

2.5.2.- Arquitecturas tecnolóxicas

Consolidouse a liña de traballo para mellorar o **control da calidade** da documentación técnica xerada e o software desenvolvido na Amtega.

Leváronse a cabo **revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega**, especialmente da arquitectura técnica, **tramitándose 139 proxectos** en 2015.

É de destacar que **o volume de revisións incrementouse exponencialmente**, pasando de 119 etapas revisadas en 2014 polo procedemento de auditoría a **1.029 etapas**.

Tamén se incrementaron considerablemente as **revisións das publicacións de aplicacións**, sendo máis de **4.000** durante o ano 2015.

Diferenciando polo tipo de procedemento, fixéronse as seguintes revisións:

- 34 proxectos revisados polo procedemento de desenvolvemento convencional. Revisadas 280 etapas.
- 67 proxectos revisados polo procedemento de desenvolvemento áxil. Revisadas 578 etapas.
- 38 proxectos revisados polo procedemento de adquisición. Revisadas 171 etapas.
- 4.304 revisións polo procedemento de publicación.

Outras tarefas de relevancia a destacar neste ámbito durante o ano 2015 son as seguintes:

- Revisión e actualización dos procedementos de desenvolvemento e os modelos de documentos asociados: reducido, convencional e de adquisición.
- Revisión e actualización do procedemento de publicación de aplicacións.
- Revisión e actualización dos estándares técnicos publicados no 2014. Elaboración de novos estándares técnicos no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.
- Revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica.
- Finalización da implantación do contorno corporativo para integración continua. Revisión e actualización das guías de uso dos diferentes compoñentes da plataforma e do modelo de integración continua da Amtega.

- Dinamización do Comité de arquitectura de aplicacións.
- Plataformas corporativas: definición dos estándares de uso en canto á arquitectura e desenvolvemento de aplicacións das plataformas corporativas.
- Definición dos procedementos de uso do repositorio de compoñentes software transversal na Amtega e dinamización do mesmo.
- Colaboración coas áreas de Sistemas e Desenvolvemento na resolución de problemáticas relacionadas coas aplicacións.
- Avaliación técnica de ferramentas relacionadas coa arquitectura de desenvolvemento de aplicacións.





2.6.- Instauración de políticas de seguridade da información

Con este programa preténdese reforzar a confianza do cidadán nos procesos electrónicos realizados coa Administración e optimizar os gastos en seguridade adecuándoos aos riscos.

2.6.1.- Seguridade

No ámbito da seguridade realizáronse tarefas de xestión e **supervisión da seguridade corporativa** da Xunta de Galicia e seguimento do **cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal**. Entre outras leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- **Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.** Licitouse un servizo para a valoración dos servizos e da información na Xunta de Galicia, así como para a realización dunha análise de riscos.
- **Aprobación da política de seguridade da Xunta de Galicia.** Foi aprobada pola Comisión de Seguridade e Goberno electrónico no mes de maio, sendo aprobada polo Consello da Xunta a finais de xuño e publicada no DOG en xullo.
- **Aprobación da organización de roles e responsabilidades en materia de seguridade** da información na Xunta de Galicia. Foi aprobada en maio na Comisión de Seguridade e Goberno electrónico.
- Levouse a cabo o **seguimento do cumprimento normativo** en materia de protección de datos persoais, iniciando as auditorías LOPD.
- Aprobación do **plan director de seguridade TIC 2015-2020** polo consello da Xunta de Galicia en xuño.
- Realizouse dende a Amtega unha estreita colaboración no **mantemento da ISO 27002 no FOGGA**.
- Fíxose un estudo das necesidades a cubrir para acadar unha completa implantación dentro de operacións de seguridade.
- **Elaboración de políticas, procedementos e normas técnicas de seguridade:** mantemento da normativa de seguridade e creación de novas normas (contrasinais, seguridade web, wifi, móbiles, copias de seguridade, acceso remoto, probas con datos reais, xestión de incidentes de seguridade, BYOD, uso de correo electrónico, etc.).
- **Implantación da política de seguridade en redes wifi** elaborada no 2014.
- **Revisión da arquitectura de rede para a mellora da seguridade** e reforzo das políticas de seguridade.
- Atendéronse e **xestionáronse os incidentes de seguridade** producidos durante o 2015.
- **Mellora da xestión e monitorización de seguridade** do equipamento de seguridade de rede por parte dun grupo dedicado especificamente a ese labor baixo a supervisión do departamento de Seguridade e Calidade.
- **Implantación do sistema de xestión e correlación de logs** licitado no ano 2014: adopción dun sistema que permita reforzar a seguridade lóxica dos sistemas de información da Amtega, permitindo unha auditoría eficaz dos eventos sospeitosos detectados na infraestrutura e nas aplicacións.
- **Finalizar a implantación do novo equipamento de seguridade de rede** licitado en 2014: plataforma de **protección ante ataques de DDoS e plataforma WAF**.
- **Implantación dunha nova barreira de** devasa de nova xeración.
- Levouse a cabo a **evolución das plataformas utilizadas na xestión da seguridade** (antivirus, análise de vulnerabilidades, etc.).
- Realización de **auditorías e probas de intrusión, análise forense de equipos** e outros aspectos de ciberseguridade.
- **Análise de vulnerabilidades de aplicacións e servidores**, para asegurar que non existen vulnerabilidades que poidan ser explotadas de xeito malicioso.
- **Xestión da plataforma de antivirus corporativa.**
- **Administración e evolución da plataforma de cifrado.**
- Realizáronse **estudos de solucións tecnolóxicas no eido da seguridade dos sistemas de información.**
- **Elaboración de material formativo e de concienciación** en materia de seguridade da información.



2.7.- Impulso ao software libre

A nova Axenda Dixital reforza o papel do software libre de forma transversal nas distintas actuacións, consolidándose así como instrumento fundamental para **contribuír á mellora da eficacia e eficiencia das medidas** encamiñadas a resolver os retos e desafíos identificados nas diferentes áreas de actuación.

En concreto, impulsáronse actuacións orientadas ao fomento e promoción do uso do software libre e dos estándares abertos, tanto internamente na Administración pública como no sector empresarial e na sociedade en xeral.

2.7.1.- Elaboración e seguimento do Plan de acción de software libre 2015

Co obxecto de realizar unha reflexión conxunta sobre as necesidades e darlle prioridade ás actuacións a implementar, anualmente elabórase un Plan de acción. En concreto, o **Plan de acción de software libre 2015** presentouse o 13 de maio do pasado ano e materializa a aposta pola implantación de ferramentas de software libre en proxectos de importancia para a Administración, así como o impulso de políticas de reutilización de software libre, recollendo tamén actuacións de alfabetización tecnolóxica e formación en ferramentas libres e de impulso e fomento do software libre no ámbito empresarial.

No mesmo acto presentouse o Balance de actuacións correspondente ao ano 2014.

2.7.2.- Servizo de asesoramento sobre ferramentas libres para as necesidades TIC da Xunta de Galicia

A progresiva sensibilización dos distintos departamentos da Xunta de Galicia na utilización de ferramentas libres reafirma a necesidade deste servizo, mediante o que se atenderon **máis de 30 consultas** en 2015.

En xeral, as cuestións que suscitaron maior interese foron a **elección e aplicación de licenzas libres** nas publicacións da Xunta de Galicia, a busca de **alternativas libres** a aplicacións privativas ou o uso de **LibreOffice**, entre outras. Ademais, durante este ano realizouse un especial esforzo no asesoramento en materia de **licenciamento** e de **reutilización de contidos**.

Este servizo contribúe aos obxectivos da estratexia de reutilización de software, posto que dota os responsables TIC dun instrumento que lles facilita a avaliación e identificación de

alternativas en software libre para cubrir as súas necesidades TIC.

2.7.3.- Promoción das vantaxes do software libre e a reutilización en colaboración con outras Administracións

Os aspectos de colaboración e cooperación encóntranse intimamente ligados á filosofía do concepto software libre e resultan fundamentais para a xeneralización do seu uso. Consciente diso, a Amtega a través desta liña de actuación **difunde exemplos de casos de éxito ou das políticas de reutilización** con unha dobre finalidade: actuar como elemento incentivador no seu uso e aumentar a visibilidade e notoriedade de Galicia neste eido.

En concreto, en 2015 **publicouse o Mapa.TIC.gal no catálogo do CTT** ⁽¹⁾ considerando o seu potencial de reutilización por parte de Centros Demostradores existentes noutras comunidades autónomas.

Por outra banda, **difundiuse** a través do portal europeo de reutilización de software nas Administracións públicas (**Joinup**) a **presentación do Plan de software libre e a sinatura dos convenios** ⁽²⁾ de colaboración cos axentes do software libre, ademais da **publicación no catálogo do CTT** das aplicacións ⁽³⁾ liberadas pola Amtega, contribuíndo así á visibilidade destas actuacións a escala europea.

Boletín de reutilización de software libre

Por outra parte, a Amtega, a través da Oficina de software libre, deu continuidade á elaboración do boletín de reutilización mensual. En 2015 tiveron especial relevancia os casos de éxito noutras Administracións como o uso de OpenStreetMap en Nova York, Sevilla ou Canarias, entre outras.

Co obxectivo de incrementar a difusión desta información noutras Administracións públicas, dende o mes de agosto de 2015 este boletín faise público a través do portal mancomun.org

(1) <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/mapatic#.VlxE8Xpmedk>

(2) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/galicia-allies-trade-groups-and-universities>

(3) <https://joinup.ec.europa.eu/community/osor/news/galicia-publishes-open-source-tools>

2.7.4.- Liberación de proxectos da Xunta de Galicia para a súa reutilización no Repositorio de software libre da Xunta de Galicia

A actividade de liberación de software resulta fundamental para poder avanzar na liña da reutilización por parte da Administración pública, entidades ou empresas, de xeito que poidan empregalas e melloralas, redundando en beneficio de todos.

Durante o ano 2015 a Amtega, a través da Oficina de software libre, traballou na liberación de dúas novas **aplicacións** desenvolvidas **para a Xunta de Galicia** no marco do seu compromiso de liberación de proxectos desenvolvidos con fondos públicos.

Así, no mes de setembro **publicouse na Forxa** (repositorio de software libre da Xunta de Galicia) **o código fonte do portal web MapaTIC.gal** e, como se mencionou anteriormente, deuse de alta no catálogo de solucións reutilizables do CTT, o que proporciona ao proxecto visibilidade a nivel estatal.

O MapaTIC.gal é o portal que serve como catálogo de produtos e servizos TIC das empresas galegas do sector, e de punto de encontro entre o sector e as posibles demandas tecnolóxicas das empresas do resto dos sectores produtivos.

Ademais, en decembro **liberouse o proxecto Centro software Abalar**, a ferramenta para que os profesores xestionen facilmente a visibilidade das iconas das aplicacións nos equipos do proxecto Abalar para adaptalos ao uso dos alumnos de Primaria ou Secundaria.

Finalmente, cómpre destacar tamén que durante o 2015 se **publicaron dúas novas versións de XEA**, o Sistema de Xestión de Aulas da Rede CeMIT liberado o pasado ano, sobre o que se recibiu algunha consulta de interese **dende outras comunidades**.

2.7.5.- Servizo de publicación de materiais formativos con licenza libre

Con este servizo a Amtega persegue impulsar a **reutilización e aproveitamento do material formativo** mediante a súa recompilación e publicación con licenza libre e en formatos abertos no Repositorio documental de software libre do portal mancomún.

Así, a través da Oficina de coordinación de software libre, publicouse unha **actualización dos materiais formativos da Certificación galega de competencias dixitais en ofimática** con correccións e melloras. Con esta publicación búscase

incrementar as posibilidades de autoformación e promover e facilitar o reaproveitamento dos materiais.

Ademais, a intención da Amtega é **adaptarse ás necesidades e inquietudes da cidadanía** en canto á liberación de contidos ou datos da Administración pública. Para iso, a Oficina atende as peticións e recomendacións recibidas e articula a coordinación cos departamentos correspondentes para a súa liberación.

Neste eido cómpre destacar o éxito da colaboración co Instituto da Lingua Galega da USC e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística no 2015 para a liberación do **Dicionario de pronuncia da lingua galega**⁽⁴⁾, con máis de 66.500 ficheiros sonoros en formato aberto, permitindo a súa reutilización a calquera persoa ou empresa interesada en crear aplicacións con base nesta ferramenta.

2.7.6.- Mellora da interoperabilidade con estándares abertos na Administración

Esta actuación contribúe ao compromiso da Amtega de garantir o **principio de neutralidade tecnolóxica** dos sistemas da Administración electrónica, polo que ningún cidadán pode ser discriminado por empregar unha ou outra tecnoloxía para relacionarse coa Administración. Isto implica, por exemplo, a necesidade de garantir que os cidadáns poidan realizar os seus trámites desde calquera plataforma en igualdade de condicións.

Para iso durante o ano 2015 a Amtega, a través da Oficina de software libre, realizou un esforzo na análise e busca de solucións para atopar a configuración adecuada para o **uso da sede electrónica** da Xunta de Galicia **dende contornos GNU/Linux**.

2.7.7.- Mellora da interoperabilidade con estándares abertos na Administración

Xunto coa migración a software libre dos postos de traballo de empregados públicos e dotación, é necesario realizar un **labor de sensibilización** que contribúa ao uso eficiente dos recursos e motive os seus usuarios. Para iso a Amtega impulsa actuacións de **formación** e promove a elaboración de **documentación de soporte e apoio** en materia de software libre.

Así, en 2015 a comisión de publicacións comezou a aplicar e poñer en práctica a **Guía de boas prácticas para a liberación de publicacións da Xunta de Galicia**, polo que dende a Oficina de software libre da Amtega prestouse especial atención

(4) http://www.mancomun.org/no_cache/actualidade/novas/detalledenova/nova/o-dicionario-da-pronuncia-da-lingua-galega-ven-de-ser-publicado-con-licenza-libre-no-repositorio-de/

á resolución das numerosas consultas relativas á correcta aplicación das licenzas libres nas publicacións da Xunta de Galicia.

Por outra parte, durante o ano 2015, levouse a cabo tamén unha **actualización do procedemento de liberación de software** da Xunta de Galicia, a fin de clarificar os pasos a seguir no procedemento, e simplificar o seguimento do mesmo por parte dos responsables de proxectos.

2.7.8.- Formación e difusión do software libre para a cidadanía

O impulso ao software libre propicia beneficios en termos de liberdade de elección, autonomía ou participación para a cidadanía. Así, a Amtega impulsa esta actividade para mellorar as condicións da poboación galega de cara ao acceso en condicións igualitarias aos **contidos e servizos dixitais** da sociedade da información e do coñecemento.

A este respecto, para agregar esforzos e contribuír á capilaridade das actuacións, a Amtega asinou **convenios de colaboración para o impulso do software libre** cos axentes do ecosistema galego do software libre: Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG), Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL), o Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG) e o Colexio Profesional de Enxeñería Técnica Informática de Galicia (CPETIG).

A través destes axentes conseguiuase a realización dun total de **79 actividades** que achegaron o software libre a preto de **4.000 persoas**.

ACTUACIÓNS DESTACABLES DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
MELISA	Ciclo “Tecnoloxía e software libre nos centros penitenciarios”	35 reclusos
GALPON	Ciclo “Sábados Libres na Altamar”	115 persoas
GPUL	“Akademy 2015”	Máis de 200 persoas
GHANDALF	IV edición da “Open Source Hardware Demonstratiron (OSHDDEM)”	Máis de 1.600 persoas
CIXUG	Cursos e seminarios de formación en software libre	Máis de 400 persoas

Ademais, co gallo de visibilizar e poñer en valor o traballo que realizan os universitarios galegos neste eido, a Amtega convocou a **VIII edición do Premio ao Mellor Proxecto Fin de Grao con Software Libre**, contando coa colaboración do CIXUG e as AGUSL.

Esta edición volveu acadar un **alto índice de participación**, rexistrándose un total de 14 candidaturas. O gañador do

premio foi o proxecto “Análise do comportamento humano en zonas transitadas”, aplicación que detecta os obxectos ou persoas que aparecen nunha secuencia de vídeo, para medir o “grao de anormalidade” da súa conduta, con base nos movementos que realizan co obxecto de facilitar a detección de condutas sospeitosas en gravacións de vídeos.

Por outra banda, o **portal mancomún** consolídase como **referencia e punto de encontro** e de comunicación sobre a actualidade do software libre en Galicia, ademais de ofrecer un conxunto integrado de servizos.

O **alto índice de actividade** deste portal reflíctese, por unha parte, no **volume de publicacións**, cun total de **94 novas** relacionadas co software libre (do panorama local e internacional), casos de éxito e iniciativas sobre software libre en Galicia en diversos ámbitos: institucional, empresarial, educativo, voluntariado, etc.; e por outra, no **nivel de tráfico rexistrado no portal** cunha media de **21.700 visitas mensuais** e 3.900 visitantes distintos ao mes.

2.7.9.- Formación e difusión do software libre para a cidadanía

As actuacións da Amtega para o estímulo do software libre no terceiro sector oríentanse a entidades asociativas que poden sacar proveito das vantaxes do **software libre no ámbito da economía social**.

Ademais, a permeabilidade deste sector coa cidadanía axuda a achegar o software libre a diferentes colectivos sociais, redundando en beneficios para eles. En concreto, celebráronse un total de **8 seminarios** de formación de distintas solucións de software libre orientadas ao terceiro sector, acadando un total de **47 horas** de formación e máis de **170 asistentes**. Un ciclo formativo que comezou cun seminario de introdución sobre as vantaxes do software libre neste sector para, nos seguintes, profundar en solucións de xestión de contidos, no uso de OwnCloud, Openstreetmap, ferramentas de participación en liña e civiCRM para a captación de fondos e xestión dos socios.

Ademais, durante o mes de decembro e como peche desta formación, organizáronse dous novos seminarios: un sobre ferramentas libres para o deseño gráfico e a edición: gimp, inkscape e scribus, e outro de desenvolvemento avanzado sobre Drupal.

Dentro deste ciclo de actividades cómpre salientar a celebración da **“Xornada de boas prácticas con software libre nas ONG e entidades de acción social”** para achegar ás entidades do terceiro sector experiencias reais coma os casos dos Centros penitenciarios de Galicia (Melisa), da migración a

software libre da Coordinadora Galega de ONGD (GPUL) ou a experiencia da radio comunitaria CuacFM. Tamén se expuxeron ferramentas de software libre para mellorar a xestión das entidades sociais, como o uso de tecnoloxías de información xeográfica e software libre na cooperación para o desenvolvemento da man da empresa ICARTO ou o uso de CiviCRM na xestión de socias e voluntarias en Enxeñería Sen Fronteiras. A xornada rematou coa presenza de Abertal, quen achegou o caso do portal voluntariadogalego.org: Unha xanela para o sector.

Coa intención de maximizar o alcance deste proxecto, tanto as xornadas como o ciclo formativo foron gravados e os vídeos están publicados para a súa visualización en diferido.

2.7.10.- Servizo de asesoramento a empresas TIC galegas para a liberación de software

A Amtega puxo á disposición das empresas TIC galegas un servizo de asesoramento en materia de software libre a través da Oficina de software libre, co obxectivo de contribuír a que o tecido empresarial poida **mellorar a súa oferta tecnolóxica e capacidade técnica** a través do uso de software libre, así como contribuír á **xeración de novas solucións reutilizables** publicando os seus desenvolvementos con licenza libre.

A este respecto no 2015 a Oficina atendeu un total de **17 consultas** de empresas galegas **relacionadas co propio proceso de liberación de software**, pero tamén con **necesidades específicas** derivadas das distintas **actividades da súa cadea de valor**, incluíndo: a protección do *Know how* ao liberar un proxecto, consultas sobre licenciamento, alternativas libres para TPV, o correo Exchange; alternativa libre para facturación, asesoramento para inicio de actividade de empresa de software libre ou sobre os pasos a dar para a liberación dunha aplicación software.

Ademais, recibíronse **peticións de colaboración** na difusión de actividades de empresas de software libre a través do portal mancomun.org ou relacionadas co uso do **CDTIC Virtual**.

2.7.11.- Formación e difusión do software libre para as pemes

En 2015 o **Centro Demostrador TIC** consolidouse como **elemento vertebrador** das actuacións de fomento das TIC en xeral e do software libre en particular dirixidas ao empresariado. Como novidade neste ámbito, en 2015 **complementouse o Centro Demostrador TIC Virtual coa elaboración de material formativo multimedia** para facilitar o uso e proba das solucións dispoñibles no mesmo.

Así, a finais de 2015, o CDTIC Virtual contaba xa cun total de 4 aplicacións libres: [owncloud](#), [xeshostal](#), [odoo](#) e [civiCRM](#). Para a súa difusión publicouse un **artigo tecnolóxico** sobre Odoo no portal mancomun.org e **vídeos de axuda e guía no uso** doutras aplicacións dispoñibles (Owncloud e CiviCRM). Para ver as principais actuacións desenvolvidas en 2015 no CDTIC pode consultarse o apartado 5.2.5. Centro Demostrador TIC virtual de solucións libre.

Por outra banda, cómpre salientar, no que respecta ás **actuacións de fomento e difusión de software libre, a colaboración con Agasol** como asociación representativa das empresas de software libre en dúas importantes actuacións como foron a organización da **“Xornada (r)evolu2ión”** adicada á difusión dos modelos de negocio do software libre e a **LibreCon 2015**.

Esta última constituíu un dos fitos de 2015. Trátase dun encontro internacional de software libre e tecnoloxías abertas, o maior evento de tecnoloxías abertas e de negocio, e está orientado á **creación de negocio e emprego** en todos os sectores da sociedade **a través das tecnoloxías libres, a innovación e o emprendemento**.

Celébrase anualmente en España, organizado por Asolif (a asociación estatal de empresas de software libre), e que este ano **tivo lugar na Cidade da Cultura** en Santiago de Compostela, contando tamén coa colaboración do Clúster TIC. Os eixes temáticos que se desenvolveron foron a electrónica de consumo, o sector do automóbil (sistemas de entretemento e automóbil conectado), a Internet das cousas e a nova educación.

A Amtega non quixo desaproveitar a oportunidade de participar no evento, polo que, ademais de colaborar nos labores de organización, participou na inauguración da conferencia cunha intervención da directora, así como coa presentación do relatorio **“Iniciativas de impulso e difusión do software libre promovidas dende a Xunta de Galicia”**.



Obxectivo 3: Cidadanía dixital



3.1.- Transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, proxecto Abalar

O obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora. Este programa posibilitará a modernización do sistema educativo, a mellora das capacidades TIC entre profesores e alumnos e a mellora da calidade na educación, o cal redundará nunha redución do fracaso escolar.

3.1.1.- Proxecto Abalar

A través deste proxecto perséguese a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. Este plan busca converter os colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais (CED).

As principais actuacións realizadas en 2015 son:

- Instalación das **aulas da fase V** para completar un total de 2300 aulas Abalar a 31/12/2015, e mantemento das aulas existentes.
- Instalación de servidores de centro, SAI, e equipos de comunicacións nos centros.
- Seguimento do uso do equipamento Abalar.
- Colaboración no desenvolvemento de contidos **educativos dixitais** e na súa catalogación e publicación no **repositorio de contidos educativos dixitais do espazoAbalar**.
- Evolución do portal **espazoAbalar** e da aplicación móbil **abalarMóbil** (con máis de 20.000 descargas acumuladas). Desenvolvemento de novas funcionalidades. Ampliación ata 236 centros educativos, cun ámbito de 10.200 docentes, 88.000 estudantes e 65.000 familias.
- Desenvolvemento e promoción da **Rede profesional do profesorado (Redeiras)**.

Especialmente relevante neste 2015, dentro do eixe de actuación de contidos dixitais do proxecto, foi a evolución de E-DIXGAL. No 2015 alcanzouse a cifra de 6.100 alumnos e alumnas e 997 docentes en 104 centros educativos. As melloras máis relevantes nos sistemas foron a integración co sistema de autenticación de Educación (LDAP), a integración con XADE, e a estabilización do cliente fóra de liña coa incorporación da sincronización de actividades de Moodle. Ademais, desenvolveuse unha ferramenta integrada de creación de contidos (en fase piloto) para facilitar a creación e o intercambio dos contidos elaborados polo profesorado.

Ademais dos contidos xa existentes para 5º de Primaria, incorporáronse novos contidos educativos dixitais para 6º de Primaria e 1º de ESO. Outras melloras salientables nos contidos foron a adaptación dos contidos de Netex ao novo formato de Scorm, e a posta á disposición do profesorado de 5º de Primaria de material didáctico específico de Edebé.

3.1.2.- Dotación de equipamento informático e comunicación aos centros educativos públicos

Dotación aos centros educativos públicos de ensino non universitario das comunicacións internas e de acceso á rede corporativa da Xunta de Galicia, e do equipamento micro-informático (computadores persoais, portátiles, encerados dixitais, proxectores, servidores de centros, etc.) nas dependencias administrativas e educativas.

- **Rexistro e xestión das solicitudes** dos centros educativos.
- **Dotación de material TIC aos centros:** ao longo do 2015 dotouse os centros con **5.700 ordenadores, 500 portátiles, 650 videoproxectores, 2000 netbooks alumno, 200 impresoras láser e 53 equipos multifunción**. Ademais foron instalados **puntos de rede en 2.750 aulas de 475 centros educativos**. Co gallo de conseguir una integración plena das novas tecnoloxías na aula, instaláronse kits de aula dixital (portátil, encerado dixital, proxector, alt falantes) en **2.950 aulas de 680 centros** (todas as aulas de centros públicos entre 5º de Primaria e 1º de ESO), e **dotación adicional doutras**

1.000 unidades para as aulas de 1º e 2º de Bacharelato e aulas específicas (PDC, PMAR, etc.).

- **Mellora da conectividade dos centros:** pasando no 2015 dunha velocidade media da conexión á rede corporativa dos centros educativos de 26,6 Mbps a acadar unha **velocidade media de 58 Mbps** con **370 centros** con velocidade de 100 ou 200 Mbps.





3.3.-3.4.- Rede CeMIT e Voluntariado dixital (Plan de inclusión dixital)

Durante o ano 2015 avanzouse no desenvolvemento das iniciativas destinadas á inclusión dixital da cidadanía galega coordinadas pola Amtega, e en colaboración co resto de axentes implicados na promoción da sociedade da información en Galicia.

A Rede de aulas CeMIT e os recursos vinculados a ela dan soporte ao desenvolvemento ao longo de todo o territorio galego dun amplo catálogo de servizos para a redución da fenda dixital a través de actividades coas entidades locais e outros axentes. Neste enfoque colaborativo cobra un papel destacado a dinamización do Programa de voluntariado dixital.

3.3.1.- Programa de actuacións no ámbito local

Co fin de dar continuidade aos servizos da Rede CeMIT e levar a cabo as actuacións de inclusión dixital nos concellos galegos, en 2014 aprobouse no Consello da Xunta unha prórroga do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a Fegamp, para o desenvolvemento da inclusión dixital no eido da Administración local.

Mediante esta addenda, a Amtega, a través da FEGAMP, achegou en 2015 **767.774,70 euros a 61 concellos para a realización de actividades destinadas á inclusión dixital da cidadanía** en todo o territorio galego. As aulas CeMIT de referencia que acadaron un alto nivel de actividade de inclusión dixital recibiron entre 7.250€ e 15.000€ para a realización de actuacións neste ámbito.

Ademais, o 10 de decembro de 2015 foi aprobada no Consello da Xunta a III addenda do devandito convenio, polo que en 2016 a Xunta e a Fegamp seguirán colaborando para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos.

3.3.2.- Estratexia de dinamización do voluntariado dixital

O Programa de voluntariado dixital canaliza a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas do ámbito tecnolóxico, a colaboración das asociacións sen ánimo de lucro e o aproveitamento das infraestruturas públicas para impulsar a inclusión dixital en Galicia.

Durante o ano 2015 deuse continuidade ao mencionado programa, achegando as novas tecnoloxías e favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía, especialmente entre os colectivos en risco de exclusión dixital, alcanzándose os seguintes resultados:

- **Máis de 460 voluntari@s dixitais** participaron de forma activa no programa realizando accións de voluntariado dixital e colaborando en xornadas.
- **122 entidades colaboradoras**, das cales 21 son organismos colaboradores, 79 entidades de acción voluntaria e 22 mecenas dixitais.
- **As actividades do programa beneficiaron a máis de 18.000 persoas** facendo foco en **6 colectivos** (maiores, persoas con discapacidade, persoas reclusas, persoas desempregadas, rapazas e rapaces novos e entidades do terceiro sector).

VOLUNTARIADO DIXITAL	Nº
BENEFICIARIOS	18.000
VOLUNTARIOS	460
ENTIDADES COLABORADORAS	122
COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN ATENDIDOS	6

O involucramento de persoas voluntarias nas actividades de inclusión dixital exerceu durante 2015 un papel destacado na **dinamización de accións de formación nas aulas da Rede CeMIT**, e no **soporte ás entidades do terceiro sector**. Destaca a organización de actuacións de **sensibilización e promoción das novas tecnoloxías** específicas **para distintos grupos sociais**, entre outros:

- persoas maiores, en relación co uso do correo electrónico, blogs, redes sociais, ofimática, etc.
- xuventude, por exemplo, a través do ciclo de cursos “Adestra os ollos coas TIC” no Concello de Ames.
- e a realización de obradoiros tecnolóxicos nos centros penitenciarios de Galicia en colaboración con outras entidades.

Por outra parte, no marco do **Plan de formación voluntariado dixital 2015** deseñáronse sesións de formación para ofrecer ás persoas voluntarias ferramentas e metodoloxías avanzadas para xerar ideas, detectar necesidades e resolver problemas, apostando pola innovación como un proceso colaborativo. Neste senso, destacou a Xornada **“Design Thinking para a Innovación Social Dixital”** (consulta o [programa formativo](#) e o [vídeo da xornada](#)).

Os coñecementos adquiridos en sesións coma as anteriores permitiron que as persoas voluntarias colaboraran durante o ano no Proxecto CeMIT-Innova nos Concellos de Vimianzo, Sarreaus, A Estrada e A Coruña e a participación no I Hackatón solidario ‘Intro para todos’ para mellorar a usabilidade e accesibilidade dos ordenadores da aula CeMIT de Padrón.

O Plan de formación incorpora tamén contidos específicos de promoción do uso do software libre. Neste senso destacou o **“Programa en software libre para o terceiro sector”** formado por 8 obradoiros prácticos, e rematou coa “I Xornada de boas prácticas con software libre nas ONG e entidades de acción social”.

3.3.3.- Web de inclusión dixital e evolución funcional de XEA

Durante o ano 2015 comezouse o deseño e elaboración dun novo espazo web que integrará nun único espazo os servizos, proxectos, iniciativas e actividades desenvolvidas pola Xunta no ámbito da inclusión dixital. Está previsto que se poña en funcionamento ao longo do ano 2016.

En paralelo, co fin de mellorar os servizos prestados á cidadanía e aos axentes participantes nas actividades de inclusión dixital, evolucionáronse as seguintes ferramentas:

- **Páxina web CeMIT.** En 2015 adaptouse con novas funcionalidades que melloran a usabilidade e orientación aos usuarios dispoñendo dun espazo privado no que o usuario pode consultar a súa actividade e cursos, recibir comunicacións do centro...

PÁXINA WEB CeMIT	Nº
VISITANTES	+ 86.375
USUARIOS REXISTRADOS	+ 52.743
VISITAS	+ 277.453

- **Plataforma de xestión integral de centros CeMIT (XEA).** Durante 2015 optimizáronse as funcionalidades da xeración de informes de actividade, dando unha visión de detalle aos responsables das aulas, a configuración dos cursos e outras melloras na explotación da información. Ademais, a plataforma de teleformación (Espazo Multimedia de Aprendizaxe -EMA-), mellorou o seu deseño gráfico.

Coa finalidade de dotar dos coñecementos dixitais básicos as persoas cunha menor experiencia no ámbito dixital, dinamizouse o programa de alfabetización dixital.

3.3.4.- FAITE DIXITAL: alfabetización dixital

Co obxecto de **continuar reducindo a fenda dixital** das persoas que nunca empregaron as TIC, en 2015, por unha banda, impartíuse formación básica no emprego e manexo das TIC e, por outra banda, realizouse unha **adecuación do catálogo formativo** da Rede establecéndose 3 itinerarios formativos cos seus cursos específicos: “Formación dixital básica” que dispón de 8 cursos, “Seguridade TIC básica” con 4 cursos e “Dispositivos móbiles” con 7 cursos.

Durante estes meses **facilitóuselles a todos os axentes das Aulas CeMIT diversas actividades formativas** para completar a súa formación.

En paralelo ás actividades do itinerario formativo da Rede CeMIT, organizáronse outras iniciativas para achegar as TIC á cidadanía con menos coñecementos, en relación a:

- **Capacitación no uso de novos dispositivos**, por exemplo mediante o proxecto **“Aprende a usar o smartphone”** que, en colaboración coa Fundación Vodafone, conseguiu introducir ás persoas maiores no manexo dos teléfonos móbiles. En total realizáronse 27 cursos en 17 aulas da Rede CeMIT con máis de 350 horas de formación.
- **Uso seguro e responsable de Internet**, púxose en marcha o proxecto **“Rapaciñ@s: A tecnoloxía ben segura”** no que se realizaron unha serie de charlas informativas por toda a comunidade da man das colexiadas e colexiados do CPEIG dende o pasado 3 de outubro.
- Envellecemento activo e promoción dos **beneficios do uso das TIC na vida cotiá**, destacando o proxecto da Aula CeMIT **“Fálame de San Sadurniño”**, que obtivo o Premio Europeo ACTing. A iniciativa foi seleccionada entre outras 36 e presentouse coma unha actividade colaborativa na que participaron unhas 230 persoas (sobre todo persoas maiores), e que se materializou nun blog, unha canle de YouTube e presenza nas redes sociais, dando a coñecer o concello a través dos seus veciños.

Ademais das actividades de alfabetización dixital, continuouse coas accións para dotar a cidadanía de capacidades dixitais que lle permitan un uso integral das novas tecnoloxías na súa vida diaria.

3.3.5.- FAITE DIXITAL: capacitación avanzada

Ao longo de 2015 avanzouse na realización de formación en capacitación dixital, coa finalidade de salvar a segunda fenda dixital e acadar que a sociedade galega dispoña dos

coñecementos necesarios que lle permitan aproveitar as oportunidades e potencialidades das TIC dende un punto de vista persoal, profesional e social.

Neste eido tamén se realizou unha adecuación do catálogo formativo e establecéronse 9 itinerarios⁽¹⁾ formativos cos seus cursos específicos. Ademais, **actualizáronse os contidos formativos de 11 cursos de capacitación dixital**, os cales nos próximos meses estarán dispoñibles na plataforma EMA.

Como cómputo global da **formación presencial**, nos ámbitos da alfabetización dixital e a capacitación dixital, a Rede CeMIT, dende a súa posta en marcha en 2011, achegou as novas tecnoloxías a máis de **53.700 persoas e planificáronse máis de 186.600 horas de formación**. Durante o 2015 alcanzouse un incremento do 23 % con respecto ao total de usuarios rexistrados a finais do ano anterior.

REDE CeMIT	Nº
USUARIOS REXISTRADOS NA REDE	+ 53.700
HORAS DE FORMACIÓN PLANIFICADAS NA REDE	+ 186.600
AULAS CeMIT EN 92 CONCELLOS	98

As persoas usuarias da rede teñen a posibilidade de participar nos cursos presenciais a distancia. Neste senso, impartíronse **máis de 60 horas de formación avanzada a través de 12 videoconferencias do CNTGA e 3 co CDTIC**.

Ademais da formación do catálogo formativo Faite Dixit@l, os axentes TIC das aulas CeMIT e as entidades colaboradoras realizaron outras actividades formativas e charlas TIC que resultaron de gran interese para a cidadanía (Informática aplicada a explotacións gandeiras, Obradoiro “Emprender baixo a fórmula cooperativa en Servizos Sociais”, Obradoiro Scratch, etc.).

Este ano como novidade a Rede CeMIT puxo en marcha a iniciativa **“Banco de tempo”** na que se intercambian e comparten horas de formación a través de videoconferencia. Dende a súa posta en marcha, 14 centros da rede comprometéronse a intercambiar horas de actividades e cursos ampliando a súa oferta formativa. Ata o momento, realizáronse 17 actividades cun total de 222 horas de formación das que se beneficiaron preto de 500 persoas, cubrindo temáticas moi diversas.

No que respecta á **formación en liña**, cómpre destacar que a través da Plataforma de teleformación EMA rexistráronse máis de 3.300 persoas durante o ano 2015.

(1) “Capacitación avanzada en ferramentas TIC”, “Formación para empresari@s e emprendedores”, “Busca de emprego”, “Administración electrónica”, “Redes sociais 2.0”, “Internet: ocio e operacións dixitais”, “Imaxe, audio e vídeo”, “Ofimática en software libre”, “CODIX- Certificación competencias dixitais en ofimática” e “Seguridade TIC avanzada”.

3.3.6.- Certificación de Competencias Dixitais en Ofimática CODIX

O recoñecemento das competencias dixitais é un activo que reforza o perfil profesional das persoas cara á súa inserción laboral. Durante 2015, e dando continuidade ás actuacións iniciadas en 2014, facilitouse o acceso á obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX) a través da Rede CeMIT. Por medio desta certificación, a persoa titular pode acreditar as súas competencias en ofimática.

Organizáronse dúas convocatorias no ano 2015 para a realización dos exames presenciais nas aulas CeMIT e dúas convocatorias de teleformación titorizada con 12 semanas de duración, e de forma continuada estivo dispoñible a autoformación a través dos contidos na plataforma EMA.

En termos cuantitativos, **ofrecéronse 1.459 prazas para a obtención do CODIX**, nas cales **inscribíronse 1.147 persoas, das que se examinaron 977**. Finalmente **emitíronse 706 certificacións nesta competencia dixital**.

3.3.7.- Capacidades dixitais profesionais básicas

As habilidades dixitais básicas supoñen un aspecto crítico no ámbito profesional. Neste senso, a Amtega desenvolveu unha serie de accións formativas sobre a busca de emprego a través de Internet, a elaboración do currículo e carta de presentación, xestión do tempo, etc.

Ademais, elaboráronse contidos para a teleformación sobre computación na nube (cloud computing), Abanq (xestión empresarial), mercadotecnia nas redes sociais, comercio electrónico, etc., que a partir de 2016 estarán dispoñibles en EMA.

3.3.8.- Novos perfís e capacidades profesionais dixitais

Actualmente existe unha demanda continua de persoal cualificado no sector TIC, e a continua evolución tecnolóxica está facendo xurdir novos perfís profesionais que supoñen unha oportunidade de empregabilidade.

Co obxectivo de incrementar o nivel de coñecemento da cidadanía sobre os novos perfís profesionais no ámbito TIC e especialmente para concienciar da necesidade de adquirir novas competencias e habilidades dixitais, no 2015 púxose en marcha a campaña **“Un mes, unha profesión dixital”** en colaboración co CPEIG.

A actuación enmárcase na campaña europea e-Skills for Jobs 2015, e nela organizáronse 6 xornadas dedicadas a diferentes temáticas de interese coa participación de 29 profesionais: mercadotecnia dixital, contidos dixitais, banca do futuro, ámbito sociosanitario, tecnoloxías informáticas na arquitectura e xornalismo. Nestas xornadas tamén se realizaron sesións divulgativas de boas prácticas de mozos/as referentes en Galicia en profesións dixitais.

Como resultado, elaborouse o informe **“Recompilación de relatorios da Campaña 1 mes 1 profesión Dixital”**.

Máis aló da alfabetización e capacitación dixital, desde 2015 iniciouse, entre o colectivo de poboación tecnoloxicamente máis avanzado, unha serie de actividades para fomentar a súa participación nos procesos de innovación social dixital.

3.3.9.- CeMIT-Innova: espazos de innovación social dixital

Durante o ano 2015 puxéronse en marcha proxectos piloto para o desenvolvemento de novas iniciativas dixitais no ámbito da innovación social. Trátase do proxecto CeMIT-Innova, unha actuación colaborativa para o fomento da innovación social dixital en Galicia xunto con Fundetec.

O 24 de marzo realizouse o primeiro encontro, onde se presentou o proxecto e o concepto de innovación social dixital e comezouse a traballar en rede para a resolución de retos sociais (consultar vídeo de presentación [aquí](#)).

Presentáronse 20 proxectos e seleccionáronse 9 aulas da Rede CeMIT como experiencias piloto (Verín, A Estrada, Vimianzo, Boiro, Oroso, Padrón, Abegondo, San Sadurniño e A Coruña). Estas aulas foron impulsadas polos axentes TIC para converterse en lugares de diálogo e debate cidadán, para vertebrarse socialmente e coa tecnoloxía como ferramenta. Actualmente os pilotos xa están dando os seus primeiros resultados.

Ademais, tamén se elaborou o informe **“CeMIT-Innova: Guía metodolóxica para a innovación social dixital”**.

Por outra banda, o Colexio Oficial e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia convocou unha nova edición dos Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2015. E este ano a Amtega colaborou na categoría de **“Mellor proxecto TIC con beneficios sociais 2015”**.

Nesta categoría resultou gañadora a iniciativa **Aulas interactivas para a estimulación cognitiva de alumnos coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual de Down Galicia**.



3.5.- Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural

O obxectivo deste programa é promover as ferramentas tecnolóxicas que garanten un soporte ás necesidades anteriormente descritas para a correcta descrición, conservación e preservación dixital (no seu caso), catalogación, normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan desde arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros, e que se estima aproximadamente en 2.000 puntos de servizo.

- A correcta descrición, conservación e preservación dixital (no seu caso), normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan dende arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros.
- Desenvolvemento do soporte tecnolóxico para a catalogación do patrimonio e bens de interese cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa difusión.
- As necesidades de manexo documental dixital que se requiren no novo escenario, onde os documentos tradicionalmente físicos conviven con novos formatos dixitais, fan necesario aplicar criterios de integración de obxectos dixitais e físicos, de normalización e estándares e de integración e traballo en estruturas internacionais.

Durante o ano 2015 a actividade neste ámbito centrouse en:

- Pór en marcha dous grandes sistemas deste ámbito:
 - » O **sistema de xestión bibliotecaria da rede de bibliotecas** de Galicia. Baseado nun catálogo único e na plataforma Koha. E renovación da presenza web tanto da rede de bibliotecas, como das bibliotecas nodais.
 - » O sistema do **arquivo electrónico patrimonial**, como parte do Arquivo integrado dixital de Galicia.
- Garantir a continuidade dos sistemas vixentes.

A finais de 2015 a situación de centros xestionados era a seguinte:

- Bibliotecas xestionadas: 24 con AbsysNET (nodais e municipais), 1.521 con Meiga (bibliotecas escolares e municipais), 5 co sistema Koha (municipais).
- Arquivos municipais xestionados: 13 con Albalá, 133 con Xaral. Museos que manexan Domus: 7 museos.

3.5.1.- Mantemento e evolución de sistemas de información

Continuidade dos sistemas de información. Durante 2015 garantiuse a continuidade dos sistemas de información, abordando tarefas de soporte e mantemento dos sistemas da S.X. de Cultura e na D.X. de Patrimonio:

- Do sistema Domus para a xestión dos fondos dos museos dependentes da Xunta de Galicia.
- Do sistema Albalá para a xestión dos arquivos dependentes da Xunta de Galicia, e Xaral para a xestión dos arquivos municipais.
- Do sistema Absys para as bibliotecas nodais, e Meiga para municipais e escolares.
- Sistema básico de xestión do patrimonio.
- Cultura.xunta.gal e webs vixentes.

Axenda cultural de Galicia. Consolidación da Axenda cultural de Galicia (<http://cultura.gal/axenda>) e desenvolvemento da **aplicación móbil**. Reúne nun mesmo espazo a programación de eventos culturais, tanto os que organiza a Administración autonómica como outros de interese para a cidadanía.

A Axenda cultural inclúe, entre outras, as actividades promovidas pola S. X. de Cultura, S. X. de Política Lingüística, Agadic, Museos de Galicia, Arquivos de Galicia, Cidade da Cultura e Rede de bibliotecas de Galicia. Tamén se atopan as festas de interese turístico. Ata o momento leva publicados **máis de 650 eventos**.



A **aplicación móbil**, CulturaDeGalicia, está dispoñible para Android e iOS. Entre as súas funcións inclúe a xeolocalización e a información de como chegar aos eventos.

A axenda baséase no concepto de **reutilización por parte de sistemas e usuarios externos**, coas opcións de widget para a inserción da axenda, RSS de eventos e servizo web (JSON) da axenda.

En Abert@s, portal de open data da Xunta de Galicia, publicouse un conxunto de datos da axenda, accesible en formatos RSS, iCal e JSON: <http://abertos.xunta.es/catalogo/cultura-ocio-deporte/-/dataset/0045/axenda-cultura-galicia>

3.5.2.- Sistema de información para a xestión e difusión da Rede de bibliotecas de Galicia

- No que respecta ao sistema para a **catalogación e xestión dos fondos bibliográficos da rede de bibliotecas de Galicia**: Biblioteca de Galicia, bibliotecas nodais dependentes da Xunta de Galicia e servizos para as bibliotecas municipais, escolares e outras que dependen da rede, abórdouse a execución do proxecto de migración das bibliotecas nodais e 5 bibliotecas municipais á plataforma de catálogo único Koha. Durante 2015 abórdouse a parametrización do sistema e a preparación dos procesos de migración de catálogos. A migración efectiva farase no primeiro trimestre de 2016.



- No ano 2014 definírase o proxecto para a posta en marcha dun novo espazo en Internet que vai reordenar nun **ecosistema homoxéneo a presenza en Internet da Rede de bibliotecas de Galicia**, cuxo desenvolvemento se abordou en 2015 e cuxa publicación está prevista para o primeiro trimestre de 2016. Este ecosistema inclúe 8 portais, correspondentes a Biblioteca de Galicia, Rede de bibliotecas de Galicia, e cada unha das bibliotecas nodais.
- Por outra banda, abórdouse o mantemento dos restantes sistemas vinculados a esta rede: plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas

galegas **GALICIALE**; xestión de **enquisas**, programa **LerContaMoito**.

- En abril de 2015 publicouse a plataforma electrónica do catálogo de publicacións institucionais da Xunta de Galicia, **Librería institucional** (<https://libreria.xunta.gal>). Concentra o fondo editorial da Xunta de Galicia para poñelo á disposición do conxunto da cidadanía e das librerías. No momento da súa publicación o catálogo tiña cargados 773 títulos que, **a finais de 2015, eran xa 1.456 títulos publicados**. Con este portal deuse cumprimento ao artigo 11 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que no seu punto 4 di que “a Xunta de Galicia creará unha Librería institucional do Servizo de publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno”.



A librería en 2015:

- » 12.239 visitas ao portal
- » 214 usuarios rexistrados: 155 cidadáns e 59 librerías (39 galegas e 12 de fóra de Galicia)
- » 114 pedidos completados e 539 publicacións distribuídas (278 venais e 251 non venais)
- » Descargas totais de publicacións: 2.069
- » Accesos totais a consulta en bibliotecas: 927
- » Publicacións totais: 1.456 (773 cargadas antes da publicación e 683 cargadas posteriormente)

3.5.3.- Arquivo dixital de Galicia: Arquivo electrónico patrimonial

No marco de evolución do proxecto anteriormente mencionado **“Arquivo dixital, conservación do patrimonio e eliminación de papel nas relacións administrativas”** (0607_ARPAD_1_E), da 3ª convocatoria do programa POCTEP, e para a construción do Arquivo dixital de Galicia, estableceuse un **marco de referencia (MRA)**, aprobado pola resolución conxunta, do 15 de decembro de 2014, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Secretaría Xeral de Cultura para a xestión dos documentos electrónicos sobre o que se desenvolve o Arquivo dixital integrado de Galicia. No apartado “1.1.- Modernización da Administración”, xa se fixo referencia ao Arquivo electrónico administrativo.

Vinculado ao ámbito de catalogación e difusión do patrimonio, referímonos agora ao **“Arquivo electrónico patrimonial”**. Durante o 2015 levouse a cabo o desenvolvemento dos 3 compoñentes fundamentais que constitúen este Arquivo electrónico patrimonial:

- Sistema de **xestión de descrições arquivísticas**, utilízase dende os arquivos dependentes da Xunta de Galicia.
- Sistema de **recolección e difusión** de fondos patrimoniais dixitalizados.
- Sistema de **preservación** do fondo patrimonial.

Este proceso acompáñase coa migración dos fondos descritos nos sistemas actualmente viventes nos arquivos, e a integración dos obxectos dixitais.

O arquivo electrónico patrimonial formará parte do novo concepto de Galicianana como canle de difusión do **patrimonio cultural de Galicia**. Porase á disposición da cidadanía en 2016, unha vez validados os procesos de migración e integración de novos fondos dixitalizados.



3.5.4.- Ademais...

- Durante 2015, e tamén no marco do proxecto ARPAD, subministrouse diverso equipamento especializado en arquivos da rede.
- Así mesmo, e de xeito coordinado con diferentes axentes vinculados ao ámbito da xestión do patrimonio cultural, traballouse no deseño do proxecto XEOARPAD: “Patrimonio cultural da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: valoración e innovación, o cal establece un marco de traballo para acadar un modelo de información para a xestión homoxénea da información do patrimonio cultural da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, con especial fincapé na xeorreferenciación e na participación social na xestión, catalogación e difusión deste patrimonio. O deseño deste proxecto quedou rematado en decembro do 2015. Este proxecto presentouse adicionalmente como candidatura á 1ª convocatoria EP - INTERREG V A España Portugal (POCTEP), nun proxecto conxunto de administracións e universidades de ambos os lados da fronteira.



3.6.- Impulso á ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC

As tecnoloxías de información propoñen vías para contribuír ao fomento e difusión da lingua galega, tanto no seu uso cotián dentro da Administración pública e na sociedade galega no seu conxunto, como a súa difusión fóra do territorio e das comunidades galegas.

Inclúense neste apartado actuacións de utilización das TIC, en coordinación coa S. Xeral de Política Lingüística, para o impulso da ordenación, normalización e dinamización do uso adecuado da lingua galega.

3.6.1.- Recursos lingüísticos

- **Gaio:** O sistema de tradución automatizada da Xunta de Galicia (gaio.xunta.es), permite a tradución directa e inversa de textos e de webs en galego, castelán, portugués, inglés, francés e catalán. O servizo inclúe unha personalización de máis de 16.000 termos entre topónimos galegos, terminoloxía específica da Administración, etc.



Gaio público: <http://tradutorgaio.xunta.gal>

En setembro de 2015 preséntase o portal público do servizo de tradución Gaio. Está dispoñible en <http://tradutorgaio.xunta.gal/>. Deixou de ser unicamente unha ferramenta de uso interno na Administración para quedar aberto a toda a cidadanía.

En 2015 Gaio traduciu 123 millóns de palabras.

Produciuse un incremento do uso do servizo que se recolle na seguinte información estatística:

Tradutor interno (<http://gaio.xunta.es>)

ANO	Nº PETICIÓNS	PALABRAS TRADUCIDAS	TRADUCCIÓN DOCUMENTOS	TRADUCCIÓN TEXTO	TRADUCCIÓN URLS
2014	156.498	39.820.601	8.534	148.032	472
2015	217.672	61.574.664	13.467	202.069	1.474

Tradutor público (<http://tradutorgaio.xunta.gal>)

ANO	Nº PETICIÓNS	PALABRAS TRADUCIDAS
2015	1.084.518	61.704.737

- **Digalego:** Aínda que se presentou en público en xaneiro de 2016, foi en 2015 cando se abordou o desenvolvemento dunha nova versión do Dicionario Digalego, que forma parte das obras da editorial Ir Indo, adquiridas pola Xunta de Galicia para a súa preservación e difusión.



Dicionario galego Digalego: <http://digalego.xunta.gal>

Digalego é un dicionario en liña de lingua galega que, con máis de **65.000 entradas**, é unha das obras lexicográficas máis completas e actualizadas da lingua galega. Esta nova versión supón un **recurso dixital gratuito, accesible a través de Internet**, mellorando a consulta en liña tanto desde o punto de vista da accesibilidade como da empregabilidade. Digalego ofrece equivalencias en portugués, castelán, inglés, francés, italiano, chinés e alemán.

3.6.2.- Portal xurídico galego

Desenvolvemento completo do **sistema de publicación e edición do portal xurídico galego**. Lex.gal, que forma parte do proxecto de colaboración entre o Parlamento de Galicia, USC e Xunta de Galicia, para a recompilación do dereito galego. Ten recollidas na actualidade 583 normas. Queda pendente a súa publicación definitiva en Internet.

3.6.3.- Lingua.gal



O portal da lingua galega: <http://lingua.gal>

Para mellorar a usabilidade do portal, déuselle prioridade á busca directa de contidos e á súa organización ao redor das accións relacionadas coa lingua galega (coñecer, aprender, difundir...). Os contidos do portal organizaranse en tipoloxías de contidos, como pode ser: convocatorias, iniciativas, actividades, normativa, preguntas frecuentes, novas, eventos... e poden asociarse a varias áreas de actuación (coñecemento, divulgación, promoción...). Asemade, e grazas á nova taxonomía definida, nel é posible organizar o acceso á información segundo varios perfís de acceso: áreas de actuación (formación, promoción...), o tipo de usuario (técnico municipal, profesorado, estudante, pai e nai, investigador/a...) e o tipo de recurso (manual, guía, material didáctico...).

Publícase en setembro de 2015. Entre setembro e decembro de 2015 <http://lingua.gal> recibiu un total de **78.161 visitas**. Foron vistas máis de 385.000 páxinas.

3.6.4.- Toponimia e nomenclátor

Continuouse co mantemento dos sistemas vinculados ao proxecto de Toponimia: Mantemento do sistema de xestión da comisión de toponimia e desenvolvemento dun novo espazo en Internet do proxecto de toponimia que se publicará en 2016.

3.6.5.- Ademais...

Avaliación continuada da presenza da lingua galega no desenvolvemento en Internet da Administración pública galega.



3.7.- Ordenación e impulso da presenza da Administración pública en Internet

Seguindo o modelo definido no **Decreto 201/2011, do 13 de outubro**, a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en Internet evoluciona de xeito notorio a través de diversas liñas de traballo nas que se continuou avanzando ao longo de 2015 co obxectivo de:


- Mellorar a calidade da presenza das institucións.
- Fomentar as áreas vinculadas á divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega, dando a coñecer aspectos máis diferenciais da nosa comunidade.
- Fomentar as áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade e impulso das actuacións vinculadas ao goberno aberto e á transparencia.
- Promover canles de participación cidadá e mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo.
- Promover a reutilización de información do sector público.

3.7.1.- Canles institucionais na rede


Durante o 2015 mantivéronse e evolucionaron as diferentes canles institucionais na rede:

- O **portal web institucional da Xunta de Galicia**, referente dos servizos da Administración pública galega en Internet, **recibiu en 2015 un total de 6.445.099 visitas, cunha media mensual de 151.692 visitantes** distintos e 19.351.263 páxinas vistas. A seguinte gráfica amosa a **procedencia das visitas** recibidas no portal da Xunta no ano 2015 (coa correspondente desagregación do tráfico que ten por orixe as redes sociais). Os datos foron obtidos só en relación ás visitas externas ao portal (sen ter en conta polo tanto as internas, da propia organización).

Procedencia das visitas ao portal da Xunta no 2015



Procedencia das visitas ao portal da Xunta no 2015 dende redes sociais



3.7.2.- Diario Oficial de Galicia

Durante 2015 realizouse a evolución do sistema de información de soporte á publicación do Diario Oficial de Galicia:

- Integración do sistema do DOG co Taboleiro de edictos único, que entrou en vigor o 1 de xuño de 2015, dentro das previsións contidas na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Desenvolvemento dunha nova versión do sistema de soporte á publicación do Diario Oficial de Galicia, que se porá en marcha en 2016, e que inclúe os seguintes aspectos:
 - » Integración do proceso de publicación do DOG co Arquivo electrónico administrativo.
 - » Evolución do portal e dos servizos ao cidadán: melloras das buscas, accesibilidade...
 - » Integración da versión de difusión en portugués.

3.7.3.- Plataforma de contratos de Galicia

Durante 2015 abordouse o desenvolvemento dunha nova versión do sistema da Plataforma de contratos de Galicia. A publicación farase no primeiro trimestre de 2016.

Esta nova versión inclúe:

- Un cambio e simplificación dos procesos de xestión das publicacións.
- As adaptacións derivadas da publicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Na actualidade hai 234 perfís de contratante integrados nela.


3.7.4.- Coordinación do catálogo de portais e canles sociais

3.7.4.1.- O catálogo de portais e canles

A evolución do catálogo de portais web da Xunta de Galicia en 2015 continúa coa evolución agardada en canto a:

- **Redución no número de portais web**, camiñando así cara a un modelo máis coherente, simplificado, racional e eficaz procedendo a:
 - » Simplificar a rede de portais para favorecer a localización dos contidos que procuran os cidadáns.
 - » Integrar portais para un mellor aproveitamento dos recursos en beneficio da súa utilización común por todos os departamentos.
 - » Eliminar os portais obsoletos e de baixo interese para a cidadanía.
- **Incremento de iniciativas nas redes sociais** coas que se promoven canles de participación para mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo. Aínda que tamén permite establecer a necesidade de focalizar as pautas de uso das redes por parte da Administración pública galega.

Evolución catálogo (Portais Redes)



A seguinte gráfica mostra a **situación actual respecto da distribución de portais e redes** por departamentos e organismos dependentes a decembro de 2015.

Portais e Redes

22	Presidencia	54
21	Vicepresidencia e CPAPX	18
13	Facenda	3
18	Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	9
3	Infraestruturas e Vivenda	0
34	Economía, Emprego e Industria	50
48	Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	83
15	Sanidade	23
11	Política Social	13
12	Medio Rural	6
13	Mar	1

Representanse, deseguido, as novidades máis relevantes que se produciron no catálogo de portais en 2015, incluíndo tanto os portais de novas iniciativas como aqueles que corresponden a actualizacións de iniciativas web que existían con anterioridade:

Programa de garantía xuvenil en Galicia. Portal de divulgación do programa da Xunta de Galicia que se enmarca dentro da estratexia de emprendemento e emprego xuvenil, articulado para dar resposta á situación laboral na que se atopan moitos mozos e mozas en Galicia.

Data de publicación: xaneiro de 2015



<http://garantiaxuvenil.xunta.es>

Parque arqueolóxico da cultura castrexa. Portal divulgativo do Parque arqueolóxico da cultura castrexa con información de interese para as visitas, actividades e descrición do complexo castrexo e dos seus servizos.

Data de publicación: febreiro de 2015



<http://pacc.es/>

Librería institucional. Plataforma que centraliza a distribución e comercialización do fondo editorial da Xunta, tanto en formato físico coma electrónico, tanto venal coma non venal.

Data de publicación: abril de 2015



<https://libreria.xunta.gal>

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia. Portal do organismo que apoia o sector vitícola galego con información sobre transferencia tecnolóxica no sector, recursos xenéricos da vide, actividade investigadora, formación, etc.

Data de publicación: maio de 2015



<http://evega.xunta.gal/>

Eido local. Portal web da Administración local de Galicia que a Xunta de Galicia pon ao servizo das entidades locais para que estas poidan darlle información á cidadanía e que, ao mesmo tempo, sirva de vía de comunicación permanente entre todas as entidades locais e a Administración autonómica.

Data de publicación: xuño de 2015



<https://www.eidolocal.gal>

Plan estratéxico 2015-2020. Portal que promove a participación na elaboración do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Data de publicación: xullo de 2015



<http://www.planestrategico.gal>

Museo das peregrinacións. Portal web que ten por obxectivo inicial abordar a historia da cidade de Santiago e o fenómeno das peregrinacións. Tras varios anos pechado ao público, abriu definitivamente as súas portas en 1996 como museo de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia.

Data de publicación: agosto de 2015



<http://museoperegrinacions.xunta.gal>

O portal da lingua galega. Portal de divulgación da lingua galega e da actividade que leva a cabo, nesta área, a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Data de publicación: setembro de 2015



<http://www.lingua.gal>

Consellería de Sanidade - Sergas. Nova versión do portal corporativo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Data de publicación: setembro de 2015



<http://www.sergas.es/>

Laboratorio de Seguridade da Información. Portal do Laboratorio de Seguridade da Información que xorde co obxectivo de poñer á disposición dos usuarios unha canle de comunicación para a consulta de preguntas frecuentes, notificacións de incidencias e formación específica en Seguridade TI, entre outros asuntos.

Data de publicación: setembro de 2015



<http://labseg.sergas.es>

Galega 100x100. Portal da campaña de promoción do selo que distingue os produtos lácteos galegos de calidade.

Data de publicación: setembro de 2015



<http://www.galega100x100.gal/>

Plan de emprego xuvenil. Portal de divulgación do Plan de emprego xuvenil con recursos para a formación, a empregabilidade, as empresas e o emprendemento.

Data de publicación: outubro de 2015



<http://planemplegoxuvenil.xunta.es/>

Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia. Portal web da unidade que asesora á Consellería de Sanidade sobre a contribución das tecnoloxías sanitarias á mellora do nivel de saúde da cidadanía galega.

Data de publicación: outubro de 2015



<http://avalia-t.sergas.es>

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Portal web da Axencia e dos servizos do Centro de Transfusión de Galicia

Data de publicación: outubro de 2015



<http://ctg.sergas.es>

Campaña de vacunación da gripe. Portal promocional da campaña de vacunación antigripal 2015.

Data de publicación: outubro de 2015



<http://gripe.sergas.es/>

Portal da transparencia e Goberno aberto (1ª versión).

Primeira versión do portal web que recollerá toda a información que require a nova lei galega de transparencia e bo goberno (aprobada no Parlamento en decembro de 2015). En elaboración a 2ª versión.

Data de publicación: decembro de 2015



<http://transparencia.xunta.gal>

Rede Eusumo. Portal da Rede Eusumo de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Data de publicación: decembro de 2015



<http://eusumo.gal>

Portos de Galicia. Portal renovado do ente público que ten encomendadas as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e avance dos 123 portos dependentes da Xunta de Galicia.

Data de publicación: decembro de 2015



<http://portosdeg Galicia.gal>

Axencia de Coñecemento en Saúde. Portal web da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), unha entidade pública galega creada coa vocación de converterse no elemento nucleador do ecosistema de coñecemento e innovación en saúde en Galicia.

Data de publicación: decembro de 2015



<http://acis.sergas.es/>

Orzamentos 2016. Portal de difusión da Lei de Orzamentos de Galicia para 2016.

Data de publicación: decembro de 2015




<http://www.conselleriadeconomia.es/orzamentos2016>

3.7.4.2.- Presenza nas redes sociais

A finais de 2014 o catálogo de redes sociais da Administración galega en Internet (Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia) ascende a **260 iniciativas** nas redes sociais, que suman un total de **776.183 seguidores**. O seguinte gráfico amosa a distribución actual das iniciativas por canle:

Seguidores en todas as canles




As canles Facebook, Twitter e YouTube son as canles máis empregadas. Xuntas representan **745.910 seguidores, o 96 % do total**.


CANLE	2013	2014	2015
FACEBOOK	240.430	379.887	407.002
TWITTER	148.879	251.122	325.261
YOUTUBE	4.376	8.748	13.647
TOTAL	393.685	639.757	745.910

O gráfico amosa a evolución do número de seguidores en redes sociais do web institucional <http://www.xunta.es> e do portal da Amtega <http://amtega.xunta.es>

Xunta (Facebook Twitter)



Amtega (Facebook Twitter)



3.7.4.3.- Catálogo de aplicacións de mobilidade

A Xunta de Galicia responde á demanda de contidos adaptados aos dispositivos móbiles co desenvolvemento de aplicacións que identifica baixo a súa autoría para aumentar a confianza e fiabilidade dos usuarios. O Consello da Xunta do 30 de maio de 2013 autorizou á Amtega para actuar en nome da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e realizar todos os actos necesarios para a tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos e sistemas baixo a denominación única "Xunta de Galicia". O catálogo de aplicacións móbiles está publicado en <http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles>

En 2015 incorporáronse as seguintes:



Turismo de Galicia. Dirixida ás persoas que viaxen por Galicia. Trátase dunha ferramenta para facer máis cómodas as visitas, permitindo coñecer os puntos de interese turístico e localizar aqueles que se atopen próximos ao usuario.



Data de publicación: setembro de 2015

Axenda Cultura. Aplicación oficial da Xunta de Galicia para a consulta dos eventos culturais que teñen lugar en Galicia.



Data de publicación: novembro de 2015

Non piques – non peques. Permite coñecer cales son os peixes e mariscos máis habituais en Galicia, cal é a mellor época do ano para o seu consumo e como identificar, de forma moi sinxela, os tamaños mínimos legais para o seu consumo.



Data de publicación: outubro de 2015

escAPP. Aplicación móbil que a Xunta pon á disposición de todas as mulleres que poidan estar sufrindo unha situación de violencia de xénero en Galicia.



Galicia Calidade. Información actualizada sobre as empresas que contan con produtos amparados polo selo de calidade autonómico da Xunta de Galicia "Galicia Calidade".

Data de publicación: setembro de 2015

O catálogo inclúe **20 aplicacións móbiles**, que no seu conxunto tiveron **289.792 descargas**. A seguinte táboa recolle as 15 aplicacións máis descargadas:

CANLE MÓBIL	PLATAFORMAS	DESCARGAS
METEOGALICIA		117.548
METEOSEX		41.292
MOBEM		31.159
SENDEGAL		22.620
ABALAR		34.810
METEOROUTE		7.962
BONO IACOBUS		8.081
RECURSOS TURÍSTICOS		6.188
DOG		7.078
ENOTURISMO		3.812
PARQUES NATURAIS		5.055
CARNÉ XOVE		1.459
MUSEO CENTRO GAIÁS		751
PLATAFORMA DE CONTRATOS DE GALICIA		674
AXENDA CULTURA		669


3.7.5.- Reutilización de información do sector público. Servizos no mapa

O catálogo de datos abertos da Xunta de Galicia, accesible dende o portal Abert@s <http://abertos.xunta.es>, continuou durante o 2015 incorporando datasets.

Ao peche de 2015 o catálogo de datos do portal Open Data da Xunta de Galicia ten dispoñibles un total de **326 datasets**, 28 máis que os que estaban dispoñibles a finais de 2014 (298 dataset).

No que respecta ao **número de descargas**, o portal acumula **25.554** desde a súa publicación en 2012.

Descargas no portal Abert@s



3.7.6.- O dominio .gal

En xuño de 2014 o ICCAN (Corporación de Internet para a asignación de nomes e números) comunicou a aprobación da candidatura do dominio .gal, un logro que, logo dunha intensa década de traballo (iniciada en 2004 pola Asociación Punto Gal) coloca a Galicia cun espazo de seu na rede.

- **Xestión para o rexistro de dominios.** Ao longo de 2014 e parte de 2015, a Amtega coordinou os traballos de rexistro de dominios .gal, o que implicou abordar as tarefas de preselección de dominios pioneiros (primeira fase), a comunicación entre departamentos da Xunta para a selección dos dominios a incluír na segunda fase (abrente) e as solicitudes posteriores na etapa de rexistro libre. En total, rexistráronse nestas tres etapas máis de 600 dominios .gal para os distintos departamentos e entes da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O plan prevé unha adaptación ao novo dominio que se desenvolverá, de xeito paulatino, durante un prazo de dous anos (2015-2016), sen que isto supoña ningún custo adicional para a Administración autonómica. O proceso, iniciado en 2015, completárase de xeito progresivo ao longo de 2016, ano no que tamén se migrarán as contas de correo electrónico.

A Administración pública galega conta xa con 44 dominios .gal



3.7.7.- Intranet corporativa

En 2015 desenvolveuse unha nova intranet corporativa que prima os contidos colaborativos e a difusión do coñecemento na organización. Esta intranet porase en marcha en 2016.

3.7.8.- Medidas instrumentais

No relativo á aplicación das políticas web corporativas, no 2015 fíxose a revisión de 145 portais (ou de versións de portais) e 65 revisións de aplicacións (ou de versións de aplicacións).

3.7.9.- Ademais...

- En 2015, empregando a plataforma para a creación de **blogs corporativos**, creáronse os blogs:
 - » Responsabilidade social empresarial da Xunta de Galicia <http://blogs.xunta.es/rse/es/>
 - » Xardín suspenso (produción do Centro Dramático Galego) <http://blogs.xunta.es/xardinsuspenso>
- **Analítica web.** En 2015 incrementouse notablemente o número de portais que utilizan Google Analytics, a ferramenta que emprega a Xunta de Galicia para medir e analizar o tráfico web dos portais e servizos corporativos (visitas, interaccións dos usuarios coa web...). Monitorízanse a día de hoxe as visitas de máis de 80 portais e servizos web do catálogo da Xunta. Ademais de con portais web, actualmente tamén se realiza a análise dos datos de canles de YouTube (Xunta de Galicia e Secretaría Xeral de Política Lingüística) e de aplicacións móbiles (Axenda Cultura, Meteogalicia e Sendegal).

Cada mes xéranse e envíanse **16 informes mensuais automatizados**, cos que se informa os responsables funcionais de cada Consellería ou departamento responsable do comportamento do portal web correspondente. Eses informes son personalizados para cada portal, pero en liñas xerais inclúen datos como evolución do tráfico; número de páxinas vistas; duración media das visitas; sesións por navegador, por dispositivo e por canles de acceso; páxinas máis vistas; principais fontes (redes sociais e outras webs); buscas máis frecuentes dentro do sitio, etc.



Obxectivo 4: Transforma TIC



4.1.- Impulso do hipersector TIC

Esta iniciativa ten como obxectivo o impulso do hipersector TIC de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade da Comunidade, en xerador de emprego cualificado e, á súa vez, nun sector estratéxico na economía de Galicia.

En concreto, esta liña de actuación centrarase no aliñamento dos esforzos públicos cos do resto de axentes que conforman o ecosistema TIC galego, a través da posta en marcha do Programa TransformaTIC e da materialización do Pacto dixital de Galicia, para permitir mellorar o resultado efectivo das accións de impulso a este sector en Galicia.

4.1.1.- Programa de Apoio ao Emprendemento TIC en Galicia

No 2015 acadouse a consolidación do Centro de emprendemento “**Galicia Open Future**”, o programa que Telefónica, en colaboración coa Xunta no marco do Pacto dixital de Galicia, puxo en marcha en 2014 para a aceleración de startups en Galicia.

Galicia Open Future ten a súa sede na Cidade da Cultura e ofrece en cada unha das súas edicións os seus recursos e ferramentas para o desenvolvemento de 50 proxectos empresariais innovadores.

En 2015 celebrouse a segunda edición deste programa repetindo o éxito de participación da primeira (de 2014), espertando o interese de máis de 180 startups de toda Galicia e Portugal cincuenta máis que na primeira edición.

En concreto, o programa comezou a súa actividade no mes de setembro. Durante os **seis meses de duración** (prorrogables en períodos de 3 meses) os 50 emprendedores seleccionados recibirán formación e adestramento especializado mediante talleres prácticos, sesións inspiradoras ou de innovación aberta e demolabs.

Ademais, estes proxectos seleccionados poderán facer uso do **Programa de incentivos da Xunta de Galicia**, consistente

en patrocinios e axudas para a posta en marcha de proxectos emprendedores cun orzamento de 750.000€.

En concreto, as candidaturas seleccionadas contaron cun **patrocinio de 2.000€ por proxecto** como recoñecemento investigador e innovador e como apoio ao emprendemento. Adicionalmente, ao remate do programa, seleccionáronse os 3 mellores proxectos que recibirán unha **achega de ata 25.000€** e poderán acceder tamén a un **préstamo reembolsable** concedido por XesGalicia.

Por outra banda, no mes de decembro aprobouse en Consello de Xunta o acordo polo que se autoriza a subscrición do **convenio** marco de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia **para o fomento do emprendemento de base tecnolóxica e a innovación aberta** na Comunidade Autónoma de Galicia. Ao seu abeiro desenvolveranse servizos de incubación e aceleración, de apoio á busca de financiamento e de dotación de equipamento tecnolóxico.

4.1.2.- Posta en marcha das primeiras actuacións derivadas do Programa TransformaTIC

No 2015 iniciouse a posta en marcha das primeiras actuacións derivadas do Programa TransformaTIC, que aglutina os instrumentos e medios cos que conta a Xunta e os axentes do sector TIC para potenciar e reforzar o sector TIC de Galicia.

Así, no 2015 a Amtega e o Igape asinaron un **convenio de colaboración para a coordinación de actuacións de impulso á empresa dixital e industria 4.0**, que reforza a aposta pola incorporación efectiva e continua das TIC nos sectores produtivos da Comunidade.

A través de dito convenio, o apoio do Goberno galego ao impulso da empresa dixital e industria 4.0 suma un orzamento conxunto ata o ano 2017 de **máis de 2,3 millóns de euros**: 1,26 millóns investidos pola Amtega e 1,11 millóns polo Igape.

Este investimento destinarase á oferta por parte da Amtega e o Igape dun catálogo unificado de servizos ás pemes para a asistencia, diagnose e soporte na implantación de solucións nos ámbitos de empresa dixital e industria 4.0.

4.1.3.- Iniciativas para o impulso das vocacións tecnolóxicas en Galicia

Durante o ano 2015 levouse a cabo a elaboración do **“Estudo dos factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos, en enxeñarías e matemáticos en Galicia”**, unha iniciativa de Everis en colaboración coa Xunta no marco do Pacto dixital de Galicia, para permitir coñecer as causas da falta de vocacións científico-tecnolóxicas e poder abordar medidas que axuden a difundir as saídas laborais destas carreiras.

Así, co obxectivo de establecer un marco de colaboración adecuado para seu o desenvolvemento, asinouse un convenio entre a Amtega, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Everis.

Na realización deste estudo participaron 5.120 estudantes de 3º e 4º da ESO e de Bacharelato de 40 centros educativos de Galicia pertencentes ás catro provincias galegas.

O estudo, publicado o 14 de decembro do 2015, recolle os factores de impacto na elección vocacional, acompañados dunha serie de recomendacións de expertos procedentes de todos os ámbitos profesionais para incrementar o atractivo das carreiras científico-tecnolóxicas en Galicia ao redor de tres eixes: a posta en valor das oportunidades de emprego no sector, o reforzo da autopercepción das capacidades dos alumnos e a realización de accións que dean a coñecer a experiencia persoal de mulleres profesionais do sector TIC.





5.2.- Centro Público Demostrador TIC

No ano 2011 comezaba a súa andaina o Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC), como panca para o desenvolvemento da economía dixital. O CDTIC asume o rol de escaparate tecnolóxico e punto de encontro entre a demanda e a oferta de produtos e servizos tecnolóxicos, para incentivar o uso transformador das TIC para o crecemento, a mellora da competitividade e a internacionalización do sector empresarial galego. Dende a súa posta en marcha, leva realizadas máis de 160 actividades coa colaboración de 130 empresas TIC ás que asistiron máis de 1.000 empresas de diversos sectores.

Cómpre destacar neste ámbito as accións para a **formación e demostración de solucións libres**, a presentación de **proxectos singulares** tales como a 'Guía de solucións TIC en software libre para profesionais autónomos', ou a **actualización do 'MapaTIC.gal'**. Do mesmo xeito, a través do CDTIC virtual, ofrecéuselles ás empresas e usuarios a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres na nube.

Cómpre destacar o papel do CDTIC como catalizador entre a oferta e a demanda tecnolóxica, ofrecendo:

- Ao sector TIC, os medios e o apoio necesario para achegar as súas solucións TIC a outras empresas potenciais demandantes dos mesmos.
- Ás empresas doutros sectores produtivos, demostracións prácticas de solucións tecnolóxicas específicas do seu sector e formación práctica en materia TIC.
- Formación e capacitación tanto ás empresas TIC como ás empresas e autónomos, mellorando a empregabilidade dos mesmos e facilitando a incorporación das pemes, micropemes e autónomos á sociedade do coñecemento.

En conxunto, durante o ano 2015 mantívose en xeral o nivel de actividade do ano anterior coa realización de preto **de 100 actividades**, nas que o CDTIC achegou **máis de 80 solucións tecnolóxicas** de **máis de 70 provedores**.

Cabe destacar que en 2015 o Centro deu un **pulo** ás actividades baixo o formato de **sesións demostradoras**, que se caracterizan por estar dirixidas a grupos de asistentes cun perfil

axustado ao prototipo de posible demandante da solución TIC obxecto da sesión. Así, o volume destas actividades incrementouse preto dun 10 % respecto ao ano anterior.

Evolución principais indicadores CDTIC

Actividades

2014  106

2015  97

Empresas provedoras tecnoloxía

2014  67

2015  73

Solucións TIC

2014  64

2015  83

En 2015 o MapaTIC.gal consolidouse como escaparate da oferta TIC galega en Internet e punto de encontro entre e o sector tecnolóxico e os restantes sectores produtivos, rematando o ano con **máis de 350 provedores, case 850 solucións TIC galegas e 500 empresas non TIC como casos de éxito** de implantación de solucións tecnolóxicas.

5.2.1.- Fomento da innovación tecnolóxica no sector marítimo

No 2015 o CDTIC **completou a súa colaboración co proxecto STAMAR**, un proxecto europeo cofinanciado polo FEDER no marco da cuarta convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico. Este proxecto estivo **liderado pola Amtega** xunto con outras entidades e institucións de Irlanda, Escocia, Francia e Portugal; e contou cun orzamento total de 1.341.881,8€.

Stamar foi concibido co obxectivo de mellorar a competitividade e a capacidade de innovación das pemes do sector marítimo favorecendo os procesos de transferencia tecnolóxica a través da **creación dun centro transnacional demostrador das capacidades e tecnoloxías aplicables á industria marítima**, especialmente ás que favorecen o desenvolvemento económico e comercial, preservando a biodiversidade e facilitando un desenvolvemento sostible co medio ambiente.

As súas actuacións centráronse nos ámbitos de “Promover redes transnacionais, empresariais e de innovación” e o “Desenvolvemento de transferencias de coñecemento entre empresas e centros de investigación”. En concreto, a Amtega levou a cabo as seguintes actividades ao longo do ano 2015:

- Elaboración dun catálogo de tecnoloxías TIC de Galicia que aínda non están totalmente implantadas no mercado.
- Elaboración, xunto co resto de socios, dun **Portfolio transnacional das mellores tecnoloxías TIC dispoñibles no Espazo Atlántico** (Portfolio BAT).
- Creación dun **Centro Demostrador Transnacional de Tecnoloxías** con seis sedes físicas (Galicia, Norte de Portugal, Sur de Portugal, Bretaña, Irlanda e Escocia) e imaxe corporativa propia.
- Organización de dúas **xornadas de demostración tecnolóxica** nas instalacións do CDTIC (5 de maio e 12 de xuño) ás que asistiron ao redor de 80 persoas en total, e nas que se presentaron 15 tecnoloxías de entidades TIC, tales como Quadralia, Marexi, Xeopesca, USC, SCIO, Marine Instruments, Magallanes renovables, SAEC DATA, GPEC consortium e GSERTEL.
- **Valorización, seguindo a metodoloxía Technology Push**, da tecnoloxía SafeSkipper (Mytech).
- Organización dunha **xornada de cocreación** nas instalacións do CDTIC (3 de setembro) na que se xuntaron entidades investigadoras e empresas do sector marítimo en busca de vías de colaboración.
- **Pilotaxe** da tecnoloxía Calipesca (SIVSA) para a súa implantación na lonxa de Fisterra.
- Elaboración dun **estudo de necesidades tecnolóxicas** do sector marítimo (pesca extractiva, náutica, transporte, alimentación, naval...).
- Organización de 2 **workshops de divulgación** do proxecto e de presentación de tecnoloxías ao sector naval (en Vigo o 14 de maio e en Ferrol o 15 de maio), con

asistencia dunhas 30 persoas de empresas do sector e presentación de 5 tecnoloxías de SOERMAR, VICUS DT, ITG e AIMEN.

5.2.2.- Fomento da innovación tecnolóxica no relativo ás solucións móbiles para empresas

No ámbito temático da mobilidade en 2015 destaca a celebración da **Xornada Smartpeme, peme móbil e conectada** para trasladar ás empresas a importancia de incorporar as solucións de mobilidade á súa organización.

Para iso centráronse os esforzos en atraer tanto empresas non tecnolóxicas que aspiraban a cubrir as súas necesidades, como empresas tecnolóxicas interesadas en presentar as súas solucións. A finalidade foi a de establecer **dinámicas de colaboración e relacións comerciais**, a partir das presentacións da oferta tecnolóxica.

Para reforzar os contidos da xornada, presentouse o **Catálogo de provedores e solucións TIC en mobilidade, PemeMóbil.gal**, onde se recolleu unha mostra significativa de 60 empresas TIC galegas que ofertan máis de 110 solucións en mobilidade para as empresas, permitindo realizar unha actualización do MapaTIC.gal.

Ademais, no ámbito das actuacións orientadas a **fomentar o coñecemento de solucións en mobilidade** entre as empresas, celebráronse unha serie de **seminarios de formación e sesións demostradoras específicas** da materia: “Cloud ao servizo da innovación das pemes”, “Aprende a xestionar o teu tempo e a túa produtividade desde o móbil”, “Como crear unha app e non morrer no intento: que cousas debo coñecer e erros frecuentes”, “Desenvolvemento de aplicacións con Android”, entre outras.

O **peso desta temática sobre a actividade global do Centro** ascendeu en 2015 a un **15% en volume de actividades** desenvolvidas e atraeu a **máis dunha quinta parte do número total de asistentes** (preto de 250).

5.2.3.- Programa para o fomento da innovación TIC no sector do turismo

De forma paralela ás actuacións indicadas no punto anterior, no ano 2015 o CDTIC desenvolveu un **programa de actividades de apoio á divulgación de solucións**, tecnoloxías e provedores **especializados ou de aplicación no sector do turismo**. Para levar a cabo este programa de actividades, o CDTIC apoiouse activamente no Clúster Turismo de Galicia.

Entre as actividades que se realizaron destacan as seguintes:

- **Sesións de formación** relacionadas coa temática do turismo:
 - » Dúas nas instalacións do **CDTIC** en Santiago de Compostela: “Marketing de atracción de turistas: deixade que os turistas se acheguen a min” e “Potencia a web do teu establecemento turístico e convértea no teu mellor comercial”.
 - » Unha celebrada na aula **CeMIT de Vimianzo**, “Marketing de atracción de turistas: como xestionar as ferramentas existentes”.

Para maximizar o proveito destas sesións de formación e aproveitando a capilaridade que ofrece a rede CeMIT, **estas sesións retransmitíronse por streaming** ás aulas CeMIT que o solicitaron, aforrando o desprazamento ás persoas interesadas.

Na liña de fomento da innovación TIC no sector turístico, cómpre salientar que as empresas do sector contan coa aplicación de xestión hoteleira **Xeshostal**, dispoñible no **CDTIC virtual** desde 2014, que ata a data sumou un total de **15 solicitudes para probala**.

5.2.4.- Servizos de apoio e capacitación tecnolóxica a empresas e autónomos e empresas

O CDTIC ofertou máis de 130 horas de formación distribuídas a través de 28 seminarios aos que asistiron máis de 285 profesionais, nos que a mercadotecnia dixital, a xestión de contidos web, a mobilidade e software libre foron as temáticas máis demandadas. Neste último caso celebrouse un Programa de formación en software libre para o terceiro sector no que participaron máis de 120 asistentes.

Oferta formativa (🔷 Horas formación 🔷 Asistentes)

Xestión empresarial 🔷 6,04 % / 5,30 %

Xestión contidos web 🔷 27,17 % / 22,29 %

Software libre 🔷 17,14 % / 9,24 %

Sáude e benestar 🔷 3,02 % / 0,81 %

Plataformas colaboración 🔷 2,61 % / 0,95 %

Mobilidade 🔷 10,69 % / 21,55 %

Marketing dixital 🔷 11,51 % / 34,16 %

Gamificación 🔷 3,02 % / 1,04 %

Emprendemento TIC 🔷 0,00 % / 1,67 %

Contidos dixitais 🔷 5,00 % / 2,94 %

Cloud 🔷 2,61 % / 1,57 %

5.2.5.- Centro Demostrador TIC virtual de solucións libres

O 2015 foi o segundo ano de actividade do **Centro Demostrador TIC virtual**, o servizo a través do cal se pon á disposición das empresas e persoas usuarias a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres que están aloxadas na nube. Deste xeito poden **coñecer e avaliar a utilidade** e adecuación ás súas necesidades **de solucións tecnolóxicas dispoñibles** para o seu sector durante un período inicial de 15 días, ampliable ata un mes.

Este servizo iniciouse coas aplicacións Owncloud e Xeshostal, dispoñibles desde 2014; mentres que ao longo de 2015 foron incorporadas outras dúas, estas con orientación a organizacións do terceiro sector:

- **Odoo**, un sistema de xestión empresarial libre que destaca por ser un ERP moi potente e altamente personalizable grazas á gran cantidade de módulos dispoñibles. O CDTIC virtual ofrece dúas configuracións diferentes de proba: unha orientada a **empresas de produción**, pensada para a xestión dos procesos de fabricación; e outra **solución orientada a empresas de compra-venda** que inclúe módulos de TPV e e-commerce.
- **CiviCRM**, un software de xestión de relacións cos clientes orientado ao seu uso por parte de organizacións que traballan no eido social (asociacións, fundacións, ONGD, etc.).


5.2.6.- Programa de promoción, difusión e diversificación territorial do CDTIC en colaboración cos axentes destacados do sector TIC

A colaboración con CeMIT permitiu distribuír xeograficamente as actividades do CDTIC e contribuíu a achegar a oferta de actividades do CDTIC ás empresas de diversos puntos de Galicia. Neste sentido, realizáronse accións na Coruña, Vigo e Ourense.

Así mesmo, **o catálogo de servizos do CDTIC incorporou en 2015 as gravacións**, como **complemento ao streaming** dirixido a aquelas persoas que queren seguir as actividades levadas a cabo polo CDTIC, pero que non teñen a posibilidade de desprazarse ata as súas instalacións en Santiago.

Realizáronse igualmente **campañas de promoción web específicas** para o CDTIC e o MapaTIC. Tamén se realizaron accións de presentación do CDTIC a algúns clústeres e asociacións empresariais.

Perfil provedores TIC



Por último, e dada a importancia da páxina web como principal canle de comunicación entre o CDTIC e as empresas, durante o 2015 incrementouse o número de visitas respecto ao 2014 en preto dun 10 %:

- 31.000 visitas
- 130.916 páxinas vistas



5.3.- Smart Turismo

Posta en marcha de iniciativas para a difusión e promoción do turismo en Galicia, tanto dende as actividades da Administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

O programa está dirixido ao desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica do turismo de Galicia, baixo o concepto smart, no que a tecnoloxía se concibe como unha ferramenta que fai os servizos públicos máis interactivos, eficientes e integrados para o cidadán.

5.3.1.- RITGA: Rexistro de información turística de Galicia

Finalización do desenvolvemento e inicio da posta en marcha do sistema RITGA – Rexistro de información turística de Galicia. Supón un sistema único para a consolidación e xestión unificada da información rexistral e promocional. Inclúe:

- **Tramitación dos procedementos administrativos** para a inscrición nos rexistros de ámbito de turismo.
- Xestión de **información promocional** dos recursos turísticos recollidos no RITGA.

A información, tanto de carácter administrativo como promocional, é a utilizada para a publicación dos portais de difusión de turismo de Galicia.

En 2015 abordouse tamén o desenvolvemento de novas das áreas salientables do sistema que se implantarán na primeira parte do ano 2016.

- Xestión das **actividades de inspección e de sancións**.
- **TurEspazo**, frontal dixital de relación entre os empresarios e profesionais do sector e a Administración autonómica. Con base nesta relación tamén fomenta a vinculación entre os propios profesionais, mediante outras iniciativas que forman parte de Smart Turismo, e cos turistas e potenciais turistas, intermediados pola publicación da información promocional e comercial dos establecementos nos portais da rede de Aturga.

5.3.2.- Smart Camiño

No marco dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a EOI, e dun segundo convenio coa entidade pública empresarial Red.es, desenvolveuse a plataforma Smart Camiño. Os elementos máis salientables desenvolvidos en 2015 desta plataforma son os seguintes:

- **Portal específico para o Camiño de Santiago**, caminosantiago.gal, con información e servizos relativos ao Camiño de Santiago, e integrado co RITGA para o acceso aos recursos turísticos vinculados ao Camiño. Amplía o ámbito do portal actual facilitando información e servizos orientados aos seguintes aspectos: preparación da viaxe, información útil para a realización da viaxe e difusión da experiencia na propia web. Tamén posúen un espazo as empresas do Camiño, que terán na plataforma un espazo para publicitar as súas ofertas.
- Desenvolvemento dunha **app de servizos para o peregrino** ao longo do trazado do Camiño.
- Dotación e instalación de **conectividade e rede wifi** en 69 albergues públicos do Camiño de Santiago. A finais do 2015 o 80 % destes albergues dispoñen xa da infraestrutura.

Estas actuacións enmárcanse dentro dos obxectivos de dous convenios de colaboración:

- **Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** e a Axencia de Turismo de Galicia para impulsar e consolidar o Camiño de Santiago como destino turístico intelixente. Asinado o 11 de xuño de 2014, ten como obxectivo específico a dotación, por unha banda, de conectividade a Internet por parte da Xunta de Galicia e, por outra banda, do equipamento wifi por parte de Red.es. Todo isto nos albergues de peregrinos de titularidade pública situados nas rutas xacobeas galegas.
- **Convenio de colaboración entre a fundación EOI, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia** e a Axencia de Turismo de Galicia, para levar a cabo un proxecto para o fomento da innovación e a competitividade nas pemes do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago “camiño intelixente”.

5.3.3.- Enquisas turísticas

- Mantemento e adaptación dos sistemas vinculados a **enquisas turísticas**, establecidas pola AGE, polo IGE e pola propia Axencia de Turismo.

5.3.4.- Ademais...

- Desenvolvemento dunha aplicación de **consulta e difusión de recursos turísticos de Galicia**, deseñada e desenvolvida para o seu emprego con pantallas táctiles de gran, mediano e pequeno formato, utilizando como base información xeorreferenciada.
- Desenvolvemento da **app Turismo de Galicia**, publicada nos markets da Xunta de Galicia, casas de turismo rural, hoteis, pensións, apartamentos, cámpings, restaurantes, patrimonio cultural, arqueoloxía, museos, festas, artesanía, información turística, etc. Todos os recursos turísticos de Galicia están dispoñibles no móbil grazas a esta aplicación. Dispoñible nas plataformas IOS e Android.





5.4.- Modernización do transporte público en Galicia

Este programa posibilitará a modernización do sector do transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios.

5.4.1. Mantemento e evolución do Sistema de información do transporte metropolitano de Galicia

As principais actuacións levadas a cabo nos sistemas de información do Sistema de información do transporte metropolitano de Galicia (SITME, SITBUS e TMGSOCIAL) son:

- **SITME (Sistema de información do transporte metropolitano de Galicia):** fixéronse as adaptacións necesarias para a interoperabilidade co SAE de mobilidade de Galicia e para a migración tecnolóxica da aplicación á plataforma corporativa da Amtega. Este ano incorporouse ao sistema a Área de Transporte Metropolitano de Vigo.
- **SITBUS (Sistema de información do transporte por autobús):** migrouse o módulo de xeración de documentos para que sexa compatible co paquete ofimático LibreOffice.

5.4.2. Sistema de tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes (IURIST)

Desenvolveuse un módulo para a descarga automática de expedientes con sentenza firme do rexistro de infractores do Ministerio de Fomento, a migración do módulo de xeración de documentos para que sexa compatible co paquete ofimático, LibreOffice, e uns servizos para a consulta de infraccións dende o Rexistro de licenzas e autorizacións interurbanas de taxi, RTAXI.

5.4.3. Sistema de axuda á explotación do Plan de modernización do transporte

No ano 2015 realizouse a fase de diálogo competitivo coas empresas: INDRA, GMV SISTEMAS S.A.U. e a UTE ELETRONIC TRAFIC SA (ETRA). Tras a presentación das ofertas finais, o contrato adjudicouse á empresa GMV SISTEMAS S.A.U. por un importe total de 2.123.525,80€ (IVE incluído) e un prazo de execución de 5 anos (ata o 14/07/2020). Ademais, asináronse os contratos privados entre os operadores adheridos (48) e GMV SISTEMAS S.A.U., o que supón un total de 404 equipos a subministrar e instalar.

No mes de novembro procedeuse á instalación e posta en marcha dos compoñentes software no centro de proceso de datos CPDi da Xunta de Galicia. O 1 de decembro comezou un programa piloto coa empresa Transportes Mosquera nos contratos de xestión (V-0640 e V-1110).

O Centro Operativo de Mobilidade de Galicia (COMGA) comezou a prestación dos seus servizos o 10 de decembro no Gaiás.

5.4.4. Rexistro público de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi

O 30 de xaneiro de 2015 publicouse no DOG a orde pola que se regula o Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia. O 1 de febreiro púxose en marcha a primeira fase do proxecto –xestión do rexistro–. Na orde fixébase un prazo de 3 meses para que os concellos revisasen e completasen a información obxecto de rexistro importada dende o sistema de información do transporte do Ministerio (SITRAN).

Desenvolveuse a fase 2 do proxecto que inclúe a tramitación telemática de todos os procedementos (alta, transmisión, visado, rehabilitación, extinción e suspensión) asociados aos títulos habilitantes de transporte de viaxeiros. Para a posta en marcha desta fase é necesaria a publicación dunha orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda na que se regulen os procedementos coa finalidade de obter unha simplificación dos trámites.



5.5.- Potenciar a xestión electrónica no sector agrogandeiro

A finalidade deste plan é desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector gandeiro galego facer uso das novas tecnoloxías, tanto na súa relación coa Administración como con terceiros, mellorando a explotación e a xestión da información en poder da Administración.

5.5.1.- Mantemento e evolución dos sistemas troncais de xestión do sector agropecuario e do FOGGA

Implementáronse melloras nos sistemas troncais do ámbito agropecuario. Entre elas destacan a evolución funcional e tecnolóxica do **sistema integrado de xestión e control de axudas, núcleo da xestión das axudas agrícolas europeas; a implementación das fases I e II do Rexistro de Explotacións Agrogandeiras de Galicia (REAGA); a implementación de novas** ferramentas de apoio aos traballos e inspeccións de campo na área vitícola para as axudas da PAC; o desenvolvemento dunha nova ferramenta integral de **xestión contable de pagamentos para o FOGGA (EEOP)**, incluíndo contabilidade de dereitos e pagamentos, rexistro de beneficiarios e servizo xurídico; o desenvolvemento e utilización nos sistemas corporativos da Xunta da **nova plataforma do MAGRAMA** de xestión de axudas directas (solicitude única) do novo período da PAC (incluíndo captura e xestión de axudas asimiladas de desenvolvemento rural) e adaptacións e integracións derivadas coas plataformas corporativas (sectoriais e horizontais).

Como datos que demostran a relevancia dos sistemas, no relativo ao sistema integrado no campo da gandería, existen actualmente 8,26 millóns de animais identificados individualmente cos seus correspondentes históricos; tramitouse telematicamente o desprazamento de 735.000 animais e 35.000 solicitantes pediron telematicamente axudas da PAC coa nova aplicación implantada. No relativo ás ferramentas de control en campo, a campaña do 2015 supón a inspección, esixida polos regulamentos comunitarios, de 122.000 recintos correspondentes a máis de 5.000 solicitudes de axudas (solicitude única). Por último, no tocante á xestión contable, supón a xestión de pagamentos de máis de 100 millóns de euros anuais de fondos FEADER (140 millóns de euros de gasto público total).

5.5.2.- Oficina Agraria Virtual (OAV)

Entre as actuacións máis relevantes levadas a cabo no 2015 na Oficina Agraria Virtual (OAV) poden mencionarse as melloras na usabilidade (visibilidade, recuperación de información,

disposición de elementos), a inclusión dun único documento de saneamento animal, a posibilidade de descarga de documentos de cualificación por explotación, o acceso dos matadoiros aos arquivos de animais sacrificados, a implantación dun sistema de alertas e avisos para os gandeiros e delegación e mais a alta de usuarios capataces e outros.

A OAV xestionou no 2015 un total de 773.000 peticións de servizos, entre as que se poden mencionar 436.000 altas por nacemento, 165.000 movementos de reses, 96.000 guías de veterinarios autorizados ou 29.000 duplicados de identificación.

5.5.3.- Mantemento e evolución de varios sistemas que dan soporte á xestión

Neste ámbito, no 2015 levouse a cabo:

- Implantación de novas versións da aplicación de xestión de mostras para as **Asociacións de Defensa Gandeira de Galicia (ADSGs)**, incluíndo a tramitación telemática (sede) das axudas das asociacións.
- Implantación de novas versións da aplicación de xestión dos **laboratorios de sanidade e produción animal de Galicia – LASAPAGA (MARIS)**, con especial relevancia á reestruturación tecnolóxica e implementación da sinatura dixital. No 2015 xestionouse telematicamente o 75 % das mostras que se analizan nestes laboratorios utilizando esta ferramenta.

5.5.4.- Seguridade e auditoría informática do FOGGA

Ademais, deuse **cumprimento ás obrigacións normativas do FOGGA**, en relación á xestión de fondos europeos agrícolas en materia de seguridade de sistemas de información (ISO 27002):

- Análise e Plan de tratamento de riscos; análise de impacto de negocio.
- Documento de seguridade e procedementos asociados.
- Revisión documental ISO/IEC 27002.
- Sesións de formación de seguridade en distintos niveis.
- Desenvolvemento e soporte do Comité de seguridade da CMRM.

- Soporte e atención á auditoría interna (Plan quinquenal de auditoría do FOGGA) e externa.

No 2015 cómpre salientar a implantación e achega documental dun Sistema de xestión de seguridade da información (SXI), segundo a norma ISO 27001:2013, nos eidos de contabilización e pagamento da Secretaría do FOGGA, como base para avaliar a súa extensión e certificación noutros ámbitos de actuación do mesmo (en liña coas recomendacións da Unión Europea).

5.5.5.- Desenvolvemento dun sistema de axuda á toma de decisións (BI) no sector de gandería

Desenvolvemento dun sistema de información baseado en plataformas de intelixencia de negocio que permita a análise da información do sector gandeiro para a **axuda á toma de decisións** e cuestións relativas á sanidade animal. Entre as áreas e informes incluídos poden referirse as especies animais sen identificación individual, animais sacrificados, superficies de explotacións e datos sanitarios.





5.6.- Impulsar a xestión integral dos recursos forestais

A finalidade deste plan está orientada a desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías, tanto na súa relación coa Administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía melloras na loita contra os incendios e na prevención destes.

5.6.1.- Desenvolvemento de servizos no sector forestal

- Mellora e consolidación do **sistema de comunicación web de cortas de madeira privadas (CORWEB)**, o que permitiu que un 18 % das solicitudes se tramitaran xa telematicamente (un total de 14.165).
- Adaptación do **sistema de xestión de axudas no monte (XAMON)** ás convocatorias e liñas de axuda tramitadas (liña 11 - primeira forestación, liña 12 - frondosas caducifolias e liña 15 - aproveitamentos forestais), o que permitiu xestionar 500 solicitudes
- Implantación do **Rexistro de empresas forestais (RESFOR)** para a inscrición e modificación telemática das empresas do sector, en conexión co Rexistro industrial de Galicia
- Desenvolvemento dun **sistema de presentación e administración de plan de ordenación e xestión forestal, elemento clave das novas políticas forestais da Xunta de Galicia, coa implementación dunha primeira versión piloto.**
- Desenvolvemento dunha ferramenta de **xestión das poxas e xestión de cortas de madeira públicas.** Actualmente en fase de validación.
- Desenvolvemento dunha **nova aplicación de sanidade vexetal e forestal (SAVIFOR) para a xestión das pragas forestais.** Actualmente en fase de validación.

5.6.2.- Desenvolvemento de servizos na loita contra os incendios forestais

- Modificación e soporte evolutivo das **aplicacións de xestión dos incendios** (queimas controladas, diario de lumes, inventario e infraestruturas, xestión de quendas, inventario, xeorrecursos, Xlumes/Xeocode).
- Afianzar o emprego da canle telemática, coma no caso dos restollos agrícolas amoreados para queimas, onde o 33 % dos mesmos son comunicados por vía telemática (106.000 comunicacións), porcentaxe que se eleva ata o 55 % incluíndo o sistema de voz automatizado (IVR).
- Atención de incidencias mediante un **Centro de Atención a Usuario específico (CAU-Incendios)**, reforzado durante a campaña de incendios (4 meses) con máis de 4.300 ordes de servizo e actuacións (incidencias, instalacións de medios e equipos informáticos e de radio-comunicacións, configuración equipamento TETRA,...) atendidas.
- Adaptación das aplicacións de xestión administrativas no eido de incendios: axudas (AXUL02), convenios e xestión de queimas.
- Migración gradual e **consolidación de servidores e aplicacións** na nova infraestrutura corporativa da Amtega (CPDi) dos servidores de incendios.
- Implantación dun novo **sistema de información** cunha arquitectura tecnolóxica actual que permita unha mellor eficiencia e a prestación de servizos acorde coas necesidades do dispositivo de **prevención e extinción de incendios**, posibilitando ademais a incorporación de novas funcionalidades, de acordo co PLADIGA. (Xeocode 2.0). En fase de validación actualmente
- Adquisición e configuración de terminais da rede de emerxencias dixital de Galicia (TETRA) como paso previo á súa implantación na campaña de incendios do 2016. Renovación dos posicionadores móbiles dos dispositivos de extinción.



5.7.- Potenciar a plataforma de xestión de servizos para o sector da pesca e do mar

Este plan oríentase a consolidar e impulsar os servizos que permitan ao sector do mar facer uso das novas tecnoloxías, tanto na súa relación coa Administración como con terceiros; mellorando os procedementos do sector a través do emprego das TIC.

5.7.1.- Desenvolvemento da plataforma de teleformación e do portal de formación para o sector do mar

- Implantación dun sistema integrado de **xestión das ensinanzas e titulacións náuticas** (XESTEN) co fin de optimizar o fluxo de traballo.
- Soporte das **aplicacións de xestión dos cursos e alumnos**, así como da súa integración coa ferramenta Moodle, que manexa os contidos dos cursos.
- Transferencia á infraestrutura corporativa do sistema de Bolsa de Emprego (BOTFA) do IGAFA - Instituto Galego de Formación en Acuicultura.

5.7.2.- Desenvolvemento de servizos no sector da pesca e do mar

- Mantemento e soporte evolutivo da **Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP), punto principal de** ferramentas de xestión e recollida de información do sector. A PTP procesou no 2015 3,4 millóns de notas de venda de pesca fresca. O portal pescadegalicia.gal superou as 100.000 visitas, cun incremento dun 11 % respecto do ano anterior.
- **Soporte e atención a usuarios do equipamento** e software de lonxas e confrarías que fan uso da contorna tecnolóxica periférica da PTP, cunha media de 150 partes de servizo/mes de mantemento correctivo (remoto e in situ).
- Soporte telemático para a emisión de documentos telemáticos de pesca nos terminais de autoservizo (TICPESC) situados en lonxas e confrarías. No 2015 instaláronse 24 novos terminais ata acadar un total de 56 ao longo da xeografía costeira galega.

- Desenvolvemento dun piloto de comercialización e poxa electrónica na lonxa de Fisterra, como punto de partida para a súa posterior extensión.
- Aplicación dun modelo de extracción analítica de información **(BI)** no eido da PTP.
- Mantemento da aplicación web que soporta a **xestión e difusión dos Grupos de Acción Costeira** (GAC), e análise dun novo sistema para o novo período FEMP.
- Desenvolvemento dunha nova aplicación para a xestión de partes da Subdirección Xeral de Gardacostas.
- Posta en funcionamento das webs promocionais de difusión de produtos do mar (Ponlle as pilas ao teu bocata, O sabor da aventura está no mar...), incluíndo a posta á disposición de apps nos mercados virtuais.
- Mellora e difusión da marca Pescaderías, de onde senón? (www.deondesenon.xunta.es) e extensión a novos puntos de comercialización da ferramenta de xestión da trazabilidade asociada a esta marca de calidade.
- Avaliación da integración de sistemas de pesada nos TICPESC, de acordo coa normativa comunitaria, en dous portos pesqueiros (Bueu e Portonovo). Pilotos en funcionamento.



6.1.- Plan de banda larga

Grazas ás actuacións de despregamento de redes de telecomunicacións desenvolvidas ata o momento pola Xunta, conseguiuase acadar unha **Comunidade plenamente conectada**, con posibilidade de acceso á banda larga de **cando menos 2 Mbps**, e que a **metade da poboación** dispoña de cobertura de redes de nova xeración de **ata 200 Mbps**.

Non obstante, a rápida evolución das tecnoloxías fai preciso, ademais dunha cobertura universal, velocidades de banda larga moito máis elevadas para garantir o acceso a novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais.

Por ese motivo **xorde o Plan de banda larga 2020 (PDBL2020)**, orientado a garantir que as redes de Internet de alta velocidade se desenvolvan e convertan nunha sólida base para promover a modernización da economía, o emprego e os servizos públicos dixitais, contribuíndo así ao crecemento de Galicia.

O PDBL2020 enmárcase na Axenda Dixital de Galicia 2020, asumindo o seu desafío de avanzar da conectividade á usabilidade, no sentido máis amplo, e establecendo os seguintes obxectivos:

- **Promover a innovación, a competitividade e produtividade** no tecido **empresarial**.
- Asegurar **maior eficacia e eficiencia dos servizos públicos**.
- **Posicionar á Comunidade como un lugar de referencia** na dispoñibilidade de acceso ás máis **modernas infraestruturas de redes de telecomunicacións**.

6.1.1.- Axudas para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia derivadas do PDBL

En 2015 **rematou a última das actuacións do Plan de banda larga 2010** coa **posta en servizo de novos emprazamentos de tecnoloxía 3G**. Concretamente, neste ano puxéronse en marcha 43 emprazamentos, e acadouse un incremento de cobertura de banda larga de cando menos 2 Mbps, con respecto ao ano 2014, de 6.441 habitantes.

Así, tras os traballos realizados en 2015, acadouse un total de 920 emprazamentos de banda larga sen fíos 3G grazas ao Plan da Xunta, dende os que se dota de cobertura 236.432 habitantes pertencentes a 10.810 núcleos obxectivo.

En total, contando cos despregamentos de redes de banda larga fixas e sen fíos realizados dende 2010, acadouse unha cobertura actual de Internet de cando menos 2 Mbps de máis do 98 % da poboación (máis de 2,7 millóns de galegos).

Así mesmo, con base no convenio asinado entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Amtega, realizáronse verificacións e comprobacións da calidade das redes de banda larga vía radio en 200 núcleos dos incluídos como obxectivo na acción de redes sen fíos do PDBL.

6.1.2.- Estratexia autonómica de banda larga PDBL 2020

O 1 de outubro de 2015 aprobouse o **Plan de banda larga de Galicia 2020** que asume os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa, que son: garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación, e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100 Mbps.

Previamente á definición do novo Plan de banda larga 2020, levouse a cabo unha **análise sobre a oferta e demanda da banda larga ultrarrápida en Galicia** (30 Mbps e 100 Mbps) co obxectivo de establecer a situación de partida que serve de base para a posterior definición da estratexia neste ámbito.

A análise consistiu nun proceso de consulta sobre a oferta e demanda destes servizos de Internet na Comunidade que permitiu coñecer o estado actual e as previsión de cobertura de redes ultrarrápidas dos distintos operadores, así como identificar os puntos de demanda de cada municipio.

Con toda esta información recompilada definiuse posteriormente a folla de ruta que se establece no PDBL2020 con medidas de acción estruturadas ao redor de tres itinerarios:

- **Itinerario 1 – INNOVACIÓN:** Promover o acceso á banda larga de alta velocidade para todos.

Poranse en marcha medidas de acción para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida coas que se dotará de cobertura de 30 Mbps á práctica totalidade da poboación, polígonos e parques empresariais, e de 100 Mbps a todos os núcleos de poboación de máis de 500 habitantes e máis da metade dos polígonos.

Neste senso, no ano 2015 comezouse a traballar na definición e alcance da convocatoria de axudas para a extensión de redes de nova xeración de 100 Mbps que se prevé poñer en marcha no próximo ano 2016.

- **Itinerario 2 – EFICIENCIA:** Garantir un contorno favorable para a extensión eficiente de redes.

Levaranse a cabo medidas facilitadoras e de coordinación que axilicen e incentiven o desenvolvemento das redes de telecomunicacións para garantir unha rápida e ampla extensión da banda larga de alta velocidade.

- **Itinerario 3 – INTELIXENCIA:** Favorecer a integración intelixente da sociedade na economía dixital.

En alíñamento coa estratexia autonómica de inclusión dixital, impulsaranse medidas para a capacitación dixital e aumento da percepción da utilidade dos servizos dixitais específicos para a cidadanía e empresas.

6.1.3.- Desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

Neste ano 2015 a actividade desta liña centrouse na elaboración do Decreto co que se garante que os edificios públicos estean dotados do equipamento preciso para ofrecer uns servizos dixitais de calidade coas máximas garantías de seguridade e dispoñibilidade.

Trátase dunha norma fundamental para poder avanzar cara aos edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas, energeticamente eficientes e adaptados a servizos en mobilidade.

Concretamente, o 5 de novembro de 2015 aprobouse en Consello de Xunta o envío a Consello consultivo do devandito **proxecto de Decreto polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia**.

Este decreto é o segundo desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

6.1.4.- Colaborar coas Administracións territoriais para crear un contorno máis favorable ao desenvolvemento das redes públicas de comunicacións electrónicas

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) púxose á disposición dos concellos galegos un **servizo de asesoramento sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación**.

Este equipo de traballo específico integrado por enxeñeiros de telecomunicación ofreceu soporte centralizado e permanente ás entidades locais para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan ás actividades das Administracións locais.

Nesta liña tamén se definiu unha **guía de recomendacións destinadas aos Concellos para a introdución das infraestruturas de telecomunicacións no planeamento municipal**.

As recomendacións foron elaboradas en vista das obrigatorioidades establecidas tanto pola Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, que esixe ter en conta as infraestruturas de telecomunicacións na normativa e instrumentos de planificación territorial e urbanística.

Esta guía trasladouse a todos os concellos da Comunidade e ademais, redactouse unha memoria técnica, con planos e información detallada, que sirva de exemplo para incorporar as infraestruturas de telecomunicacións nos instrumentos de planeamento.

6.1.5.- Xestión do Rexistro Demandantes (ReDe)

ReDe é unha ferramenta web de consulta que proporciona información sobre a cobertura de banda larga alcanzada coas actuacións de despregamento de redes de telecomunicacións desenvolvidas ata o momento pola Xunta.

Grazas a ReDe calquera cidadán pode facer uso do seu navegador web habitual para:

- Obter información sobre a cobertura de banda larga.
- Rexistrar demandas de banda larga.

Así, no ano 2015 levouse a cabo, por unha banda, a actualización da información contida en ReDe cos avances dos despregamentos 3G do Plan banda larga da Xunta acadados neste último ano, e ademais xestionáronse as demandas de cobertura de banda larga achegadas a través da ferramenta web.

Esta información recibida a través de ReDe permite levar a cabo un rexistro de puntos de demanda a nivel de núcleo, que son procesados e trasladados aos operadores nos casos que proceda co obxecto de perseguir a resolución do maior número de demandas de servizo.



<http://cobertura-pdbl.xunta.es/>

6.1.6.- Soporte para a execución e xestión integral do Plan banda larga

A Oficina do Plan de banda larga foi posta en marcha xa no ano 2010 cos obxectivos de centralizar e canalizar toda a información referente ao Plan, fomentar o avance homoxéneo das distintas actuacións en materia de telecomunicacións, e dotar todos os axentes implicados e persoas interesadas dun punto único de información.

Neste sentido, durante o ano 2015 continuou funcionando o servizo prestado pola Oficina do Plan de banda larga a través das seguintes tarefas:

- **Resposta á demanda de información referente ao Plan de banda larga** por parte de cidadáns, administracións (local, provincial e rexional), empresas e outros axentes implicados.
- **Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados coas telecomunicacións** a todos os axentes implicados e á propia cidadanía en ámbitos como normativa, solucións técnicas, instalación de redes, etc.
- **Soporte na coordinación, seguimento e control das medidas de acción derivadas do Plan.**





6.2.- Potenciación de Retegal como operador de vangarda

Esta actuación persigue dotar o operador público Retegal de máis medios e capacidades para convertelo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar o despregamento de banda larga na contorna rural, aproveitando toda a infraestrutura pública actual, e reducindo así os custos do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.

6.2.1.- Potenciación do operador público Retegal (A2) derivado do PDBL

No ano 2015 **completáronse as actuacións de despregamento definidas no ámbito do programa para a potenciación do operador público Retegal** co remate das accións asociadas á construción dun total de 28 emprazamentos que foron empregados no despregamento de redes de banda larga 3G do Plan.

Por outra banda, executáronse **dous proxectos sectoriais de infraestruturas de telecomunicacións que se basean na construción e posta en marcha de novos emprazamentos para Retegal**.

Deste xeito, Retegal conta xa cunha ampla rede de infraestruturas formada por un total de 281 emprazamentos e 1.855 Km de fibra óptica postos á disposición do resto de operadores de telecomunicacións para o despregamento de redes de banda larga sen fíos na contorna rural.

En concreto, ambos proxectos foron executados seguindo o Plan sectorial de Retegal, aprobado xa no ano 2013, que permite a planificación conxunta dos emprazamentos necesarios para aportar cobertura de redes de telecomunicación en zonas que carecen destes servizos, dun xeito máis eficiente (maximizando a cobertura e minimizando o impacto sobre a poboación e o territorio).



6.3.- Modernización das redes do sector público autonómico

Este programa persegue a optimización da xestión e contratación das redes do sector público autonómico a través de 4 subprogramas: “definición da arquitectura tecnolóxica das redes e servizos telco”, “mellora dos procesos de xestión e control do gasto”, “mellora de xestión dos servizos e redes de telecomunicación” e “a integración de redes na RCXG (rede corporativa da Xunta de Galicia)”.

Ademais, mediante este programa preténdese o impulso das infraestruturas de soporte da rede corporativa. Esta iniciativa consiste nunha serie de proxectos como a mellora da conexión dos xulgados ordinarios, mellorar a velocidade de acceso dos centros da rede corporativa da RCXG, aumentar a velocidade dos centros educativos do proxecto ABALAR ou mellorar as infraestruturas no CPD integral da Xunta de Galicia.

Por último, pretende a mellora dos servizos ofrecidos aos usuarios. Esta iniciativa inclúe proxectos como a instalación de liñas de apoio nos principais centros remotos, ou a mellora na seguridade coa reestruturación da electrónica de comunicacións do CPD de apoio.

6.3.1.- Centro de xestión de rede

Durante o ano 2015 continuouse coa prestación do **servizo de administración da rede corporativa**.

O CXR mantén a **certificación de calidade ISO 9001**.

6.3.2.- Cableames estruturados para a rede corporativa da Xunta de Galicia

Continuouse coa **subministración de cableames estruturados** para a rede corporativa da Xunta de Galicia.

Con base neste contrato realizáronse importantes **melloras do cableame en diversos edificios** administrativos, xulgados e centros de servizos sociais, bibliotecas, museos, e outros.

6.3.3.- Servizo de telecomunicacións

Continúa a prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa, incluíndo os servizos de datos, telefonía fixa e móbil.

Melloráronse as conexións dos distintos centros á rede corporativa, alcanzando **unha velocidade media de 79,98 Mbps**

a finais de 2015 (39,73 Mbps en 2014). Cómpre resaltar o aumento da velocidade de acceso dos **centros educativos**, xa que pasaron dunha velocidade media de 26,67 Mbps a finais de 2014 a unha **velocidade media de 58,65 Mbps** en 2015.

Ampliáronse a 200 Mbps **547 centros da rede corporativa**, dos cales 235 corresponden a centros educativos, e 8 a sedes xudiciais.

Ampliouse a tecnoloxía Cable Módem de 100 Mbps 3 centros da rede corporativa, dos cales 2 corresponden a centros educativos.

Támén se viron melloradas as velocidades de acceso de **656 centros da rede corporativa** con tecnoloxía ADSL, dos cales 87 pasaron a estar cubertos por VDSL de 30 Mbps, 55 con VDSL de 25 Mbps, 385 con ADSL/VDSL de 20 Mbps, 18 con VDSL de 15 Mbps, 1 con VDSL de 10 Mbps e 110 con ADSL 8 ou 4 M.

Adicionalmente, ampliouse a cobertura wifi en distintos centros administrativos, residencias, centros educativos, centros de menores e de servizos sociais e outros.

Durante o 2015 iniciouse a prestación do servizo do **novo contrato de telecomunicacións da rede corporativa** da Xunta de Galicia, que ten como alcance o servizo de telecomunicacións de datos, telefonía fixa e telefonía móbil dos usuarios e centros da Xunta de Galicia, así como doutros centros aos que a Xunta de Galicia lles proporciona servizo.

Os servizos do novo contrato entraron en funcionamento en 2015, destacando as seguintes melloras:

- Duplicase de media o largo de banda dos centros conectados á rede corporativa.
- Reducíronse en máis dun 60 % os custos de telefonía móbil, nun 44 % os de servizos de rede de datos e máis do 15 % en telefonía fixa.
- Integráronse no novo contrato as redes de datos do CIXTEC e da CRTVG, eliminando duplicidades, cos conseguintes aforros.
- Ampliouse a 10 xigas a capacidade do acceso a Internet da rede corporativa.

6.3.4.- Sinatura dun convenio co Ministerio de Educación e a entidade pública empresarial Red.es para a extensión do acceso a Internet dos centros educativos a 100 megas

No 2015 asinouse un convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación e a entidade pública empresarial Red.es, que conta cun orzamento total de 19,1 millóns de euros. Este convenio permitirá instalar conexións de 100 megas en 839 centros educativos ao longo de 2016 e 2017, e dotar estes centros dun acceso a wifi por cada 60 alumnos, de forma que ao longo dos dous vindeiros anos o 100 % dos centros públicos de Primaria e Secundaria contarán cunha conexión a Internet de, polo menos, 100 megas que favoreza a súa completa dixitalización e que poida ser empregada simultaneamente por docentes, persoal administrativo e alumnos sen esperas nin cortes.

6.3.5.- Plataforma de monitorización da rede corporativa

Durante o 2015 continuouse empregando a **plataforma de monitorización** baseada en software libre (Zabbix) implantada durante o 2013, que permite coñecer o estado operativo dos distintos equipamentos de conmutación e de encamiñamento que forman parte da rede, alertando de erros de forma automática.

Esta plataforma permite detectar con maior rapidez os problemas que se producen no equipamento da rede corporativa e contribúe a mellorar os tempos de resposta ante incidencias e, polo tanto, a dispoñibilidade da rede.

6.3.6.- Mantemento da electrónica de comunicacións e dos sistemas de alimentación ininterrompida

Durante o ano 2015 continuouse a prestar o servizo de mantemento da electrónica de comunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia, incluíndose este servizo no novo contrato de telecomunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia.

6.3.7.- Mellora das redes wifi da Xunta de Galicia

Para dar un mellor servizo aos usuarios das redes sen fíos nos edificios administrativos, con maior cobertura e velocidade, renovouse o equipamento hardware e software das redes wifi da Xunta de Galicia.

Adquiríronse novas controladoras, configuradas para operar en conxunto con outras controladoras xa existentes, o que permite nun modo de redundancia 2N dispoñer de capacidade para a xestión de ata 1536 puntos de acceso e 40.960 usuarios de modo simultáneo. Instaláronse ademais 400 puntos de acceso de nova xeración, que cumpren co estándar 802.11ac e soportan operar de modo simultáneo nas bandas de 2.4 e 5 Ghz, con antenas en ambas as bandas.

Tamén se implantou unha ferramenta de xestión que proporciona información completa do estado da rede, así como información dos usuarios (calidade da conexión, largos de banda, erros, etc).

6.3.8.- Ampliación dos sistemas de control de acceso aos equipos de comunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia

No 2015 implantouse, en 300 novos armarios de comunicacións de xulgados e edificios administrativos, un sistema de control de acceso para incrementar a seguridade física dos equipos de comunicacións.

Este sistema permite establecer unha comunicación de voz e vídeo co Centro de xestión da rede, e a apertura do armario, tras unha identificación válida da persoa que pretende acceder ao seu interior, deixando rexistro desta acción. Así mesmo, o sistema permite a monitorización remota do estado das portas dos armarios de comunicacións, coa posibilidade de envío de alarmas de portas abertas ao Centro de xestión da rede.

6.3.9.- Implantación de devasas de nivel 7 para a rede corporativa da Xunta de Galicia

Implantáronse devasas de nivel 7 para a securización da rede corporativa. A solución implantada permitirá identificar tipos de aplicacións independentemente do porto ou protocolo de transporte utilizado, identificar os usuarios independentemente de onde se conecten, e evitará que os problemas xerados polos usuarios na rede corporativa multiservizo (voz e datos) afecten os servizos publicados ao exterior.

6.3.10.- Mellora da rede de xestión da rede corporativa

Para garantir a dispoñibilidade dos servizos aloxados nas salas de comunicacións dos nodos da rede corporativa da Xunta de Galicia ampliouse a rede exclusiva de xestión fóra de banda independente dos equipos críticos, para dispor de acceso remoto de xestión a todos os equipos nodais.



6.4.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

A finalidade fundamental deste programa consistirá no despregamento dun servizo de comunicación de emerxencias que posibilita dispoñer dos medios adecuados para a resolución de situacións de urxencias ou de catástrofes.

6.4.1.- Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

Durante o 2015 realizáronse as probas de funcionamento e púxose en servizo a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

Esta rede integra nun mesmo sistema todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

No 2015 encomendóuselle a Retegal a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, e adheríronse á rede a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Ademais, amosaron o seu interese formal en adherirse á rede de emerxencias varios Consorcios para o Servizo contra Incendios e Salvamento, e 26 concellos, entre eles Vigo, Ourense, A Estrada, Redondela, Carballo, Fene, etc.

6.4.2.- Acordo marco para a subministración de terminais Tetra para a Xunta de Galicia

No 2014 licitouse e adxudicouse un acordo marco para a selección de subministradores, a fixación de prezos e o establecemento das bases que rexerán os contratos derivados de subministracións que posteriormente se formalicen, para a adquisición de terminais Tetra compatibles coa Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Emerxencia e Seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Durante o 2015 levouse a cabo a licitación e formalización de diversos contratos derivados de dito acordo marco, sendo o número total de terminais adquiridos a finais de 2015 polos distintos organismos da Xunta de Galicia a través destes contratos derivados 5.316 terminais.





Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación



7.2.- Coordinación coas axendas dixitais locais e apoio ás alianzas estratéxicas

A súa finalidade fundamental é aliñar as políticas TIC da Xunta de Galicia coas iniciativas locais en materia de sociedade da información para posibilitar a racionalización do gasto público, reducir as disparidades tecnolóxicas, o aproveitamento de sinerxías e aumentar a eficacia das actuacións.

Así, durante o 2015 impulsáronse as seguintes medidas que permitirán construír un marco apropiado para o desenvolvemento da economía do coñecemento en Galicia.

7.2.1.- Posta en marcha da elaboración da nova estratexia dixital de Galicia 2020

O 30 de abril do 2015 o Consello de Goberno aprobou a **Axenda Dixital de Galicia 2020**, unha estratexia coordinada e aliñada coas estratexias de ámbito nacional e europeo, para converter o escenario dixital que nos rodea no motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, solidaria e inclusiva, e á transparencia e participación cidadá.

A nova estratexia tecnolóxica de Galicia é o resultado do esforzo conxunto de toda a Administración galega, así como dos axentes económicos e sociais e mesmo da propia cidadanía que participaron na súa elaboración.

Tomando como base os logros acadados no ámbito tecnolóxico en Galicia nos últimos anos, a Axenda Dixital de Galicia 2020 establece **cinco liñas estratéxicas** que se reforzan mutuamente construíndo a **VEREA na que avanzar**:

- **Valorización da Administración:** promoverase unha Administración dixital innovadora que responda e se adiante ás expectativas da sociedade, aproveitando as novas oportunidades que brinda a tecnoloxía (Big Data, mobilidade, interoperabilidade...).
- **Énfase na vida dixital:** avanzarase para consolidar o modelo educativo na contorna dixital, favorecer servizos dixitais avanzados no eido do benestar e da sanidade e facilitar habilidades dixitais a toda a cidadanía.

- **Aceleración da economía dixital:** impulsarase a dixitalización empresarial en sectores estratéxicos para avanzar cara a unha nova situación económica, con máis emprego, industria, calidade, talento e innovación.
- **Estímulo ao crecemento do sector TIC:** apoiarase a colaboración e a cooperación entre a iniciativa pública e privada para conformar un ecosistema dixital galego forte capaz de xerar solucións de gran valor engadido.
- **Articulación dixital do territorio:** favorecerase non só a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible, senón tamén para coñecer información que permita, en caso de ser necesario, actuar de xeito intelixente.

Incorpora como un eixe fundamental a sustentabilidade, introducindo, máis aló de criterios de eficiencia e redución de custos, as pancas para potenciar a capacidade transformadora das TIC e a mellora da efectividade do investimento público.


A execución da Axenda Dixital de Galicia 2020 constitúese como o maior investimento en materia TIC na Comunidade, cunha dotación pública de máis de 950 millóns de euros no período 2015–2020 que permitirá mobilizar máis de 1.550 millóns de euros entre capital público e privado.

7.2.2.- Coordinación de actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia

Durante este ano continuouse cos traballos e a posta en marcha dos mecanismos precisos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas desenvoltas no marco da Axenda Dixital:

- **Vixilancia tecnolóxica:** actividades de investigación co obxecto de coñecer as noticias, informes e publicacións que poidan ter un impacto directo e decisivo no desenvolvemento dos programas da ADG.
- **Comunicación:** soporte a todas as actividades relacionadas coa comunicación (rondas de prensa, discursos, etc.).

- Avaliación e seguimento das actuacións en materia de S.I.: tarefas de soporte ao seguimento, control técnico, xestión e control orzamentario.
- Xestión e seguimento de todas as actividades da ADG: seguimento da evolución dos proxectos da Axenda Dixital de Galicia.
 - » Balance 2009–2014.





7.3.- Colaboración e acción coas entidades locais:

Dentro das actividades de relación coas entidades locais inclúese a evolución do portal EidoLocal, e o mantemento do catálogo de servizos compartidos.

7.3.1.- Desenvolvemento e mantemento de servizos no portal EidoLocal

En 2015 continuouse co mantemento evolutivo do portal EidoLocal coa incorporación de novas áreas de información ou temáticas, entre as que destacan:

- Renovación da estrutura e contidos do portal.
- Renovación das áreas de habilitación local e espazos de difusión de novas iniciativas.
- **Renovación integral do proceso de envío de documentación á Xunta.**

A área privada do portal ten **máis de 3.700 usuarios** rexistrados no 100 % das EELL.


7.3.2.- Catálogo de servizos compartidos coas EELL

Dentro do catálogo de servizos compartidos ou iniciativas comúns, entre as novas ou con cambios salientables, destacan as seguintes:

- Difusión de **Emprende En 3**, iniciativa do Goberno de España, coa colaboración das Comunidades Autónomas e a FEMP, para axilizar os trámites de creación de empresas e outras comunicacións relacionadas cos/as emprendedores/as e as Administracións públicas no ámbito local, mediante servizos de Administración electrónica. Asinouse o Protocolo xeral entre o Ministerio de Facenda e Administracións públicas, a Xunta de Galicia, a FEMP e a FEGAMP para a Promoción e Fomento da Utilización da plataforma Emprende en 3 (EE3). Así, co obxectivo de promover a adhesión das EELL á plataforma Emprende en 3, desde a Xunta de Galicia (Amtega) ofrécese información sobre a adhesión e o acceso á plataforma.
- **Plataforma LEAL** para o impulso da licitación electrónica nas entidades locais. Permite xestionar por vía electrónica o proceso completo de licitación a EELL e licitadores, coas vantaxes de dispoñibilidade, seguridade, rapidez e transparencia que ofrece a licitación electrónica. 5 entidades locais déronse de alta na plataforma, publicando 534 procedementos.
- **Espazo de transferencia local.** Este espazo, froito da colaboración da Dirección Xeral de Administración Local (DXAL), a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), nace coa dobre finalidade de dotar os entes locais dunha plataforma para cumprir coas obrigas de publicidade que lles esixe a Lei de transparencia e facilitar á cidadanía unha ferramenta de consulta da información relativa á actividade da Administración local.
- **Transición a Camerfirma.** Debido ao cambio de provedor dos servizos de acreditación dixital no contrato corporativo da Xunta de Galicia, do que tamén son usuarias aquelas entidades locais que o soliciten, abórdase o proceso de coordinación coas EELL para facer esa transición. Supón a coordinación da migración de máis de 18 oficinas de rexistro de oficinas de acreditación.

O seguinte gráfico recolle o uso dos servizos coas EELL.

Actuacións en concellos por tipo de servizo e provincias (Pontevedra Ourense Lugo A Coruña)



7.3.3.- Ademais...

- Celebración da **Xornada para Entidades Locais (EELL)**, de cooperación para o desenvolvemento da Administración electrónica, celebradas o 15 de marzo de 2015, nas que se introduce o arquivo dixital integrado.



7.5.- Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia

A finalidade deste organismo é analizar, comparar, seguir e divulgar os datos relacionados coa sociedade da información en Galicia e coa modernización das administracións públicas.

7.5.1.- Actuacións do Observatorio da sociedade da información e a modernización (OSIMGA)

- Publicación de 40 **informes** e seguimento de 780 **indicadores** sobre equipamento e uso das TIC pola poboación, empresas, sector TIC e Administración pública.
- Apertura de novas liñas de estudos: novos perfís dixitais e innovación social dixital.
- 5 operacións e actividades estatísticas incluídas no Plan galego de estatística 2012-2016: “As empresas TIC de Galicia”, “O sistema de indicadores da SI” e “A Administración electrónica na Xunta de Galicia”, “A Administración electrónica nos concellos de Galicia” e o propio Observatorio.
- Actualización continua do portal web coa publicación de 873 **análises e noticias**.
- Resolución de demandas de información sobre a sociedade da información en Galicia.
- Colaboración e intercambio de experiencias con administracións, observatorios, organismos e entidades, tanto de ámbito autonómico como estatal.

Para optimizar a recollida dos datos sobre penetración das TIC nos fogares e empresas galegas que o OSIMGA emprega nos seus informes, asinou-se un **convenio entre a Xunta de Galicia e o Instituto Galego de Estatística**. Como froito deste acordo tamén se recolle un módulo específico sobre as novas tecnoloxías nos fogares galegos no estudo “Condicións de vida das familias” do IGE.

O portal web da OSIMGA **recibiu case 100.000 visitas de preto de 57.000 visitantes distintos, un 20 % máis que o ano anterior**, e conta con máis **de 2.200 subscritores** ao seu boletín semanal de actualidade.

7.5.2.- Apertura de novas liñas de estados temáticos

En 2015 elaboráronse varios monográficos, entre os que cabe destacar:

Novos perfís dixitais

A Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada polo Consello da Xunta do 30 de abril, contribuírá a xerar unha economía dixital forte en Galicia. Para iso, estableceranse obxectivos específicos que aumenten a capacidade produtiva das empresas a través de profesionais TIC que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras; e a consolidación dun hipersector TIC competitivo e innovador, que impulse a xeración de emprego cualificado e o desenvolvemento do resto dos sectores estratéxicos de Galicia.

Esta liña tomará relevancia no próximo período 2015-2020 coa posta en marcha do Programa TransformaTIC e das iniciativas derivadas do Pacto tecnolóxico dixital.

No marco do Programa Transforma TIC, desenvolveuse un estudo que pretende ofrecer unha análise do perfil de candidatos que as empresas demandan hoxe en día, que son necesarios para que as organizacións poidan adaptarse aos constantes cambios que afectan aos diferentes ámbitos do mundo dixital, e poder deste xeito, aproveitar as grandes oportunidades da economía dixital.

Avanzando cara a un ecosistema de innovación social dixital en Galicia: Mapa de innovación social dixital

Este estudo temático desenvolveuse en colaboración coa unidade de Voluntariado dixital, dependente de Amtega.

Os obxectivos deste estudo son identificar as organizacións e entidades que traballan neste ámbito en Galicia e os principais proxectos de innovación social dixital.

7.5.3.- Pleno do OSIMGA e Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2015 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado polo **Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia** (OSIMGA), o órgano que avalía anualmente a xestión do OSIMGA.

O Pleno do Observatorio, presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia, está integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades, sindicatos, patronal, así como personalidades de recoñecido prestixio en materia de sociedade da información e de modernización administrativa.

No Pleno do OSIMGA, celebrado en maio de 2015, presentouse o balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal e avalíouse o estado da sociedade da información en Galicia a través dos principais datos estatísticos.

Segundo o compromiso de información expresado na elaboración da Axenda Dixital de Galicia, 2014.gal, preséntase anualmente un balance anual de actividades relacionadas coas distintas liñas estratéxicas que a compoñen, así como datos de indicadores de avance da sociedade de información en Galicia, dos orzamentos investidos, etc. En resumo, trátase dun documento onde atopar toda a actividade da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento da Axenda Dixital, os seus plans e programas, e tamén os resultados conseguidos.

5 Instrumentos de colaboración e desenvolvemento normativo

Durante o exercicio de 2015 a Amtega formalizou 38 acordos con institucións públicas e privadas, asociacións e colexios profesionais para desenvolver actuacións nos diferentes ámbitos da sociedade da información.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das TIC, debe garantir a posibilidade de participación das Consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliñar esforzos de todo o Goberno e a Administración da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, dentro dos seus ámbitos de actuación, a Amtega ten como obxectivo promover a participación e colaboración da Administración pública autonómica co sector privado –tanto de empresas como doutras entidades que dan soporte ás TIC e á innovación– no ámbito da sociedade da información.

Polo tanto, a Amtega constitúese como o principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información, formación, difusión e concienciación social neste eido.

As anteriores circunstancias implican a necesidade de impulsar o desenvolvemento normativo no ámbito das TIC e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a articulación de acordos nos que queden establecidas todas as condicións, obrigas e compromisos das partes.

A continuación preséntanse os acordos e convenios de colaboración que a Amtega subscribiu, as encomendas que realizou a outros organismos e entidades, así como o desenvolvemento normativo levado a cabo durante o ano 2015.





Convenios e acordos con departamentos da Administración pública galega

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica para a coordinación de actuacións de impulso de Empresa Dixital e Industria 4.0. 22/12/2015
- Convenio de colaboración entre a Escola da Administración Pública de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o fomento de actividades de formación, divulgación e investigación. 02/01/2015
- Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Escola da Administración Pública de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o fomento de actividades de formación, divulgación e investigación. 04/05/2015
- Protocolo xeral entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a Comunidade Autónoma de Galicia, a Federación Española de Municipios e Provincias e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a promoción e fomento da Plataforma Tecnolóxica de Información “Emprende en 3”. 16/06/2015
- Convenio multilateral de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es para a extensión do acceso á banda larga ultrarrápida dos centros docentes españois. 16/12/2015
- III Addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no campo da Administración local. 16/12/2015
- Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Concello de Santiago para compartir as infraestruturas de telecomunicacións. 04/02/2015
- Acordo de colaboración entre a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento da posta en marcha do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo. 17/02/2015
- Acordo de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de novas funcionalidades para o sistema de información de soporte á tramitación da renda de integración social de Galicia da Consellería de Traballo e Benestar. 02/03/2015
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade de realización de proxectos de mellora de calidade da Plataforma Tecnolóxica de Pesca. 04/05/2015
- Addenda ao Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Secretaría Xeral da Presidencia para o desenvolvemento de novos sistemas de información e de novas funcionalidades para Oficina Agraria Virtual da Consellería do Medio Rural e do Mar. 19/03/2015

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para levar a cabo a execución de diversas actuacións para a mellora da dispoñibilidade e eficiencia enerxética do Centro de proceso de datos integral da Xunta de Galicia. 26/05/2015
- Acordo entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o inicio da prestación do servizo de interoperabilidade do certificado de discapacidade. 09/07/2015
- Acordo entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o inicio da prestación do servizo de interoperabilidade do título de familia numerosa. 09/07/2015
- Acordo entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o inicio da prestación do servizo de interoperabilidade do certificado galego de asimilación á familia numerosa. 09/07/2015
- III Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Asesores Educación). 24/08/2015
- II Addenda ao convenio de colaboración de natureza patrimonial entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como consecuencia da situación da sede da Amtega no edificio denominado “Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia e no “Centro de Procesos de Datos Integral” na Cidade da Cultura de Galicia. 30/09/2015
- Addenda ao acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a dotación de tecnoloxías de información e comunicación no ámbito da Medida 511 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). 02/10/2015
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a realización de proxectos de mellora da calidade da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e de diferentes portais web. 03/12/2015
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade do desenvolvemento dunha nova web e unha aplicación de soporte á xestión das GALPs e as axudas concedidas ao abeiro das súas EDLP. 07/12/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, o Instituto Galego de Promoción Económica e o Centro Informático para Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable para a actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia. 09/12/2015
- Acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade do desenvolvemento dunha nova funcionalidade para a xestión (outorgamento e renovación) das habilitacións para a extracción dos recursos específicos, así como para o desenvolvemento e seguimento dos Plans de xestión destes recursos. 09/12/2015
- II Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia 17/12/2015



Convenios con outras Administracións e entidades públicas ou público-privadas

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Everis S.L.U para a elaboración do Estudo dos factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos e matemáticos en Galicia. 26/01/2015



Convenios con federacións, asociacións e colexios profesionais

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia. 10/04/2015
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para a supresión de barreiras de comunicación. 30/04/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e as asociacións galegas de usuarios de software libre, para o desenvolvemento do software libre en Galicia. 13/05/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia. 13/5/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de empresas e sociedade para a posta en marcha de actuacións para o fomento da innovación social dixital en Galicia. 18/3/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia. 10/04/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información. 16/4/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia para a posta en marcha de actividades para o fomento da sociedade da información. 16/4/2015
- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria de Galicia para o apoio ás actividades en materia de software libre. 13/5/2015



Encomendas

- Resolución do 19 de xaneiro de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pola que se encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. 19/01/2015
- Resolución do 5 de febreiro de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pola que se encomenda á Axencia Galega de Innovación a xestión de determinadas actuacións relacionadas coa promoción e desenvolvemento da sociedade dixital en Galicia. 05/02/2015
- Resolución do 27 de maio de 2015 pola que se modifica a resolución do 19 de xaneiro de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. 27/05/2015
- Resolución do 29 de maio de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pola que se modifica a Resolución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pola que se acorda encomendar á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., determinados servizos para o desenvolvemento das redes troncais de transporte e infraestruturas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Plan de banda larga 2010-2013. 29/05/2015
- Resolución do 27 de outubro de 2015 pola que se modifica a resolución do 19 de xaneiro de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia pola que se encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. 27/10/2015



Desenvolvemento normativo

- Decreto 74/2015, do 13 de maio, polo que se regula a organización da presenza en Internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio de nivel superior .gal.
- Orde do 3 de marzo de 2015 pola que se nomea vogal do Consello Reitor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en representación da Secretaría Xeral da Presidencia.

2105

